

# **A insignia vermella do valor: Un episodio da guerra civil**

Stephen Crane

Tradución de Laura Sáez



# Stephen Crane

## A insignia vermella do valor: Un episodio da guerra civil

Versión galega de Laura Sáez

### Capítulo 1

O frío afastábase da superficie da terra con reticencia e as néboas en retirada revelaban un exército que descansaba espaxado polos outeiros. Mentres a paisaxe ía mudando do ton pardo ó verde, o exército espertaba e comezaba a tremer ansioso co murmurio dos rumores. Pousaba a ollada nos camiños, que deixaran de ser longos regatos de lama líquida para formar auténticos corredores. Un río tinxido de ámbar baixo a sombra das súas beiras rumiaba ós pés do exército, e pola noite cando a corrente se convertía nunha negrura apesurada, podíanse albiscar do outro lado, coma se fosen ollos, os relampagos vermellos dos lumes dos acampamentos inimigos ós pés de outeiros distantes.

Unha vez, un certo soldado alto desenvolvera certas virtudes e dirixírase con decisión a lavar unha camisa. Volvera do regato correndo e ondeando a roupa coma se fose unha bandeira. Andaba todo fachendoso por conta dun conto que lle escoitara a un amigo de confianza, que llo escoitara a un sincero soldado de cabalaría, que llo escoitara a un seu irmán que era de fiar, que viña sendo un dos ordenanzas no cuartel da división. Adoptou o aire de importancia dun heraldo vestido de ouro e carmín.

-Mañá poñémonos en marcha... Desta vai -dixo, dirixíndose con pomposidade a un grupo que estaba parado nun dos corredores da compañía-. Imos río arriba, e cruzamos pa' logo aparecérmolles por detrás.

Ante aquela atenta audiencia, relatou en voz alta un elaboradísimo plan dunha campaña brillante. Cando rematou, os homes coas súas prendas azuis espaxáronse a discutir en pequenos grupos entre as fileiras que formaban as encrequenadas barracas marróns. Un cocheiro, un mozo negro que ata entón se dedicara a bailar sobre unha caixa de víveres animado polo rebumbio e berros de decenas de soldados, quedou só. Daquela sentouse, tristeiro. Da multitude de estrañas chemineas abrollaban fíos de fume que ondeaban vagarosamente.

-Éche unha trola! Si, ho... Unha trola com'un mundo! -dixo outro soldado en voz alta. A súa cara de pel suave tornara roxa e chantara as mans nos petos dos pantalóns con xenio. Tomara o asunto coma unha afronta persoal-. Dígoch'eu que este exército do carallo non se vai mover nunca. 'Tamos paraos. Xa m'apurei pa' poñérmonos en marcha oito veces nas últimas dúas semanas, e aquí seguimos, sen movérmonos.

O soldado alto sentiuse no deber de defender a veracidade daquel rumor que el mesmo trouxera ó acampamento. Este e o soldado chión case chegaron ás mans a conta deste asunto.

Un cabo comezou a xurar diante da multitude. Contou que acababa de instalar un custoso chan de madeira na súa barraca. No comezo da primavera abstivérase de engadirlle luxos ás comodidades do seu habitáculo, pois pensaba que o exército podería poñerse en marcha en calquera momento. Porén, ultimamente xa era da opinión de que quedarán nunha especie de acampamento eterno.

Moitos dos homes enguedelláronse nun debate enérxico. Un deles describira dunha maneira especialmente lúcida todos os plans do xeneral ó mando. A este opuxéronse aqueles outros que afirmaban que os plans de campaña non eran tales. Todos berrábanse os uns ós outros, mentres algúns tentaban inutilmente atraer a atención da multitude. O

**A insignia  
vermella do valor:  
Un episodio da  
guerra civil**

Stephen Crane

Tradución de Laura Sáez



soldado que comezara o rumor andaba de aquí para alá dándose moita importancia mentres os demais o asaltaban continuamente con preguntas.

-Que pasou, Jim?

-Que o exército se vai poñer a andar.

-Vai d'aí, ho! Por que o sabes?

-Mi', pódeme crer ou non, como che pete. Tanto che me ten.

Había moito que debullar na maneira en que respondía. Case acabou por convencelos á forza de negarse a presentarlles probas. Eles cada vez sentíanse mais desacougados.

Había un soldado noviño que escoitara con ansiedade as palabras do soldado alto e os comentarios variados dos seus camaradas. Logo de oír unha chea de discusións sobre marchas e ataques, dirixiuse ó seu barracón e arrastrouse por un furado intricado que facía de porta. Quería quedar a soas cuns pensamentos que ultimamente lle daban voltas na cabeza.

Deitouse nunha ampla liteira que chegaba ata o fondo do cuarto. Do outro lado, unhas caixas de vituallas facían a función de mobles, agrupadas arredor da lareira. Nas paredes feitas de troncos penduraran unha foto dunha revista e había tres rifles dispostos en paralelo colgados duns ganchos. Os seus equipamentos descansaban nuns andeis que lles quedaban ó alcance a man e había uns pratos de lata sobre uns anacos de leña. O teito consistía nunha tenda dobrada que lle proporcionaba ó cuarto unha cor tenue amarelenta cando a luz do sol do exterior chocaba contra ela. Unha ventá pequena proxectaba en liña oblicua un recadro de luz máis branca sobre o chan ateigado de cousas. O fume da lareira esquecía por veces a cheminea de arxila e daba en formar remuíños polo cuarto, e mentres, a feble fumeira de paus e arxila ameazaba constantemente con prenderlle lume a todo o establecemento.

O rapaz estaba sumido nun breve transo de asombro. Así que por fin ían pelexar. Ó día seguinte, se cadra, habería unha batalla, e el estaría nela. Por un momento tivo que obrigarse a si mesmo a facer un esforzo para poder crelo. Non podía aceptar con seguridade un fado que ditaba que había de mesturarse nun daqueles grandes asuntos mundanos.

Abofé que soñara coas batallas toda a súa vida, conflitos indefinidos e sanguentos que o emocionaran polas súas dimensións e o seu lume. Na súa imaxinación vírase en moitas loitas. Imaxinara xentes buscando protección baixo a sombra das súas agudas proezas. Pero mentres estaba esperto as batallas parecíanlle manchas carmesí nas páxinas do pasado. Para el eran cousas dun tempo antigo, no que imaxinaba pesadas coroas e enormes castelos. Pensaba que había unha parte da historia do mundo na que tivera lugar aquel tempo de guerras, pero aquilo, pensaba, xa se perdera máis alá do horizonte e desaparecera para sempre.

Desde o seu fogar, os seus ollos novos contemplaran a guerra no seu propio país con desconfianza. Debía ser algún asunto relacionado cun xogo. Xa había moito que desistira da idea de poder presenciar unha loita coma as dos gregos antigos. Non habería máis desas, dixeran. Os homes eran agora mellores, ou máis temerosos. A educación segrar e relixiosa fixeran desaparecer aquel instinto de agarrárense pola gorxa, ou se cadra, sería que as firmes economías mantiñan as paixóns a raia.

Varias veces ardera co desexo de alistarse. As historias dos grandes movementos conmovían o país, e pode que non fosen especialmente homéricas, pero parecíalle que había moita gloria nelas. Lera sobre as marchas, os sitios, os conflitos, e desexara velo todo. A súa mente doente mostráralle grandes imaxes de cores extravagantes de rechamantes fazañas que o deixaban sen alento.

Pero a súa nai quitárallo de cabeza. Finxira ollar cun aquel de desdén as calidades do seu ardor guerreiro e o seu patriotismo. Podía sentarse con calma e, sen aparente dificultade, comezaba a relatarlle unha ladaiña de centos de motivos polos que era moito máis importante na granxa que no campo de batalla. Tiña unha forma de falar especial que suxería que os seus enunciados sobre aquel tema procedían dunha fonda

convicción. Ademais, xogaba da súa banda a convicción do fillo de que os motivos éticos da nai na discusión eran irrefutables.

Porén, finalmente decidira rebelarse con firmeza contra aquela luz de cera que lanzaran sobre a cor das súas ambicións. Os xornais, os murmurios da vila, as súas propias imaxes mentais excitáranos ata un punto de desenfreo. Era verdade que estaban loitando moi ben por alá. Case cada día o xornal publicaba relatos dunha vitoria decisiva.

Unha noite, mentres estaba deitado na cama, os ventos arrastraran canda el o resón da campá da igrexa mentres algún entusiasta turraba da corda con frenesí para recontar as novas distorsionadas dunha gran batalla. Esta voz das xentes gozando na noite fixérao tremer nunha prolongada éxtase de emocións. Máis tarde, baixara ata o cuarto da súa nai e díxerlle isto:

-Madre, voum'alistar.

-Henry, non sexas parvo-, respondéalle a nai. Logo cubrira a cara coa colcha. O debate acabara por esa noite.

Pero á mañá seguinte marchara a unha vila que quedaba próxima á granxa da súa nai e alistárase nunha compañía que estaba a formarse alí. Cando volveu á casa, a súa nai estaba muxindo a vaca pinta. Outras catro esperaban.

-Madre, alistínme-, díxolle con timidez.

Houbo un silencio breve.

-Que se faga a vontade de Deus, Henry-, contestoulle finalmente, e seguiu muxindo a vaca pinta.

Mentres estaba parado no limiar da porta, coa roupa de soldado ás costas, e nos ollos o brillo da emoción e a expectación, case máis forte có ronsel do remordemento por abandonar os brazos do fogar, vira como dúas bagoas marcaban regueiros nas fazulas curtidas da súa nai.

Porén, a súa nai decepcionáralo ó non dicirlle nada semellante a se había de volver co escudo na man ou sobre el. Preparárase en privado para unha escena fermosa. Preparara algunhas frases que pensara que podería utilizar para teren un efecto emotivo. Pero as súas palabras estragáronlle os plans. Ela pelaba patacas con obstinación mentres se dirixiu a el desta maneira:

-Ándateme con ollo, Henry e cóidateme nesta historia da guerra... Ándateme con ollo e cóidateme ben. E non penses que podes con todo o exército rebelde á primeira, porque non podes. Ti es só un homiño entre todos os demais, e tes que 'tar calado e facer o que che manden. Ben sei como es, Henry.

Fíxenche oito pares de carpíns, Henry, e metínche as mellores camisas, porque quero có meu rapaz vaia tan quente e cómodo como os demais alí no exército. Se che se furan, quero que mas mandes inmediatamente, p'amañarchas.

E ándateme con ollo, a ver con quen me andas. Haiche moito maleante no exército, Henry. O exército faínos uns salvaxes, e non hai nada que máis lles preste que andar a enlear un rapaciño novo coma ti, que nunca 'tivo fóra da casa e sempre 'tivo canda a nai, e andar a ensinarlles a beber e a xurar. Ándame lonxe desas xentes Henry. Non quero que faigas nada, Henry, do que te avergoñarías de contarme. Ti pensa que che estou a mirar o que fas. Se lembrás sempre todo isto, supoño que che pode ir ben.

E tes que lembrar sempre o teu pai tamén, fillo, e lembrar que nunca bebeu unha pinga de licor na vida e poucas veces ceibou un xuramento.

Non sei que máis che dicir, Henry, de non ser que por min non tes que escapar do perigo nunca, rapaz. Se chega un momento no que tes que morrer ou facer algo que non 'tá ben, pois, Henry, non penses en nada máis que o que ta ben, porque hox'en día haiche moitas mulleres que teñen que apañar con esas cousas, e Deus vai ter conta de nós.

Non esquezas os carpíns e as camisas, fillo; e metínche un bote de marmelada de amoiras no fardo porque sei que che é o que máis che gusta. Adeus, Henry. Ándame con ollo e pórtate ben.

Era claro que el escoitara con impaciencia durante o martirio deste discurso. Non fora exactamente o que esperaba, e aturáralo cun aquel de enfado. Marchou sentindo un lixeiro alivio.

Porén, ó mirar cara atrás desde a cancela do valado, vira a súa nai axeonllada entre as tonas das patacas. Tiña o rostro moreno erguido e cheo de bágoas e o seu corpo enxoito tremía. El baixou a cabeza e seguiu, sentíndose de súpeto avergoñado polas súas intencións.

Da casa marchara cara ó seminario para despedirse de moitos compañeiros de escola. Unha vez alí, rodeárono con asombro e admiración. Daquela decatouse do abismo existente entre eles e inchárase dun modesto orgullo. El e algúns dos seus compañeiros que tamén puxeran a vestimenta azul víronse asolagados con todo tipo de afagos durante toda a tarde, o que lles causara unha sensación moi agradable. Os rapaces paseáranse con fachenda.

Había unha rapaza de cabelo claro que fixera ostentosa burla do seu espírito marcial, pero houbera outra, e de cabelo máis escuro, á que el que ollara fixamente e que lle parecera que tornara tímida e triste ó fixarse no seu uniforme azul e nas insignias. Cando baixaba polo camiño entre as ringleiras de carballos, virara a cabeza e atopáraa nunha fiestra observando a súa marcha. Ó fixarse nela, ela dirixiu a ollada inmediatamente cara arriba a través das altas pólas das árbores cara ó ceo. El decatárase do nerviosismo e da rapidez nos seus movementos mentres cambiaba de postura. Pensaba naquel momento moitas veces.

De camiño a Washington o seu espírito voara. As xentes alimentaron e coidaron tanto do rexemento estación tras estación que o rapaz acabou por crer que debía de ser un heroe. Houbera un fastoso gasto de pan e embutidos, café e conservas e queixo. Mentres gardaba no peto os sorrisos das rapazas e recibía palmadas no lombo e gabanzas dos vellos, sentía medrar dentro del a forza para realizar poderosas fazañas guerreiras.

Logo de complicadas viaxes con moitas paradas, chegaran meses de vida monótona nun acampamento. Ata entón, pensara que a guerra de verdade era unha serie de loitas a morte con pouco tempo entre elas para durmir e comer; pero desde que o seu rexemento chegara ó campo, o exercito non fixera moito máis que quedar sentado e tentar manterse quente.

Daquela volveu devagar ás súas vellas ideas. Non habería máis loitas coma as dos gregos antigos. Os homes eran agora mellores, ou máis temerosos. A educación segrar e relixiosa fixeran desaparecer aquel instinto de agarrárense pola gorxa, ou se cadra, sería que as firmes economías mantiñan as paixóns a raia.

Chegara ata o punto de verse a el mesmo como parte dunha ampla marea azul. A súa responsabilidade residía en preocuparse, ata onde podía, pola súa comodidade persoal. O seu divertimento consistía en facer círculos cos polgares un arredor do outro mentres especulaba arredor das ideas que debían andar a remoerlles nas mentes dos xenerais. Amais diso, facían prácticas e máis prácticas e pasaban revista, e prácticas e máis prácticas e máis revista.

Os únicos inimigos que chegara a ver foran os homes dalgunha patrulla de recoñecemento pola beira do río. Era un grupo de homes morenos, cun aquel filosófico, que ás veces lles disparaban ós da patrulla de recoñecemento azul coma se fose un acto reflexo. Cando despois lles berraban polo que acababan de facer, polo xeral mostrábanse apesarados e xuraban por todos os deuses que as armas disparáranse sen o seu permiso. O rapaz chegou a conversar unha noite de garda cun deles co regato por medio. Era un home cun aspecto algo esfarrapado que cuspiá con puntería entre os zapatos e mostraba unha enorme confianza insulsa e infantil. O rapaz caeulle ben.

-Ei, ianqui -dixéralle o outro-. Es un tipo caralludo.

Este sentimento que lle chegara flotando a través do aire quedo fixéralle condenar a guerra por un instante.

Algúns veteranos contáranlle historias. Uns falaban de hordas de cor gris de homes de grandes patillas que marchaban ceibando incesantes xuramentos e mascando tabaco cun

valor inefable; corpos enormes de feros soldados que arrasaban o chan que cruzaban, coma os hunos. Outros falaban de homes esfarrapados e eternamente esfameados que disparaban con pólvora abatida. “Eses disparan contra o lume e o xofre do inferno por un macuto, e eses estómagos non che duran moito”, dixéranlle. De todas aquelas historias, o rapaz imaxinaba os ósos vermellos e aínda vivos protuíndo a través das esgazaduras nos uniformes esvaecidos.

Aínda así non debía crer ás cegas as historias dos veteranos, posto que os recrutas eran a súa presa. Falaban moito de fume, de lume e de sangue, pero non sabería dicir canto de todo aquilo serían mentiras. Sempre lle andaban a berrar: "Peixe fresco!", e parecíalle que non eran de fiar.

Porén, agora decatábase de que non importaba moito o tipo de soldados cos que había de loitar, sempre que loitasen, un feito que ninguén debatía. Había un problema máis serio. Deitouse na súa cama dándolle voltas. Tentaba probarse matematicamente a si mesmo que non había de saír fuxindo da batalla.

Antes nunca se sentira na obriga de pensar moi seriamente neste problema. Na súa vida tomara algunhas cousas por dadas, e nunca dubidara do triunfo final, nin se preocupara moito polas formas e os camiños que había seguir. Pero agora enfrontábase a un asunto importante. Ocorréraselle de súpeto que se cadra no medio da batalla poderíalle dar por saír correndo. Daquela viuse obrigado a admitir que no que tiña que ver coa guerra, descoñecía por completo.

Tempo atrás deixaría o asunto esquecido no fondo da mente, pero agora víase na obriga de prestarlle moita atención.

Na súa mente abríranse camiño o pánico e o medo. Mentres a súa imaxinación adiantábase á loita mostráballe estarrecedoras posibilidades. Observaba as ameazas axexantes no futuro e non conseguía verse forte e de pé no medio delas. Tentaba lembrar aquelas imaxes gloriosas coa espada rota na man, pero na sombra do batifondo que se aveciñaba sospeitaba que aquelas serían ideas imposibles.

Baixou da cama dun chimplo e comezou a camiñar nervioso de aquí para alá.

-Meu deus, pero que me pasa? -dixo en voz alta.

Sentía que nesta crise as súas regras vitais eran inútiles. O que aprendera del mesmo aquí non lle servía de nada. Era un completo descoñecido. Decatouse de que tería que experimentar de novo, igual que na súa máis nova mocidade. Debía compilar información sobre si mesmo e mentres o facía decidiu manterse en garda permanente, non fose que esas calidades das que non sabía nada acabasen por avergoñalo para sempre. “Meu deus!”, repetía con consternación.

Logo dun anaco o soldado alto arrastrouse habilmente a través do furado. O soldado chión apareceu despois. Estaban discutindo.

-‘Ta ben -dixo o soldado alto mentres entraba. Ondeaba a man expresivamente-. Pódesme crer ou non, fai o que che pete. O único que tes que facer é sentar e quedar aí quieto. Xa verás como xa logo has ver que tiña razón.

O seu camarada griñiu, testán. Por un momento parecía que buscaba unha resposta extraordinaria, pero finalmente dixo: “E logo, ti sábelo todo neste mundo, ou?”

-Eu non dixen co’ soubese todo -retrucoulle o outro cortante. Comezou a cantar varias pertenzas con maña na mochila.

O rapaz, que parara na súa camiñada nerviosa, baixou a vista e dirixiuse á figura que estaba ocupada.

-É seguro que vai haber unha batalla, non si, Jim? -preguntou.

-Claro que é seguro -respondeu o soldado alto-. Claro que vai haber. Ti espera a mañá, e has ver unha das maiores batallas que nunca houbo. Ti espera.

-Madía leva! -dixo o rapaz.

-Ai, has ver pelexar desta vez, rapaz, has ver unha loita das de verdade -engadiu o soldado alto, coma quen está a piques de mostrar unha batalla só para que a vexan os seus amigos.

-Si, ho, si -retrucou o chión desde un recuncho.

-Home -observou o rapaz-, igual esta historia acaba sendo igual cás outras.

-Non vai ser tal -contestoulle o soldado alto, exasperado-. Non che vai ser tal. E logo non saíu a cabalaría está mañá? -quedou fitando para os homes ó seu arredor. Ninguén negou esta afirmación-. A cabalaría saíu esta mañá -continuou-. E disque xa case non vos queda ninguén da cabalaría no acampamento. Van pa' Richmond ou por alí, mentres nós zurrámos nos Johnnies. Évos unha historia desas. E o rexemento vos recibiu ordes tamén. Díxomo hai un cacho un tipo que os viu ir ata o cuartel. E estavos prendendo fogueiras por todo o acampamento... Ben o ve calquera.

-Merda -dixo o chión.

O rapaz quedou en silencio un anaco. Ó final, preguntoulle ó soldado alto.

-Jim?

-Que foi?

-E como cres que o vai facer o rexemento?

-Ai, hanche pelexar ben, ho, logo de entraren no tema -contestoulle o outro razoando friamente. Logo seguiu, facendo elegante uso da terceira persoa-. Fánvoslles moita burla porque son novos, claro, e tal; pero han de facelo ben, supoño.

-E pensas que algún deles vai escapar correndo? -engadiu o rapaz.

-Ai, e habrá un feixe deles que saían correndo, pero deses haiche en todos os rexementos, e máis se é a primeira vez que van á fronte -dixo o outro, cun ton tolerante-. Claro que podería pasar que todos os rapaces botasen a correr se ó principio haiche unha agarrada ben gorda, pero ca' mesma tamén poderían quedarse e pelexar con xenio. Pero non se pode apostar por nada. Éche verdade que nunca antes estiveron na fronte, e non é de esperar que a primeira vez lle metan unha malleira a todo o exército rebelde de vez; pero penso que che han pelexar mellor ca moitos, e peor ca outros. Así é como eu o imaxino. Éche verdade que ós do rexemento dinlles "peixe fresco" e toda esa falabaratada, pero os rapaces sonche bo gando e a maioría deles han de guerrear de carallo así que arrinquen a disparar -engadiu, cunha énfase asombrosa nas ultimas catro palabras.

-Ai, o que non saibas ti... -comezou a dicir o soldado chión con sorna.

O outro virouse con xenreira cara a el. Mantiveron unha rápida regueifa durante a que intercambiaron varios estraños epítetos.

Finalmente o rapaz interrompeunos.

-Ei, Jim, e ti pensaches algunha vez que poderías saír correndo? -preguntoulle. Ó rematar a frase ceibou unha risiña coma se quixera que o que acababa de preguntar soara a chiste. O soldado chión tamén ceibou un riso.

O soldado alto ondeou a man.

-A ver -dixo con seriedade-. Téñoche pensado algunha vez nalgunha agarrada desas que se cadra a cousa podería poñerse demasiado quente para o Jim Conklin, e se daquela todo o grupo de homes chega a saír correndo, pois supoño que eu botaría a correr. E xa de correr, correría coma o que máis, 'tá claro. Pero se todo o mundo queda e loita, pois quedaría e loitaría. Abofé que faría tal. Apóstoche o que queiras.

-Boh -dixo o chión.

O rapaz desta historia sentiu daquela gratitude por aquelas palabras do seu camarada, pois temía que todos os homes que aínda non loitaran en combate tivesen unha grande e sólida confianza. Agora sentíase un pouco aliviado.

## Capítulo 2

A mañá seguinte, o rapaz descubriu que o compañeiro alto fora o rápido mensaxeiro dun erro. Houbo moita troula á súa conta por parte daqueles que o día anterior foran firmes partidarios das súas ideas, e mesmo algo de desdén pola banda de quen nunca acabara de crer naquel conto. O alto acabou zurrándolle a un home de Chatfield Corners e meteulle unha boa malleira.



Porén o rapaz sentía que o seu problema non o abandonara, nin cousa semellante. Pola contra, sentía que aquilo causara unha prolongación que o irritaba aínda máis. O conto provocáralle unha gran preocupación por si mesmo. Agora, con aquela pregunta que lle acababa de agromar no maxín, vírase obrigado a volver afundir no seu antigo posto como parte dunha marea azul.

Pasou días sen deixar de darlle voltas á cabeza, pero todas as súas cavilacións resultaban asombrosamente insatisfactorias. Decatouse de que non podía estar seguro de nada. Finalmente chegou á conclusión de que a única forma de probarse a si mesmo era entrar na fronte e despois, de forma figurada, ollar para as súas pernas para descubrir así os seus méritos e os seus erros. Admitiu con desgana que non podía quedar alí parado e obter unha resposta cunha lousa e xiz imaxinarias. Para conseguila debía dispoñer de lume, sangue e perigo, igual ca un boticario precisa disto daquilo e do outro. Así que quedou esperando, desacougado, por unha oportunidade.

Mentres, non deixaba de compararse cos seus camaradas. O soldado alto, por exemplo, dáballe algo de seguridade. A serena despreocupación deste home transmitíalle algo de confianza, porque o coñecía desde a infancia, e por este íntimo coñecemento o rapaz non vía como era que aquel podería ser capaz de calquera cousa que estivese fóra das súas posibilidades. Aínda así, pensaba que o seu camarada podería estar equivocado sobre si mesmo. Ou, por outra banda, podería ser que ata este momento fora un home destinado á paz e a pasar desapercibido, pero en realidade, fora feito para brillar na guerra.

Ao rapaz gustaríalle ter coñecido a alguén outro que tamén desconfiase de si mesmo. A posibilidade de facer unha comparación empática das súas notas mentais había de ser unha alegría para el.

Ás veces tentaba descifrar o que pensaban os camaradas utilizando frases sedutoras. Buscaba ó seu arredor ata que daba con algún home co estado de ánimo axeitado. Pero fracasaban todos os seus intentos de obter algunha expresión que puidese entenderse como unha confesión daquelas dúbidas que el recoñecera ante si mesmo na intimidade. Tiña medo de declarar abertamente a súa preocupación, porque temía o feito de poder situar algún confidente sen escrúpulos no cumio do inconfeso desde cuxa elevación puidese ridiculizalo.

No tocante ós seus compañeiros, a súa mente ondeaba entre dúas opinións, en función do seu estado de ánimo. Ás veces inclinábase a pensar que todos eles eran heroes. De feito, adoitaba admirar en secreto o maior desenvolvemento das máis altas calidades nos demais. Podía imaxinar homes que pasaban desapercibidos polo mundo e que cargaban un monte de valor invisible, e aínda que coñecera a moitos dos seus camaradas na infancia, comezara a temer que os xulgara sen tino. Logo, noutros momentos, desbotaba estas teorías e asegurábase a si mesmo que os seus compañeiros habían de estar todos cavilando e tremendo na intimidade.

As súas emocións facían sentir alleo á presenza dos homes que falaban excitados dunha posible batalla coma se fose unha peza de teatro que ían presenciar e que non mostraban nos rostros nada, de non ser unha aparente impaciencia e curiosidade. Moitas veces sospeitaba que eran uns mentireiros.

Porén, non matinaba nestes pensamentos sen condenarse duramente. Ás veces repetía só reproches. Culpábase a si mesmo de moitos crimes vergoñentos contra os deuses das tradicións.

Naquel estado de enorme ansiedade, o seu corazón clamaba continuamente contra o que el consideraba unha lentitude intolerable dos xenerais. Parecían satisfeitos con quedar repousando con tranquilidade na beira do río, deixándoo a el coa cabeza gacha co peso do seu gran problema. Quería que se puxesen en marcha de inmediato. Non podería carrexar semellante carga moito máis tempo, dicíase. Ás veces a súa rabia contra os comandantes chegaba ata un nivel tal que acababa por botarse a camiñar polo campamento refungando, coma se fose un veterano.

En calquera caso, unha mañá atopouse nas filas dun rexemento preparado. Os homes murmuraban especulacións e recontaban vellas historias. Na escuridade, antes do amencer, os seus uniformes relucían cun ton morado escuro e desde o outro lado do río os ollos vermellos seguían a ollar para eles. No ceo do oriente había unha fita amarela, que parecía unha alfombra deitada ós pés do sol que se achegaba; e contra ela, negra e perfilada, erguíase a figura xigantesca do coronel ó lombo dun cabalo xigantesco.

Desde a escuridade chegaron sons de pisadas. O rapaz podía ver de cando en vez sombras que se movían coma monstros. O rexemento quedara en posición de descanso durante o que a el lle parecera moito tempo. O rapaz íase impacientando. A forma en que organizaban estes asuntos era insoportable. Preguntábase canto tempo habían de deixalos esperando.

Mentres ollaba ó seu arredor e reflexionaba sobre a escuridade mística, comezou a crer que en calquera momento podería iluminarse a distancia ominosa e o boureo estrondoso dun combate chegar ós seus oídos. Unha vez, mentres ollaba para os ollos vermellos do outro lado do río, pareceulle que se facían máis grandes, coma se fosen as órbitas dunha ringleira de dragóns camiñando cara a eles. Virouse cara ó coronel e viuño levantar o seu xigantesco brazo para acariñar o seu bigote con calma.

Finalmente escoitou na estrada ó pé do outeiro o trupeleo dos cascos dun cabalo ó galope. Deben ser as ordes que chegan. Inclínouse cara adiante, case sen respirar. O emocionante repenique, a medida que se sentía máis e máis alto, parecía baterlle na alma. Ó minuto, un home dacabalo que levaba un equipo completo que non paraba de tintinar parou as rendas diante do coronel do rexemento. Os dous mantiveron unha conversa curta de palabras mínimas. Os homes nas filas dianteiras estricaban os pescozos.

Mentres o home dacabalo reviraba o animal e marchaba ó galope deu a volta para berrar por riba do ombro:

-E non esqueza a caixa de cigarros!

O coronel murmurou algo como resposta. O rapaz preguntábase que tería que ver unha caixa de cigarros coa guerra.

Un anaco máis tarde, o rexemento marchaba con paso lixeiro profundando na escuridade. Agora eran coma un deses monstros que se torcen e camiñan con moitos pés. O aire sentíase pesado e frío co resío. Ó pisar por riba dela, a saba de herba mollada retrincaba suavemente como a seda.

De cando en vez víase un relampo ou un brillo de ferro ás costas daqueles réptiles xigantes que se arrastraban. Desde a estrada escoitábanse renxidos e queixumes ó arrastraren os monstrosos canóns.

Os homes camiñaban ós tombos e seguían murmurando especulacións. Mantiñan un debate polo baixo. Unha vez un home tropezara e caera ó chan, e mentres tentaba agarrar de novo o seu rifle, un camarada, que non se decatara, pisáralle a man. O dos dedos feridos voceou amargos xuramentos. Entre os compañeiros revoou unha risa afogada e disimulada.

Ao pouco tempo chegaron ata unha estrada, polo que podían marchar con fáciles alancadas. Diante deles camiñaba un rexemento escuro, e na retagarda tamén sentían o repicar dos equipos ó bater contra os corpos dos homes en movemento.

O amarelo cada vez máis intenso do día que amencía quedáballes ás costas. Cando os raios de sol finalmente bateron de cheo e con dozura na terra, o rapaz puido ver que a paisaxe estaba dividida por dúas columnas longas, finas e negras que desaparecían no alto dun outeiro por diante e nun bosque pola retagarda. Eran como dúas serpes que saían arrastrándose desde a caverna da noite.

Non podían ver o río. O soldado alto comezou a eloxiar o que el pensaba eran os seus poderes de intuición.

Algúns dos compañeiros do alto berraban emocionados que eles tamén desenvolveran as mesmas habilidades, e felicitábanse. Pero había outros que dicían que a estratexia que

contaba o alto non era a verdadeira, e persistían noutras teorías. Había unha forte discusión.

O rapaz non participaba nela. Mentres camiñaba nunha liña abaneante, enredaba no seu propio debate eterno. Non podía obrigarse a deixar de pensar no asunto. Camiñaba abatido e fusco e lanzaba olladas furtivas ó seu arredor. Miraba cara adiante, moitas veces esperando escoitar da avanzada os estralos dos disparos.

Pero as longas serpes arrastrábanse devagar de outeiro a outeiro, sen ruxidos ou fume. Unha nube de po de cor parda flotaba no ar, afastándose cara á dereita. O ceo por riba deles era dun azul luminoso.

O rapaz estudaba as caras dos seus compañeiros, sempre en garda na busca de emocións semellantes ás súas, pero sufría coa decepción. Había unha caste de ardor no aire que causaba que os mandos veteranos camiñasen con alegría, case cantando, e infectara o novo rexemento. Os homes comezaran a falar da vitoria coma se fose algo coñecido. Ademais, o soldado alto recibira a súa confirmación. Era certo que ían ir dar a volta para aparecerlle ó inimigo polas costas. Os homes mostraban compaixón pola parte do exercito que quedara na beira do río, e congratulábanse a si mesmos por seren parte dunha hoste explosiva.

O rapaz, que se consideraba diferente ós demais, sentíase entristecido polas conversas simpáticas e alegres que revoaban entre as filas. Os homes máis graciosos da compañía facían os seus maiores esforzos mentres o rexemento camiñaba ó ritmo das risas.

O soldado descarado conseguía moitas veces que filas enteiras escacharan coa risa cos seus mordaces sarcasmos dirixidos ó alto.

E de alí a pouco, parecía que os homes esqueceran a súa misión. As brigadas enteiras sorrían ó unísono e os rexementos rían.

Un soldado algo gordo tentara roubar un cabalo na eira dunha casa para cargarlle a mochila. Estaba a piques de escapar co trofeo cando unha rapaciña saíu correndo da casa e agarrou o animal pola crina. Logo houbo unha pelexa. A rapaciña, coas fazulas roxas e ollos brillantes, quedou de pé coma unha estatua intrépida.

O rexemento, descansando na estrada, observaba a situación, e cun ouveo repentino púxose do bando da rapaza con toda a súa alma. Os homes entregáranse de tal maneira a aquel asunto que deixaran de lembrar por completo a súa propia e gran guerra. Burlábanse do soldado pirata e facían comentarios sobre varios defectos na súa aparencia persoal mentres se mostraban salvaxemente entusiastas ó darlle ánimos á rapaza.

Escoitáronse consellos directos dirixidos á moza desde unha certa distancia:

-Dálle cá vara, ho.

Cando o home se retirou sen o cabalo chovéronlle cacarexos e berros. O rexemento seguiu facendo rexouba coa súa derrota. Sobre a rapaza, que quedara arquexando e ollando para as tropas con ton desafiante, chovían sonoras e estrondosas felicitacións.

Á noite a columna dividiuse en rexementos e cada un dos fragmentos dirixiuse ós prados para montar o acampamento. As tendas abrollaron alí como se fosen plantas estrañas. Os lumes do acampamento zarrapicaban a noite como peculiares flores vermellas.

O rapaz tentou manterse afastado de toda interacción cos seus compañeiros todo o que as circunstancias lle permitiron. Pola tardiña afastouse uns metros na escuridade. Desde aquela pequena distancia, os moitos lumes, coas figuras negras perfiladas de homes camiñando de aquí para alá por diante las luces carmesí, provocaban efectos estraños e satánicos.

Deitouse na herba. As follas premíanlle as meixelas con tenrura. A lúa prendérase e quedara pendurando da copa dunha árbore. A inmovilidade líquida da noite que o envolvía facíalle sentir unha inmensa mágoa por el mesmo. O vento suave acariñábao; e a escuridade da noite, pensaba, sentía compaixón por el, ó velo perdido na súa angustia. Desexou sen reservas estar de novo na casa facendo as roldas sen fin desde a casa á corte, da corte ós campos, dos campos á corte, e da corte á casa. Lembraba que moitas

vezes maldicira a vaca pinta e as súas compañeiras, e moitas veces pateara os tallos de muxir. Pero desde o seu actual punto de vista, podía ver un halo de felicidade en cada unha das súas cabezas, e agora sería quen de renunciar a todos os botóns de bronce do continente para que se lle permitise volver canda elas. Díxose a si mesmo que non estaba feito para ser soldado. E pensou seriamente nas diferenzas radicais entre el e aqueles homes que andaban esquivando os lumes coma pequenos demos.

Mentres remexía nestes pensamentos escoitou o murmurio da herba, e ó virar a cabeza descubriu o soldado chión. O rapaz berroulle:

-Ei, Wilson!

Aquel achegóuselle e ollou cara abaixo.

-Home, ola, Henry, es ti? E que fas aquí?

-Pois, pensar -dixo o rapaz.

O outro sentou e acendeu a súa cachimba con coidado.

-‘Taste amouchando, rapaz. Vaia cara de pena que traes. Que carallo che pasa?

-Ah, nada -dixo o rapaz.

Daquela o soldado chión meteuse de cheo no tema da suposta batalla.

-Ai, agora témolos! -mentres falaba, a súa cara infantil mostraba un sorriso alegre e a súa voz soaba cun ton exultante.- Agora témolos. Por fin, por tódolos raios, ímoslles dar unha boa malleira... A dicir verdade -engadiu máis seriamente-, son *eles* quen nos levan dando malleira tras malleira a NÓS en cada batalla, pero desta vez... desta vez... imos darlles nós a eles unha boa malleira!

-Pensaba que ti estabas en contra deste ataque aí atrás -dixo o rapaz friamente.

-Ai, non era iso -explicoulle o outro-. Non che me importa marchar, se ó final hai pelexa. O que non me gusta é que nos movan de aquí e nos movan de alá sen sacar nada en limpo de todo iso, ó meu parecer, de non ser pés escarallados e unhas racións que dan pena do pequenas que as fan.

-Pois o Jim Conklin di que desta vai haber batalla abonda.

-Pois por unha vez debe levar razón, supoño, aínda que non sei como. Desta vez ‘tamos preparados pa’ unha gran batalla, e temos a mellor parte, estou seguro. Ai, miña nai! Vaia tunda que van levar!

Púxose de pé e comezou a camiñar para un lado e outro, excitado. A emoción do seu entusiasmo facíalle camiñar con pasos elásticos. Confiaba áxil, vigorosa, e ardentemente no éxito, ollaba para o futuro con ollos claros e orgullosos, e xuraba co aire dun soldado vello.

O rapaz observouno en silencio por un momento. Cando falou finalmente a súa voz soaba amarga como as borras.

-E vas facer grandes fazañas, supoño!

O soldado chión tirou unha pensativa nube de fume da súa cachimba.

-Ai, non che sei -observou con dignidade-. Non che sei, supoño que farei igual de ben có resto. Vouno tentar con tódalas forzas -estaba claro que se felicitaba pola modestia deste comentario.

-E como sabes que non vas saír correndo cando chegue o momento? -preguntoulle o rapaz.

-Correr? -dixo o chión-. Saír correndo?... Claro que non -e botouse a rir.

-A ver -continuou o rapaz-, haiche moitos homes abondo valorosos que pensaban que habían facer grandes cousas antes de batalla, pero cando chegou o momento, correron a todo correr.

-Ai, iso serache certo, supoño -contestoulle o outro-. Pero eu non vou saír correndo a todo correr. Se alguén aposta por que eu vaia saír correndo, vai perder os cartos, dígocho eu -asentiu con confianza.

-Bueno, carallo -dixo o rapaz-. E logo ti é-lo home mais valente do mundo, ou?

-Non, non o son -exclamou o soldado chión con indignación-. E non dixeran que fose o home máis valente do mundo, tampouco. Dixeran que vou facer o que teña que facer na pelexa... Iso é o que dixeran. E amais vouno facer. E a todo isto, ti quen ves sendo? Falas

coma se pensaras que es o Napoleón Bonaparte -ollou ó rapaz por un momento e logo marchou dando pasos longos e rápidos.

O rapaz berroulle ó compañeiro con voz salvaxe:

-Ei, non era pa' poñerse así!

Pero o outro seguiu o seu camiño e non contestou.

Cando o seu compañeiro marchou ofendido, viuse só no espazo. O seu fracaso ó tentar descubrir algo de semellanza nos seus puntos de vista fixérao sentir máis triste ca antes. Ninguén parecía debullar os miolos cun problema persoal tan terrible. Convertérase nun marxinado polos seus pensamentos.

Foi camiñando devagar ata a tenda e estricouse sobre unha manta ó carón do soldado alto, que roncaba. Na escuridade viu imaxes dun medo de mil linguas que latricaría ás súas costas e que o faría escapar mentres outros irían contentos a amañar os asuntos do seu país. Admitiu que non podería enfrontarse a este monstro. Sentía que cada nervio do seu corpo funcionaríalle como unha orella para sentir esas voces, mentres que os outros homes habían de permanecer impasibles e xordos.

E mentres suaba coa dor destes pensamentos, podía escoitar frases afogadas e serenas:

-Apóstоче cinco.

-Subo a seis.

-Sete.

-Van sete.

Quedou coa ollada fixa na parede branca da súa tenda contra a que escintilaba a reflexión vermella e tremende dunha fogueira ata que, exhausto e canso pola monotonía do seu sufrimento, quedou durmido.

### Capítulo 3

Ao chegar unha nova noite, as columnas, que tornaran en dúas raias púrpura, cruzaron en fila dúas pontes feitas de barcas. Unha fogueira resplandecente tinguía da cor do viño as augas do río. Os seus relampos, que brillaban sobre as masas das tropas en movemento, reflectían aquí e alá repentinos relustros de prata ou ouro. Na outra beira, unha misteriosa e escura serra de outeiros curvábbase contra o ceo. As voces de insectos da noite cantaban con solemnidade.

O rapaz estaba seguro de que logo deste cruce poderían emboscálos en calquera momento, de forma repentina e terrible desde as cavidades dos bosques sombríos. Mantiña os ollos en garda na escuridade.

Pero o rexemento chegou ata o acampamento sen que o molestasen, e os seus soldados durmiron o sono intrépido de homes cansos. Pola mañá seguiron o camiño coa enerxía da mañá e apuraron o paso por unha estrada estreita que conducía ata a profundidade do bosque.

E foi durante esta marcha rápida cando o rexemento comezou a perder as súas características de tropa nova.

Os homes comezaran a contar os quilómetros cos dedos, e cada vez estaban máis cansos. "Pés escarallados e racións pequenas de carallo, iso é todo" dixeran o soldado chión. Podíase sentir a suor e os griñidos dos homes. Logo dun anaco comezaron a quitar os macutos. Algúns deixábanos no chan sen preocuparse; outros escondíanos con coidado, asegurando que tiñan idea de volver a por eles cando fose o momento axeitado. Os homes librábanse das camisas gordas. Ó pouco tempo, moitos non levaban con eles máis que a roupa necesaria, mantas, mochilas, cantimploras e armas e munición.

-Así 'tas listo pa' comer e disparar -díxolle o soldado alto ó rapaz-. Iso é todo o que tes que facer.

Houbo unha repentina transformación da infantaría pesada da teoría á infantaría lixeira e rápida da práctica. O rexemento, liberado da súa carga, recibira un novo ímpeto, pero con este perdera unha importante cantidade de macutos de gran valor e, principalmente, moi boas camisas.

Pero o rexemento aínda non tiña aparencia de veterano. Os rexementos veteranos no exército eran xeralmente grupos moi pequenos de homes. Unha vez que o comando acabara de chegar ó acampamento, algúns veteranos que pasaban por alí, ó ver a lonxitude da columna, burláranse deles dicindo:

-Ei, compañeiros, que brigada é esa?

E cando os homes lles contestaron que formaban un rexemento e non unha brigada, os soldados máis vellos riran e responderan:

-Meu deus!

Ademais, as gorras aínda eran demasiado parecidas. As gorras dun rexemento debían mostrar que ditas pezas do vestiario levaban varios anos de historia ás costas. E ademais na bandeira non había letras douradas xa esvaecidas que contasen a súa historia. Eran novas e fermosas, e o que levaba a bandeira engraxaba a asta con asiduidade.

Ao pouco tempo o exército sentouse a pensar de novo. O arrecendo dos calmos piñeiros revoaba nas ventas dos homes. O son de monótonos golpes de macheta resoaba polo bosque e os insectos, asentindo coa cabeza desde as súas pólas, cantaruxaban como cantareiras vellas. O rapaz volveu á súa teoría dunha marea azul.

Porén, unha mañá gris, antes do amencer, o soldado alto espertouno dunha patada na perna, e antes de acordar completamente, viuse correndo por un camiño no bosque en medio de homes que xa arquexaban cos primeiros efectos da velocidade. A cantimplora batía ritmicamente contra as súas coxas e a mochila rebotaba suavemente. O mosquete movíase un pouco no ombro con cada paso, co que a gorra na cabeza aguantaba cada vez con máis inseguridade.

Podía escoitar os homes murmurando frases entrecortadas:

-Ei... que pasa?

-Que cona facemos correndo así?

-Billie, saca d'aí. Corres como unha vaca.

E podía oírse a voz aguda do soldado chión:

-A que raios vén tanta présa?

O rapaz pensaba que a húmida néboa da mañá fuxía do boureo dun gran corpo de tropas. Na distancia sentiuse un repentino estralo de disparos.

Estaba perplexo. Mentres corría cos seus camaradas tentaba pensar con todas as súas forzas, pero o único que sabía era que se caía os que viñan detrás habían de pisalo. Parecía que precisaba de todas as súas calidades para guíalo por riba e por diante dos obstáculos. Sentíase arrastrado por unha multitude.

O sol esparexera raios reveladores e un por un, os rexementos aparecerónse á vista coma homes armados que acababan de emerxer da terra. O rapaz decatouse de que chegara o momento. Estaba a piques de ser medido. Por un momento sentiuse como un bebé fronte a esta gran proba, e a carne que envolvía o seu corazón parecíalle moi fina. Buscou tempo para ollar ó seu arredor de forma calculadora.

Pero ó momento decatouse de que sería imposible escapar do rexemento. Estaba rodeado. E había regras férreas de tradición e de lei ós catro lados. Estaba nunha caixa móbil.

Mentres se decataba deste feito pensou que nunca desexara ir á guerra. El non se alistara pola súa propia vontade. Fora arrastrado por aquel goberno sen piedade, e agora levábano para ser sacrificado.

O rexemento esvarou por unha beira do río e enlamouse ó cruzar un pequeno regato. A corrente triste movíase devagar, e desde a auga escura os ollos brancos das gurgullas ollaban para os homes.

Mentres rubían polo outeiro, na parte máis afastada a artillería comezou a bourear. Aquí o rapaz esqueceu moitas cousas porque sentiu un impulso repentino de curiosidade. Púxose a subir pola faldra cunha rapidez que non podería ser excedida nin por un home sedento de sangue.

Esperaba ver unha escena guerreira.

Había algúns prados pequenos bordeados e apertados por un bosque. Podía ver grupos e filas ondeantes de escaramuzadores espaxados pola herba e entre os troncos das árbores, que corrían por aquí e por alá e disparaban á paisaxe. Unha liña de batalla escura estaba deitada nun soleado claro que relucía con luz alaranxada. Unha bandeira ondeaba.

Logo chegaron con dificultade pola beira do río arriba outros rexementos. A brigada estaba formada en liña de batalla, e logo dunha pausa comezou a camiñar devagar a través dos bosques, por detrás dos escaramuzadores que retrocedían e non deixaban de fundirse co fondo para aparecer de novo un pouco máis adiante. Estaban sempre ocupados, coma se fosen abellas, profundamente absortos nos seus pequenos combates.

O rapaz tentaba observalo todo. Non puña coidado en evitar árbores e pólas, e os seus pés esquecidos batían constantemente contra as rochas ou enleábanse nas silvas. Era consciente de que aqueles batallóns con aquel boureo, estaban entretecidos nun vermello rechamante naquel tecido amoroso de suaves verdes e marróns. Parecía o lugar equivocado para un campo de batalla.

Estaba fascinado polos escaramuzadores de avance. Os disparos que ceibaban contra os matos e as árbores distantes e prominentes falábanlle de traxedias escondidas, misteriosas, solemnes.

Unha vez, a liña cruzouse co corpo dun soldado morto. Estaba deitado de costas ollando para o ceo. Vestía un traxe estraño dun marrón amarelado. O rapaz puido ver que as solas dos seus zapatos estaban gastadas e eran finas como unha páxina de papel, e desde un furado nunha delas un pé morto emerxía triste. E era coma se o destino traizoara ó soldado. Na morte fixéralle mostrarlles ós seu inimigos a pobreza que na vida, se cadra, tentara esconder dos seus amigos.

As filas separáronse lixeiramente para evitar o corpo. O home morto invulnerable abríase camiño por si mesmo. O rapaz ollou profundamente para a cara cinsenta. O vento levantáballe a barba roxa. Movíase coma se houbese unha man acariñándoa. O rapaz desexou vagamente camiñar varias veces arredor do corpo e fitar para el; o impulso de quen é vivo de tentar ler nos ollos mortos a resposta á Pregunta.

Durante a marcha, o ardor que o rapaz adquirira mentres o campo de batalla aínda non estaba á vista esvaeceu rapidamente ata desaparecer. A súa curiosidade quedara satisfeita facilmente. Se mentres subía ó alto da faldra se sentira cativado pola onda salvaxe dunha escena intensa, podería ter seguido adiante. Este avance sobre a natureza era demasiado pausado. Tivera oportunidade de reflexionar. Tivera tempo para facerse preguntas sobre si mesmo e tentar poñer a proba as súas sensacións.

Asaltábano ideas absurdas. Pensaba que non gozaba da paisaxe, que esta o ameazaba. Un calafrío percorreulle as costas e é verdade que sentiu que os pantalóns non lle encaixaban nada ben nas pernas.

Había unha casa placidamente situada nos campos distantes pero para el tiña un aspecto sinistro. As sombras dos bosques eran imponentes. Estaba seguro de que nesta paisaxe axexaban inimigos de ollos salvaxes. Cruzoulle a mente o rápido pensamento de que os xenerais non sabían a que andaban. Era todo unha trampa. Eses bosques pechados ían encherse de súpeto de canóns das espingardas. Brigadas de ferro ían aparecer na retagarda. Todos eles habían ser sacrificados. Os xenerais eran estúpidos. O inimigo ía engulir rapidamente todo o comando. Ollou arredor del, esperando ver como chegaba sixilosa e furtiva a súa morte.

Pensaba que debía saír da fila e arengar os seus camaradas. Non tiñan por que ser asasinados todos eles coma porcos; e estaba seguro de que iso era o que ía acontecer a menos que alguén os informase deses perigos. Os xenerais eran uns idiotas por mandalos marchando para pechalos nun curral. Parecíalle que aquel corpo de homes tiña só un par de ollos. Ía adiantarse e facer un discurso. As palabras, agudas e apaixonadas, asomábanlle nos beizos.

A liña, dividida no chan en fragmentos móbiles, camiñaba devagar a través dos campos e os bosques. O rapaz ollaba para os homes mais próximos a el e vía, na maior parte

deles, expresións de profundo interese, coma se estivesen estudando algo que os fascinara. Un ou dous camiñaban cun aire valente de máis, coma se xa estivesen metidos de cheo na guerra. Outros andaban coma se fosen camiñando sobre unha capa de xeo moi fina. A maior parte dos homes que aínda non loitaran parecían tranquilos e concentrados. Ían presenciar a guerra, o animal vermello... A guerra, o deus enchido de sangue. E movíanse, profundamente absortos nesta marcha.

Ao observalos, o rapaz contivo a protesta na gorxa. Pensou que aínda que estivesen a tremer co medo, habían de botarse a rir ante o seu aviso. Habían de burlarse del, e, de ser posible, guindaríanlle calquera cousa. Admitiu que, se cadra, podía ser posible que estivese equivocado, e de ser así, unha declamación frenética dese tipo podería convertelo nun verme.

Daquela asumiu o comportamento de quen é sabedor da condición de condenado en solitario a responsabilidades non escritas. Foi quedando atrás, dirixindo tráxicas olladas ós ceos.

De alí a pouco foi sorprendido polo lugartenente da compañía, un home novo que comezou a bater nel efusivamente cunha espada, berrando nunha voz alta e insolente: “Veña, rapaz, volve p’alá p’as filas. Aquí non che vale o de andar escondéndote”. El apurou o paso coa rapidez axeitada e decidiu detestar o lugartenente, que non tiña aprecio polas mentes cultivadas. Era un simple animal.

Logo dun anaco fixeron deter a brigada baixo a luz catedralicia dun bosque. Os ocupados escaramuzadores seguían disparando. A través dos corredores do bosque podía verse o fume flotante dos seus rifles. Ás veces revoaba en pequenas pelotas, branco e compacto.

Durante esta parada moitos homes no rexemento comezaron a levantar pequenos outeiros fronte a eles. Usaban pedras, paus, terra e calquera cousa que pensaban que podería desviar unha bala. Algúns construían montes moito máis grandes, mentres que outros parecían amañarse con barreiras máis pequenas.

Esta técnica provocou un debate entre os homes. Algúns querían pelexar coma duelistas, pensando que o correcto era quedar de pé e converterse unha diana de pés a cabeza. Dicían que desprezaban os recursos dos cautelosos. Pero os outros burlábanse destes como resposta e sinalaban os veteranos nos flancos, fozando no chan coma se fosen cans raposeiros. En pouco tempo había unha barricada considerable ó longo da fronte do rexemento. Porén, ó pouco tempo, ordenáronlles a retirada daquel lugar.

Isto deixou pasmado ó rapaz. Mesmo esqueceu poñerse nervioso co movemento de avanzada.

-A ver, pero entón por que nos fixeron marchar ata aquí? -preguntoulle ó soldado alto. Este, cunha calma convicción comezou unha pesada explicación, aínda que el mesmo se vira obrigado a deixar atrás unha pequena protección de pedras e lama á que entregara moito coidado e habilidade.

Cando o rexemento volveu aliñarse noutra posición o coidado de cada home pola súa propia seguridade creou outra liña de pequenas trincheiras. Cando ó mediodía chegou a hora de comer, fixérono detrás dunha terceira. Tamén lles mandaron marchar desta. Facíanos camiñar dun lugar a outro cunha aparente falta de dirección.

Ao rapaz aprendéranlle que un home convertíase noutra cousa na batalla, e naquel cambio el vía a súa salvación. Ata ese momento aquela espera fora insoportable. Estaba frenético coa impaciencia e pensaba que era claro que entre os xenerais non había unha intención concreta. Comezou a queixárselle ó soldado alto.

-Non podo aturar isto moito máis tempo -berraba-. Non entendo pa’ que vale cansar as pernas pa’ nada.

Desexaba volver ó campamento, sabendo que todo este asunto era só unha demostración, unha marea azul; ou, pola contra, entrar nunha batalla e descubrir que fora un parvo por dudar, e realmente era un home de valentía tradicional. A ansiedade daquela situación facíasele intolerable.



O filosófico soldado alto analizaba un bocadillo feito con galleta salgada e carne de porco, cando, de súpeto, tragouno despreocupadamente.

-A ver, pois supoño que temos que andar recoñecendo o terreo só pa' evitar que se acheguen demasiado, ou pa' que despreguen as tropas, ou algo así.

-Aha -dixo o soldado chión.

-Pois -berrou o rapaz, que seguía inqueda-, eu preferiría facer case calquera cousa antes que andar polo campo todo o día sen facer nada que lle valla a ninguén pa' nada, pa' acabar cansos coma mulas.

-E eu tamén -dixo o soldado chión-. Non ten sentido. Dígovos que se alguén con dous dedos de fronte dirixise este exército, sería...

-Pero cala a boca! -ruxiu o soldado alto-. Serás parvo. Serás animal. Non levas con ese abrigo e os pantalóns nin seis meses e xa falas coma se...

-Home, pois quero pelexar algo -interrompeuno o outro-. Non che vin aquí pa' camiñar. Eu podíache camiñar na casa, arredor da corte, se quixera camiñar.

O alto, coa cara roxa, enviou outro bocadillo coma se estivese tomando veneno por desesperación.

Pero mentres mastigaba, a súa cara volveu adquirir gradualmente un aspecto tranquilo e serio. Non podía andar con pelexas furibundas na presenza daqueles bocadillos. Durante as comidas sempre adoptaba un feliz aire de meditación sobre a comida que tragara. O seu espírito parecía daquela estar en comunión coas viandas.

El aceptaba cada novo lugar e circunstancia con gran tranquilidade, comendo algo do macuto sempre que tiña oportunidade. Na marcha camiñaba co paso rápido dun cazador, sen queixarse nin do ritmo nin da distancia. E non levantara a voz cando lle ordenaran afastarse de tres montes protectores de terra e pedras, sendo cada un deles un acto de enxeñería digno de ser sacralizado co nome da súa avoa.

Pola tarde o rexemento pasou polo mesmo terreo que pisara pola mañá. Daquela, a paisaxe deixara de ameazar o rapaz. Estivera preto dela e fixéraselle familiar.

Porén, cando comezaron a cruzar cara a unha rexión nova os vellos medos sobre a estupidez e a incompetencia volveron asaltarlle na mente, pero esta vez propúxose obstinadamente deixalos murmurar. Estaba ocupado co seu problema, e na súa desesperación concluíu que a estupidez non tiña moita importancia.

Unha vez pensou que chegara á conclusión de que sería mellor se o matasen directamente e acabar así cos seus problemas. Ollando para a morte así co rabo do ollo, pensaba que non sería outra cousa que descanso, e sorprendeuse momentaneamente de ter montado aquel estrondo polo mero asunto de que o puidesen matar. Se o mataban, había de ir algures onde o habían de entender. Era inútil esperar unha apreciación do seu profundo e elaborado pensamento por parte de xente coma o lugartenente. Tiña que pensar na tumba para atopar algo de comprensión.

O lume da escaramuza aumentou ata soar como un longo estralo. Mesturábase co son dunha celebración afastada. Era o son da fala dunha batería.

E ó pouco tempo o rapaz puido ver os escaramuzadores escapando. Seguíaos o son do lume dos mosquetes. Logo dun anaco fixéronse visibles os relampos quentes e perigosos dos rifles. As nubes de fume cruzaban os campos lenta e insolentemente, coma pantasmas observadoras. O balbordo facíase máis intenso, coma o ruxido dun tren que se achega.

Unha brigada que estaba por diante deles e á dereita entrou en acción cun ruxido esgizador. Era coma se explotara. E despois quedou aliñada na distancia detrás dun longo muro gris no que había que fixarse un par de veces para asegurarse de que era fume.

O rapaz, esquecendo o seu plan escrupuloso no que habían de matalo, observaba a acción marabillado. Non podía deixar de abrir e de mover os ollos coa acción da escena. Tiña a boca entreaberta.

De súpeto sentiu unha man pesada e triste apoiada no ombro. Espertou do seu transo de observación, deu a volta e ollou para o soldado chión.

-É a miña primeira e última batalla, rapaz -díxolle, con intensa tristeza. Estaba bastante pálido e os seus beizos lixeiramente femininos tremíanlle.

-Que? -murmurou o rapaz con intenso asombro.

-É a miña primeira e última batalla, meu -continuaba o soldado chión-. Presinto que...

-Que?

-Que vou caer nesta primeira vez e... e qu.. quero que lles leves estas cousas aquí... a... ós meus -rematou cun salouco tremendo de pena por si mesmo. Deulle ó rapaz un paquete pequeno gardado nun sobre amarelo.

-Por que, que carallo...? -comezou a dicir o rapaz de novo.

Pero o outro lanzoulle unha ollada coma se fose desde as profundidades dunha tumba, e levantou a man murcha de forma profética e deu a volta.

## Capítulo 4

Detiveron a brigada á marxe dun bosque. Os homes encrequenáronse entre as árbores e apuntaban coas incansables armas cara ós prados. Tentaban ver mais alá do fume.

Podían ver homes que saían correndo daquela néboa. Algúns berraban anacos de información e facían xestos mentres apuraban.

Os homes do rexemento novo observaban e escoitaban impacientes, mentres as súas linguas corrían imparables cos contos da batalla. Contaban rumores que voaran como paxaros desde o descoñecido.

-Din co'Perry retirouse con moitas baixas.

-Si, Carrott foi po'hospital. Dixo que 'taba mal. Ese lugartenente tan listo ta' comandando a compañía G. Disque os homes din que non queren 'tar máis baixo Carrott, así acaben por desertar todos. Sempre souberon que era un...

-Colleron a batería de Hannises.

-Non tal. Acabo de ver a batería de Hannises á esquerda non hai máis de quince minutos.

-Home...

-O xeneral, di que vai poñerse o mando de toda a 304 cando entremos en acción, e disque di que imos loitar coma ningún outro rexemento fixo nunca antes.

-Din que o plan é achegármonos pola esquerda. Din que o inimigo dirixiu a nosa liña no carallo dun pantano e que colleron a batería de Hannises.

-Non é así. A batería de Hannises 'taba toda aquí hai non máis dun minuto.

-Ese tal Hasbrouk, o novo, évos un bo oficial. Non lle ten medo a nada.

-Atopei un dos rapaces de Maine da 148 e di qu'a súa brigada 'tivo loitando contra todo o exército rebelde durante máis de catro horas na estrada da barreira e que mataron uns cinco mil deles. Di que unha pelexa máis así e que a guerra remata.

-E o Bill tampouco 'taba asustado. Ai, non! Madría leva! O Bill non se vos asusta facilmente. O que 'taba era toleando, iso era. Cando o tipo aquel lle pisou a man, púxose de pé e dixo que 'taba disposto a dala súa man polo seu país, pero que non era estúpido e que non había deixar que todos os guerrilleiros tarados do país se paseasen por riba dela. Así que foi ó hospital a pesar da batalla. Tiña os dedos esmagados. O doutor do carallo quería amputarllos, e Bill montou unha boa, polo que escoitei. É un tipo simpático.

O estrondo que se escoitaba na fronte aumentara ata converterse nun coro tremebundo. O rapaz e os seus compañeiros quedaron conxelados ata quedar en silencio. Podían ver unha bandeira ondeando enfadada entre o fume. Próximas a ela estaban as formas borrosas e axitadas das tropas. A través dos campos chegou un regato turbulento de homes. Unha batería que cambiaba posicións cabalgando a un galope frenético ciscaba os retrasados a dereita e esquerda.

Un proxectil que berraba coma un espírito en pena cruzou por riba das cabezas arremuiñadas das reservas. Aterrou no bosque, e ó explotar con tons roxos fixo voar a terra marrón. Houbo unha choiva de arume.

As balas comezaron a zunir entre as polas e a beliscar nas árbores. Do ceo comezaron a caer garabullos e follas. Era coma se se estivesen brandindo mil machetas pequenas e invisibles. Moitos dos homes non deixaban de sacudir e agachar as cabezas.

Ao lugartenente da compañía do rapaz disparáronlle na man. Comezou a xurar de xeito tan prodixioso que se escoitou un riso nervioso ó longo da liña do rexemento. A forma de blasfemar do oficial soaba convencional, co que aliviou os tensos sentidos dos novos soldados. Era coma se acabara de esmagar os dedos cun martelo pequeno na súa propia casa.

El mantiña o membro ferido coidadosamente afastado da súa beira, de forma que o sangue non lle pingase nos pantalóns.

O capitán da compañía, metendo a espada baixo o brazo, sacou un pano e comezou a envolver con el a ferida do lugartenente. E discutiron sobre como había que vendala.

A bandeira da batalla, na distancia, movíase como tola. Parecía estar pelexando para liberarse dunha agonía. O fume que non deixaba de incharse estaba inzado de relampos horizontais.

Deste fume emerxeron homes correndo como raios. Foron aumentando o número ata que quedou claro que todo o comando escapaba en retirada. A bandeira afundiú de súpeto, coma se caese morta. O seu movemento ó caer era un xesto de desesperación.

Detrás das paredes de fume escoitábanse berros salvaxes. Un bosquexo en tons grises e vermello desdebuxouse para converterse nunha turba de homes que corrían como cabalos salvaxes ó galope. Os rexementos veteranos á dereita e esquerda do 304 comezaron a burlarse inmediatamente. Entre a apaixonada canción das balas e os berros das almas en pena dos proxectís escoitábanse berros de burla e consellos retranqueiros sobre onde podían buscar lugares para protexérense.

Pero o rexemento novo quedara sen alento co horror.

-Meu deus! Esmagaron a Saunders! -murmuraba o home que estaba pegado ó rapaz. Encrequenáronse cara atrás e aniñáronse coma quen se prepara para a chegada dunha inundación.

O rapaz botou unha ollada rápida ás filas azuis do rexemento. Os perfís estaban inmóbiles, esculpídos; e máis tarde lembrou que o sarxento da bandeira estaba de pé coas pernas separadas, coma se esperase que o empurrasen contra o chan.

A seguinte marea de homes foi arremuiñándose arredor do flanco. Aquí e alá había oficiais empurrados pola corrente coma estelas exasperadas. Mallaban nos homes coa espada e co puño esquerdo aporreaban toda cabeza que se puxese á man. Xuraban como bandoleiros.

Un oficial montado a cabalo mostraba a rabia furiosa dun neno mimado. Berregaba coa cabeza, os brazos e as pernas.

Outro, o comandante da brigada, andaba ó galope e ouveando. Perdera a gorra e andaba ca roupa toda desamañada. Parecía un home que saíra da cama para ir á batalla. Os cascos do seu cabalo ameazaban adoito as cabezas dos homes que corrían, pero estes sorteábanos con singular fortuna. Neste frenesí parecía que todos eran xordos e cegos. Non facían caso nin ó máis longo nin ó máis amplo dos xuramentos que lles lanzaban de todas as direccións.

Por riba daquel estrondo, escoitábanse con frecuencia os chistes lúgubres dos críticos veteranos; pero semellaba que os homes que corrían en retirada nin sequera eran conscientes de que tiñan público.

O reflexo da batalla que brillou por un instante nas caras daquela corrente humana desbocada fixo que o rapaz sentise que nin sequera unhas mans fortes que baixasen do ceo habían ser capaces de mantelo alí de poder ter control consciente sobre as súas pernas.

Había unha pegada terrible naquelas caras. A loita no fume debuxara unha esaxeración dela mesma nas fazulas pálidas e nos ollos ardentes cun só desexo.

A visión desta escorrentada exercía unha forza semellante á dunha corrente que era capaz de arrastrar paus e pedras e arrincar homes do chan. Os das reservas tiñan que aguantar. Estaban pálidos e firmes, e roxos e trementes.

Ó rapaz ocorréuselle un pequeno pensamento no medio do caos. O complexo monstro que causara a fuxida daquelas outras tropas non aparecera. Daquela decidiu achegarse e velo e daquela, pensou, era moi posible que botase a correr máis rápido có mellor de todos eles xuntos.

## Capítulo 5

Houbo momentos de espera. O rapaz pensaba na rúa principal da súa vila antes da chegada do desfile do circo un día de primavera. Lembraba como cando era un meniño pequeno quedara alí de pé, cheo de emoción, preparándose para saír correndo detrás da decrepita señorita sobre o cabalo branco, ou da banda no seu carro de cores esvaecidas. Podía visualizar a rúa poirenta, as fileiras de xente expectante, e as casas sobrias. Lembrábase especialmente dun señor maior que adoitaba a sentar nunha caixa de comestibles na porta da tenda de ultramarinos e finxía que detestaba aqueles espectáculos. No seu maxín abrollaron milleiros de detalles sobre as cores e as formas. O vello da caixa de comestibles tiña unha posición prominente no medio das súas imaxinacións.

Alguén berrou:

-Aí veñen!

Os homes removíanse e rosmaban. Mostraban o febril desexo de teren todo canto cartucho puidesen a man e preparado. Carrexaban as caixas ó seu arredor e colocábanas en diferentes posicións con moito coidado. Eran como damiñas que fosen a probar setecentos novos sombreiros.

O soldado alto, logo de preparar o seu rifle, sacou unha caste de pano vermello. Estaba ocupado atándoo arredor do pescozo dedicándolle exquisita atención á súa posición, cando aquel berro se repetiu ó longo da fila nun ruxido amortecido.

-Aí veñen! Aí veñen! -os seguros das armas resoaron cun *clic*.

A través dos campos cheos de fume apareceu un enxame marrón de homes que corrían e soltaban berros agudos. Chegaban encrequenados e ondeaban os rifles en todas as direccións. Á fronte deles, unha bandeira inclinada precipitábase cara adiante.

Ao velos, o rapaz quedou momentaneamente petrificado co pensamento de se sería posible que a súa arma non estivese cargada. Quedou alí quieto tentando retar o seu dubidoso intelecto para que lembrase o momento en que o cargara, pero non puido.

Un xeneral que perdera o sombreiro parou o seu cabalo enchoupado ó carón do coronel da 304 e ondeou o puño na cara deste: “Tes que retelos!”, berroulle con forza, “tes que retelos!”

O coronel comezou a tatear co desasosego: “Mo... moi ben, xeneral, moi ben, ai deus! Fa... faremos fa... fa... faremos o que poidamos, xeneral”. O xeneral fixo un xesto apaixonado e marchou ó galope. O coronel, se cadra para liberar os seus sentimentos, comezou a berrar neles coma un loro enchoupado. O rapaz, ó dar a volta rapidamente para asegurarse de que a retagarda estaba segura, puido ver como o comandante ollaba para os seus homes con gran resentimento, coma se por riba de todas as cousas lamentase que o asociaran con eles.

O home á altura do cóbado do rapaz murmuraba, coma se falase para el mesmo:

-Ai, agora imos nós! Ai, agora imos nós!

O capitán da compañía quedara na retagarda camiñando con impaciencia cara adiante e atrás. O ton da súa arenga era o dunha mestra falándolle a un grupo de rapaces cos seus manuais. O seu discurso era unha repetición infinita: “Reservade as balas, rapaces... Non disparedes ata que volo diga... Reservade as balas... Esperade ata que se acheguen... Non sexades idiotas...”

As pingas de suor percorrían a cara do rapaz, emporcada como a dun pícaro que non parara de chorar. Non deixaba de fregar os ollos coa manga da chaqueta cun movemento nervioso. Seguía coa boca entreaberta.

Ao dirixir a ollada cara ó campo cheo de inimigos fronte a eles esqueceu de forma inmediata a preocupación sobre se a arma estaría cargada. Antes de sentirse preparado para comezar, antes de dicirse a si mesmo que estaba a piques de entrar na batalla, situou o obediente e equilibrado rifle en posición e ceibou un primeiro disparo salvaxe. Entregárase directamente á súa arma coma se fose unha acción automática.

De súpeto perdeu conciencia de si mesmo, e esqueceulle pensar nun destino ameazante. Deixara de ser un home para converterse nun membro de algo. Sentía que aquilo do que el era parte, un rexemento, un exército, unha causa ou un país, estaba en crise. Fundírase cunha personalidade común, dominada por un único desexo. Durante uns instantes non puido moverse máis do que un dedo maimiño pode separarse da man para montar unha revolución.

Se pensara que o rexemento estaba a piques de ser aniquilado se cadra podería amputarse a si mesmo del. Pero o seu ruído dáballe seguridade. O rexemento era coma un fogo de feira que, unha vez aceso, compórtase por riba das circunstancias ata que a súa rechamante vitalidade esvaece. Asubiaba e rebentaba cun poder asombroso. Imaxinaba o terreo fronte a el sementado cos derrotados.

Tiña permanente consciencia da presenza dos seus camaradas ó seu arredor. Sentía á sutil irmandade da batalla dunha forma máis potente que mesmo a causa pola que loitaban. Era aquela unha fraternidade misteriosa nacida do fume e do perigo de morte.

Estaba metido de cheo na tarefa. Era coma un carpinteiro que fixera moitas caixas, facendo outra caixa máis, pero cunha présa furiosa nos seus movementos. No seu maxín percorría outros lugares, igual có carpinteiro que mentres traballa asubía e pensa no seu amigo ou inimigo, na casa ou na taberna. E despois da tarefa estes pensamentos nunca permanecían intactos, senón que se transformaban nunha nube de formas desdebuxadas.

Ao pouco tempo comezou a sentir os efectos da atmosfera da guerra: unha suor abrasadora, a sensación de que os seus ollos estaban a piques de escachar coma pedras incandescentes. Un ruxido ardente enchíalle os oídos.

Despois disto sentiu unha rabia furiosa. Desenvolveu a exasperación aguda dun animal perseguido, dunha pacífica vaca acirrada polos cans. Sentía unha ferocidade enlouquecida cara ó seu rife, que so podía utilizarse contra unha vida de cada vez. Desexaba botarse a correr e esganar cos seus propios dedos. Cobizaba un poder que lle permitise varrer o mundo e arredalo todo cun só xesto da man. Daquela aparecéuselle a súa impotencia e converteu a súa rabia na dunha besta arreada.

Soterrado no fume de moitos rifles a súa furia non estaba dirixida tanto contra os homes que el sabía que corrían cara a el, como contra as pantasma da batalla que se arremuiñaban e o atragoaban, espetando con forza as súas roupas de fume pola súa gorxa seca. Loitaba con frenesí por atopar un descanso para os seus sentidos, por aire, como un bebe que asfíxia e ataca as mantas que o afogan.

En todas as caras relampaban relustros de rabia acalorada mesturados cunha certa expresión de decisión. Moitos dos homes facían rúidos afogados coas bocas, e estes berros apagados, griñidos, xuramentos, pregarias, compuñan unha canción brutal que se sentía como unha corrente subterránea de son, estraña e musical cos acordes resoantes da marcha marcial. O home pegado ó rapaz rosmaba. Había nel algo suave e tenro, coma o barballar dun bebé. O soldado alto xuraba en voz alta. Dos seus beizos xurdiu unha procesión negra de curiosos xuramentos. De súpeto, outro empezou a falar nun ton de queixa, coma quen perdeu o sombreiro.

-A ver, por que non nos apoian? Por que non mandar reforzos? Pensan que...

O rapaz, inmerso no seu soño de batalla, sentiu aquilo como oe quen esta durmiñando. Había unha ausencia singular de poses heroicas. Os homes adoptaban todo tipo de posicións increíbles ó encrequenárense e apareceren con rapidez e rabia. As baquetas de aceiro chocaban e repicaban nun boureo incesante mentres os homes chantábanas

furiosos nos quentes canóns dos rifles. As tapas das caixas de cartuchos estaban todas abertas, e rebotaban arriba e abaixo como parvas con cada movemento. Os rifles, unha vez cargados, apoiábanse contra o ombro e disparábanse sen obxectivo aparente cara ó fume ou unha das figuras borrosas e cambiantes que sobre o terreo e diante do rexemento fixéranse cada vez máis e máis grandes, coma monicreques baixo a man dun mago.

Os oficiais nos seus postos na retagarda esquecían adoptar poses pintorescas. Inclínábanse cara adiante e atrás boureando instrucións e dando ánimo. A intensidade dos seus ouveos era extraordinaria. Enchían os seus pulmóns con pródigas vontades. E moitas veces estiveron a piques de caer de fociños coa ansiedade de esforzárense por observar o inimigo do outro lado do fume que se arremuiñaba en reviravoltas.

O lugartenente da compañía do rapaz atopara un soldado que escapara berrando coa primeira descarga dos seus camaradas. Detrás das filas estes dous representaban unha escena illada. O home baballaba e ollaba con ollos de ovella para o lugartenente, que o collera polo pescozo e estaba dándolle unha malleira. Levouno de volta ás filas ben magoadado. O soldado obedeceu mecanicamente, submisivo, cos seus ollos de animal fixos no oficial. Se cadra parecíalle que había unha certa divindade expresada na voz do outro, forte e dura, sen rastro de medo nela. Tentou volver cargar a súa arma, pero as súas mans trementes non lle deixaban. O lugartenente viuse obrigado a axudalo.

Os homes caían aquí e acolá coma fardos. O capitán da compañía do rapaz morrera ó comezo das accións. O seu corpo xacía estricado, coa posición dun home canso que está descansando, pero na súa cara había unha expresión atónita e triste, coma se estivese pensando que algún amigo lle fixera unha xogada deshonesto. Ó home que baballaba rozouno unha bala que fixo que o sangue lle correse a eito pola cara abaixo. Puxo as mans na cara e dixo: “Ai!” e rompeu a correr. Outro griñiu de súpeto, coma se lle acabasen de dar cunha porra no estómago. Sentou e ollou arredor con arrepentimento. Nos seus ollos había un reproche mudo e indefinido. Máis ó lonxe na liña a un home que estaba detrás dunha árbore déronlle cunha bala no xeonllo e voáronllo en anacos. Deseguido soltou o rifle e amarrouse á árbore cos dous brazos, e alí quedou, agarrándose desesperadamente e berrando que alguén o axudase para poder ceibarse da árbore.

Finalmente, un berro exultante percorreu a liña tremente. A intensidade do lume foi amortecendo do boureo estrondoso ata un último disparo vingativo. Mentres o fume esvaecía lentamente facendo remuíños, o rapaz viu que a carga fora rexeitada. O inimigo estaba espaxado en grupos remisos. Viu como un home escalaba ata o alto do valado, sentaba no bordo e disparara un tiro de retirada. As ondas desapareceran, deixando escuras crebas sobre o chan.

Algúns no rexemento comezaron a berrar freneticamente. Moitos quedaron en silencio. Parecía que estaban tentando observarse a si mesmos.

Logo de a febre abandonar as súas veas, o rapaz pensou que finalmente había de afogar. Decatouse da noxenta atmosfera na que estivera pelexando. Estaba sucio e pingando, coma un ferreiro nunha fundición. Colleu a cantimplora e bebeu un longo grollo da auga morna.

Unha frase con variacións percorreu a liña de arriba abaixo: “Opá, fixémoslos recuar. Fixémoslos recuar; Carallo se non!”. Dicían os homes alegremente, ollando os uns para os outros cos sorrisos enlamados.

O rapaz deu a volta para mirar atrás del e á dereita e á esquerda. Experimentou a alegría dun home que por fin, atopa tempo para ollar arredor.

Ós seus pés había algunhas formas espantosas e inmóbiles. Estaban no chan retorcidas en increíbles contorsións. Os brazos estaban retortos e as cabezas viradas en formas inverosímiles. Parecía que os homes mortos deberan caer desde algunha gran altura para acabar nesas posicións. Parecía coma se os lanzasen ó chan desde o ceo.

Desde un posto ó final do bosque, unha batería lanzaba proxectís que o sobrevoaban. Ó principio, o relampo das armas sorprendeu ó rapaz. Pensou que estaban dirixidos

directamente cara a el. A través das árbores observaba as figuras negras dos soldados de artillaría mentres actuaban rapidamente e con decisión. A súa labor parecía complicada. Preguntábase como poderían lembrar a planificación no medio da confusión.

Os canóns ficaban encrequenados nunha fila coma xefes salvaxes. Discutían cunha violencia repentina. Era un lúgubre consello dunha tribo. Os seus serventes corrían apuradamente de aquí para alí.

Unha pequena procesión de homes feridos dirixíase apesurada cara á retagarda. Era un regato de sangue que corría desde o corpo esgazado da brigada.

Á dereita e á esquerda estaban as liñas escuras das outras tropas. Lonxe fronte a eles, pensou que podía ver formas máis claras saíndo de puntos no bosque. Parecía que eran milleiros.

Unha vez viu unha minúscula batería correndo pola liña do horizonte. Os minúsculos xinetes batían nos minúsculos cabalos.

Desde un outeiro chegou o son de berros e golpes. O fume elevábase devagar entre as follas.

As baterías falaban cun atronador esforzo de oratoria. Había bandeiras aquí e acolá, co dominante vermello entre as raias. Salferían de cores cálidas as liñas escuras das tropas. O rapaz sentiu a vella emoción ó ver os símbolos. Eran como paxaros fermosos que ficaban estrañamente sen intimidar nunha treboada.

Ao escoitar o balbordo que chegaba desde o outeiro, un profundo trono que se sentía desde lonxe á esquerda, e os clamores máis suaves que viñan de todas as direccións, ocorréselle que estaban pelexando tamén, alí, e alá e alá. Ata ese momento pensara que toda a batalla quedaba xusto diante do seu fociño.

Mentres ollaba arredor de si, o rapaz sentiu un relampo de estupefacción ó ver o ceo puro e azul e a luz do sol nas árbores e nos campos. Era sorprendente que a Natureza seguira tranquilamente co seu proceso dourado no medio de tanta maldade.

## Capítulo 6

O rapaz espertou devagar. Pouco e pouco foi volvendo a un estado no que podía observarse. Pasou uns minutos examinando o seu corpo desde un estado de atordamento, coma se nunca antes se vira a si mesmo. Logo colleu a gorra do chan. Remexeuse na chaqueta para que lle acaese mellor e axeonllouse para volver atar os amallós da bota. Fregou o rostro afumado e fedorento pensativamente.

Así que por fin rematara! A proba suprema estaba superada. Os vermellos e inmensos obstáculos da guerra foran derrotados.

Entrou nun estado de éxtase de autocompracencia. Sentiu as sensacións máis deliciosas da súa vida. Visualizou aquela escena final desde fóra do seu corpo. Vía como aquel home que loitaba era magnífico.

Sentiu que era un bo tipo. Viuse a el mesmo en paz con aqueles ideais que considerara que estaban por riba del. Sorriu con fonda satisfacción.

Proxectaba tenrura e boa vontade cara ós seus compañeiros: “Mimá, vai calor, non si?”, preguntoulle amablemente a un home que refregaba a súa cara enchoupada coas mangas do abrigo.

-Madía leva! -contestoulle o outro, sorrindo amigablemente-. Nunca sentira tanta calor noxenta -estricouse compracentemente no chan-. Ai, como m'almendra! Espero que non haxa máis pelexas ata unha semana despois do luns.

Houbo algúns apertóns de mans e conversas profundas con homes cuxos rostros antes lle eran familiares pero con quen agora o rapaz sentía os lazos da unión dos corazóns. Axudou a un camarada que estaba ceibando xuramentos a atar con vendas unha ferida na canela.

Pero de súpeto escoitáronse berros de asombro ó longo das filas do novo rexemento: “Aí veñen de novo! Aí veñen de novo!”. O home que estaba deitado no chan púxose de pé dun chimpo e dixo: “Meu deus!”

O rapaz virou a ollada rapidamente cara ó terreo. Distinguiu unhas formas que comezaban a transformarse en grandes grupos nun bosque distante. Puido ver de novo a bandeira inclinada correndo cara adiante.

Os proxectís que deixaran de molestar o rexemento durante un anaco, chegaban dando voltas no aire de novo, e explotaban na herba ou entre a follaxe das árbores. Semellaban estrañas flores marciais rompendo en salvaxe eclosión.

Os homes xemían. O brillo esvaecerábase dos seus ollos. Os seus rostros manchados expresaban agora profundo abatemento. Movían os corpos tesos devagar e observaban con ánimo sombrizo o frenético achegamento do inimigo. Os escravos que traballaban no templo deste deus comezaron a sentir a rebeldía ante as súas duras tarefas.

Queixábanse inquedos os uns ós outros:

-Ai, pero isto é demasiado! Por que non nos mandan reforzos?

-Non imos aguantar este segundo embate. Eu non vos vin aquí pa' pelexar contra todo o puñeteiro exercito rebelde.

Un deles ceibou un berro pesaroso: "Ai, se o Bill Smithers me pisara a man a min en vez de eu a el". As magoadas articulacións do rexemento laiábanse mentres se situaba dolorosamente en posición de rexeitamento.

O rapaz quedara coa ollada fixa. Non era posible, pensaba, era imposible que aquilo fose acontecer. Quedou quieto, coma se esperase que o inimigo parase de súpeto, se desculpase, e se retirase cunha reverencia. Coma se todo fose unha equivocación.

Pero os disparos comezaron nalgures na liña rexemental e logo ecoaron nas dúas direccións. As cortinas de lapas que chocaban á mesma altura produciron enormes nubes de fume que durante uns momentos revoaron e deron voltas no vento suave que corría no terreo para despois filtrarse a través das filas coma se cruzasen un valado. Baixo as raiolas do sol, as nubes tinxíanse dun amarelo ocre da cor da terra e na sombra mostraban un azul apesarado. Por veces a bandeira afofaba e perdíase nesta nube de vapor, pero as máis das veces sobresaía, lambida polo sol, resplandecente.

No rostro do rapaz abrollou unha ollada que só se pode ver nas órbitas dun cabalo esgotado. O seu pescozo tremía da febleza e os nervios e sentía os músculos dos brazos durmidos e insensibles. Ademais, as súas mans parecíanlle grandes e estrañas, coma se levase unhas luvas invisibles. E sentía a incerteza nos seus xeonllos.

As palabras que pronunciaran os camaradas antes dos disparos comezaron a resoarlle no maxín: "Ai, pero isto é demasiado! Por quen nos toman... Por que non mandan reforzos? Eu non vos vin aquí pa' pelexar contra todo o puñeteiro exercito rebelde."

Comezou a esaxerar a resistencia, a destreza e o valor dos que se achegaban. El mesmo estaba abaneando do cansazo, e non podía concibir tal persistencia. Debían ser máquinas de aceiro. Era moi triste ter que pelexar contra estes artefactos, ós que lles deran corda para pelexaren, se cadra ata o solpor.

Levantou o seu rifle devagar e cunha rápida ollada ó campo cheo de xente, abriu fogo contra un grupo que corría. Logo parou e comezou a esculcar a través do fume o mellor que podía. Puido ver imaxes cambiantes do terreo cuberto de homes que corrían coma pequenos demos perseguidos e ouveaban.

Para o rapaz aquilo era unha cotenada de temibles dragóns. Converteuse no home que perdera as pernas ó achegarse o monstro verde e vermello. Esperou nunha caste de posición de escoita e horror. Parecía que pechara os ollos con forza mentres esperaba a ser devorado.

Un home preto del que ata ese momento estivera disparando freneticamente o seu rifle parou de súpeto e botou a correr, ouveando. Un rapaz cuxo rostro ata entón carrexaba unha expresión de exaltado valor, a maxestade de quen se atreve a sacrificar a súa vida, virou, nun instante, desconsolado e abxecto. Palideceu coma quen chega ó bordo dun cantil a medianoite e decátase de súpeto. Sentira unha revelación. El tamén deixou o rifle e marchou correndo. Non había vergonza na súa cara. Corría coma un coello.



Outros comezaron a correr a través do fume. O rapaz virou a cabeza espertando do seu transe por todo este movemento, que lle facía sentir coma se o rexemento o estivese deixando atrás. Viu as formas que escapaban.

Daquela ouveou aterrorizado e deu a volta. Por un momento, no gran clamor, sentíase coma o pito do proverbio. Xa non sabía cal era a dirección cara a seguridade. A destrución ameazábao desde todas as partes.

Deseguido comezou a apurar cara a retagarda con pasos longos. Perdera o rifle e a gorra e a súa chaqueta desabotoada ondeaba no vento. A tapa da súa caixa de cartuchos abaneaba con forza, e a súa cantimplora, atada cunha fina corda, voaba atrás del. Na cara reflectíase todo o horror daquelas cousas que imaxinara.

O lugartenente saltou cara adiante enrouquecendo. O rapaz viu o seu rostro roxo da ira e viuno facer un toque coa espada. O seu único pensamento sobre o asunto era que o lugartenente lle parecía unha criatura peculiar por sentirse interesado neses asuntos naquel momento.

Corría coma un cego. Caeu dúas ou tres veces. Unha vez bateu tan forte co ombro contra unha árbore que caeu de cabeza.

Desde que lle dera as costas á pelexa, os seus medos magnificáranse de forma increíble. A morte que estaba a piques de dispararlle entre as omoplatas era moito mais terrorífica que a morte que estaba a piques de golpearlle entre os ollos. Cando máis tarde volveu pensar naquilo, concibiui a idea de que é mellor ver o atroz que só escoitalo. Os ruídos da batalla eran como pedras; el cría que era posible que acabase esmagado.

Mentres corría mesturouse cos outros. Case non podía distinguir os homes a dereita e esquerda e escoitaba pisadas atrás del. Parecíalle que todo o rexemento estaba fuxindo, seguido por aqueles golpes sinistros.

No seu voo, o son destas pisadas que o seguían deulle un lixeiro alivio. Sentía a vaga crenza de que a morte debía facer unha primeira elección dos homes que tiña máis cerca; os petiscos iniciais para os dragóns serían entón eses que o seguían. Así que desenvolveu o celo dun corredor tolo coa idea de mantelos atrás. Aquilo convertérase nunha carreira.

Mentres corría, xa á cabeza do grupo, cruzou un campo pequeno, e atopouse nunha area de obuses. Voaban por riba da súa cabeza con berros longos e salvaxes. Mentres os escoitaba imaxinaba que tiñan fileiras de dentes crueis que lle sorrían. Unha vez, un deles estourou diante del e o relampo lívido da explosión bloqueoulle por completo o camiño na dirección que escollera. Agatuñou polo chan e logo dando un salto marchou correndo a través duns arbustos.

Experimentou emoción e asombro cando chegou a ver ante el unha batería en acción. Os homes parecían estar no seu estado de ánimo habitual, totalmente inconscientes da inminente aniquilación. A batería loitaba contra un antagonista distante e os artilleiros estaban envolvidos na admiración dos seus disparos. Estaban continuamente encrequenados en posturas de ánimo sobre os canóns. Parecía que estaban palmeándolles o lombo e animándoos con palabras. Os canóns, impasibles e impertérritos, falaban con valor testán.

Os precisos artilleiros mostraban un frío entusiasmo. Elevaban a ollada se podían contra a lombra cuberta de fume onde a batería hostil disparáballes. O rapaz sentiu mágoa por eles mentres corría. Idiotas metódicos! Parvos en forma de máquinas! O gozo refinado de chantar obuses no medio da batería do contrario habíaalles parecer pouca cousa cando aparece a infantaría correndo entre os bosques.

A cara dun soldado de cabaleiría novo que tiraba das rédeas do seu frenético cabalo co mesmo pouco xenio que podería mostrar nunha plácida corte, quedoulle ben impresa na memoria. Sabía que ollara un home que ó pouco tempo había de estar morto.

Ademais sentía mágoa polos canóns, de pé, seis bos camaradas, nunha valente fila.

Viu unha brigada que ía auxiliar os seus compañeiros acosados. Gabeou por un pequeno outeiro e observou como disparaban con tino, mantendo a formación en lugares

complexos. O azul da liña estaba recuberto dunha codia da cor do aceiro e as bandeiras brillantes sobresaían. Os oficiais berraban.

Esta vision tamén o encheu de asombro. A brigada corría con enerxía para ser tragada polas fauces infernais do deus da guerra. Pero que tipo de homes eran aqueles? Ai, era unha caste asombrosa! Porque de non ser así, era que non entendían... Os inocentes.

Unha orde furiosa provocou conmoción na artillería. Un oficial sobre un cabalo saltareiro facía movementos tolos cos brazos. Os equipos foron aparecendo desde a retagarda, os canóns deron a volta e a batería marchou correndo. Os canóns cos seus prominentes fociños inclinados contra o chan griñían e resmungaban coma homes valentes que se opuña a marchar correndo.

O rapaz continuou cara adiante, relaxando o paso, pois deixara atrás o lugar dos rúidos. Máis tarde atopouse cun xeneral de división sentado sobre un cabalo que aguzaba as orellas con interese ante a batalla. Na sela e as bridas relucían o ton amarelo e o charón. O home tranquilo que sentaba na sela parecía da cor dun rato sobre semellante espléndido cabalo de batalla.

Os oficiais do estado maior galopaban repenicando por aquí e por alá. Ás veces o xeneral estaba rodeado de homes a cabalo e outras veces estaba bastante só. Parecía moi tenso. Tiña o aspecto dun home de negocios cuxo mercado non deixa de subir e baixar.

O rapaz achegouse con cautela a este lugar. Foise achegando o máis que se atreveu tentando escoitar algunha palabra. Se cadra, o xeneral, incapaz de entender o caos, podería chamalo para pedirlle información. E el podería falarlle. Sabíao todo do tema. Era claro que a forza estaba nunha situación complicada, e calquera parvo podía ver que se non se retiraban mentres tiñan oportunidade... pois...

Sentía que lle gustaría esnaquizar o xeneral, ou polo menos achegarse e dicirlle ben claro o que pensaba del. Era un crime quedar tranquilamente nun recuncho e non facer ningún esforzo por parar a destrución. Agardou cunha impaciencia febril a que o comandante da división se dirixise a el.

Mentres espreitaba con cautela, escoitou o xeneral berrar con enfado:

-Tompkins, vaia canda o Taylor, e dígalle que non ande tan lixeiro coa carga; dígalle que pare a súa brigada no borde do bosque; dígalle que separe un rexemento... E dígalle que creo que o centro ha de romper se non axudamos algo; dígalle que apure.

Un mozo esvelto sobre un fermoso cabalo castaño tomou nota destas palabras rápidas da boca do seu superior. Fixo que o seu cabalo se puxese ó galope case desde o paso pola présa por emprender a misión. Formouse unha nube de po.

Un momento máis tarde. O rapaz viu o xeneral rebotar emocionado na sela.

-Sí, por tódolos ceos, fixérono! -o oficial inclinábase cara adiante. A súa cara estaba acesa coa emoción-. Sí, por todos os ceos que os rexeitaron! Rexeitáronos!

Comezou a ruxir con alegría cara ós seus oficiais:

-Agora habemos de darlle unha malleira. Agora habemos darlles unha boa malleira. Témolos, seguro -deu a volta de súpeto e virouse cara a un axudante-. Ei, ti, Jons... rápido... corre atrás de Tompkins... vai canda Taylor... dille que ataquen... sen parar... coma lóstregos... O que sexa.

Mentres outro oficial apuraba o cabalo atrás do primeiro mensaxeiro, o xeneral resplandecía sobre o chan coma se fose un sol. Nos seus ollos brillaba o desexo de entoar un himno. Non deixaba de repetir: “Retéronos, por tódolos ceos!”

Co seu estado de excitación fixo que o seu cabalo dese un chimp, polo que tivo que darlle unha patada con brío e ceibar algúns xuramentos. Parecía un alegre carnaval dacabalo.

## Capítulo 7

O rapaz encrequenábase coma se o acabasen de descubrir na escena dun delito. Madía leva, ó final gañaran a pesar de todo! A liña de imbéciles aguantara e acabaran sendo vencedores. Podía escoitar as aclamacións.

Púxose sobre as puntas dos pés e ollou na dirección da liorta. Unha capa de néboa amarelenta abalaba sobre as copas das árbores. Por debaixo dela podía escoitar o repenique dos fusiles. Os berros roucos indicaban un avance.

Deu a volta e marchou abraiado e enfadado. Sentía que o enganaran.

El fuxira, pensaba para si, porque achegábase o exterminio. Fixera ben salvándose a si mesmo, pois era unha pequena parte do exército. Chegara á conclusión de que aquel era o momento en que o deber de cada pequena peza era salvarse a si mesma de ser posible. Máis tarde os oficiais poderían xuntar todas as pequenas pezas de novo, e facer unha fronte de batalla. Se ningunha das pequenas pezas fose o suficientemente espelida como para salvarse das vagas de morte en momentos así, pois daquela, onde estaría o exército? Era obvio que actuara seguindo regras moi correctas e loables. As súas accións seguiran ideas sagaces detrás das cales había unha clara estratexia. Fora a obra das pernas dun mestre.

Daquela viñéronlle ó pensamento as lembranzas dos seus camaradas. A crebadiza liña azul aguantara os ataques e gañara. Sentía cada vez máis resentimento. Parecíalle que a ignorancia cega e a estupidez daquelas pequenas pezas o traizoaran. A súa falta de sentido ó manteren a posición derrotábo e esmagábo, pois se debateran intelixentemente habíanse convencer de que aquilo era imposible. El, o home ilustrado capaz de espreitar ó lonxe na escuridade, fuxira por conta das súas percepcións e coñecementos superiores. Sentía unha gran rabia cara ós seus camaradas. Sabía que se podía demostrar que foran uns idiotas.

Preguntábase que habían de retrucarlle cando aparecese máis tarde no acampamento. No seu maxín ecoaban ouveos de burla. A densidade espesa das súas mentes non lles había permitir entender o seu punto de vista máis agudo.

Comezou a sentir unha profunda pena por si mesmo. Aproveitáranse del. Sentíase esmagado polos pés dunha inxustiza de ferro. El actuara con sabedoría e de acordo cos motivos máis lexítimos que había baixo o ceo azul, para logo acabar frustrado baixo odiosas circunstancias.

Comezou a abrollar nel unha rebelión rouca e animal contra os seus compañeiros, a idea da guerra e o destino. Camiñaba arrastrando os pés coa cabeza baixa, o seu cerebro envurullado nunha lea de agonía e desesperación. Cando elevou timidamente a vista, tremendo con cada son, os seus ollos tiñan a expresión dos dun criminal que pensa que a culpabilidade e o seu castigo son grandes e sabe que non pode atopar palabras para expresar o que sente.

Marchou dos prados e profundou nun bosque frondoso, coma se estivese decidido a soterrarse. Desexaba deixar de escoitar os estralos dos disparos, que para el resoaban como voces.

O chan estaba cuberto de edra e arbustos, e as árbores medraban xuntas e logo abríanse nas copas coma ramos de flores. Tiña que facer moito ruído para poder avanzar. As enredadeiras, enleándoselle nos pés, chiaban con forza ó arrincar os seus ramalletes da cortiza das árbores. Os xermolos de árbores novas que murmuraban ó seu paso revelábanlle a súa presenza ó mundo. Non podía pacificar o bosque. Mentres tentaba abrirse camiño, non facía máis que espertar protestas. Cando separaba os abrazos das árbores e a edra a follaxe desamañada ondeaba os seus brazos e guindaba a cara das súas follas contra el. Aterrorizáballe a idea de que aqueles movementos ruidosos e aqueles berros atraesen a atención dos homes cara a el. Así que se afastou, na busca dalgún lugar escuro e intricado.

Logo dun anaco, o son da mosquetería foi facéndose cada vez mais feble, e ó lonxe escoitouse o estourido dun canón. De súpeto, o apareceu o sol, resplandecendo entre as árbores. Os insectos facían rúidos rítmicos. Parecía que fregaban os dentes ó unísono. Un picapinos sacou a súa imprudente cabeza por detrás dunha árbore. Un paxaro voou con ás alegres.

O estrondo da morte cesara. Parecía que agora a Natureza non tiña oídos.

Esta paisaxe deulle seguridade. Un campo claro no que había vida. Era a relixión da paz. Morrería se os seus ollos tímidos se vían obrigados a ver sangue. A Natureza parecíalle unha muller cunha fonda aversión á traxedia.

Guiñou unha piña contra un esquío alegre que saíu correndo e chiando con medo. Este parou no alto dunha árbore, e, sacando a cabeza con cautela desde detrás dunha póla, mirou cara abaixo con aire de inquietude.

O rapaz sentiuse triunfal ante aquela exhibición. Aí estaba a lei, dixo. A Natureza mandaralle un sinal. O esquío, ó recoñecer o perigo, botara a correr inmediatamente sen pensalo dúas veces. Non quedara alí impasible co seu peludo bandullo diante do mísil e morrera ollando cara arriba cara ós ceos comprensivos. Pola contra, correra todo o rápido que lle deron as patas; e ademais era un simple esquío normal... Non é que fose un filósofo da súa raza. O rapaz retomou o camiño, sentindo que a Natureza pensaba coma el. Ela reforzaba o seu argumento con probas que vivían alí onde brillaba o sol.

Unha vez, acabou nun terreo pantanoso. Viuse obrigado a camiñar por riba dos matos do tremedal e andar con coidado de non meter os pés na lama oleaxinosa. Ó parar un momento para ollar ó seu arredor viu un animal pequeno meténdose na auga negra e emerxendo ó momento cun peixe brillante.

O rapaz volveu a meterse nos frondosos matos. As pólas das árbores facían un ruído tal ó fregarse contra el que afogaba os sons dos canóns. Seguiu camiñando, saíndo da escuridade cara ó que prometía ser aínda máis escuro.

Por fin chegou a un lugar onde as altas pólas encurvábanse e formaban unha capela. Apartou as portas verdes con suavidade a un lado e entrou. O arume dos piñeiros formaba unha suave alfombra marrón. Había unha media luz case relixiosa.

Quedou parado preto do limiar, aterrado coa visión de algo.

Ollaba para el un home morto que estaba sentado coas costas contra unha árbore que parecía unha columna. O cadáver vestía un uniforme que fora azul, pero agora esvaecera nun melancólico ton verde. Os ollos, ollando fixamente ó rapaz, tornaran nun brillo apagado coma o que se pode ver no lombo dun peixe morto. Tiña a boca aberta. A cor vermella virara nun terrible amarelo. Por riba da pel gris da cara corricaban pequenas formigas. Unha carrexaba unha especie de paquete por riba do beizo superior. O rapaz ceibou un chíó cando viu a cousa. Por un momento quedara petrificado diante dela. Quedou ollando fixamente para o rostro de ollada líquida. O home morto e o home vivo intercambiaron unha longa ollada. Logo o rapaz puxo unha man con cautela detrás de si e tentou buscar unha árbore. Apoiándose nela, retirouse, paso a paso, coa ollada aínda fixa cara á cousa. Tiña medo de que se daba a volta o corpo podería saltar e perseguilo furtivamente.

As pólas, empurrábano e ameazábano con lanzalo contra o outro. Ademais, os seus pés sen control, atrapallábanse de forma irritante nas matogueiras; e con todo iso recibiu a sutil suxestión de tocar o corpo. Ó pensar na súa man tocándoo, estremeceuse profundamente.

Por fin, rompeu os lazos que o ataban ó lugar e correu, sen facer caso das matogueiras. Perseguíao a visión das formigas negras correndo coma un enxame cobizoso pola cara gris e aventurándose horriblemente preto dos ollos.

Logo dun anaco parou e, sen alento e arqueando, escoitou. Imaxinaba unha voz estraña que saía da gorxa do morto e grallaría atrás del con ameazas horribles.

As árbores arredor da porta da capela movíanse lentamente nun vento suave. Un silencio triste cubría o pequeno edificio protector.

## Capítulo 8

As árbores comezaron a cantar un himno do solpor suavemente. O sol foi afundindo ata que sobre o bosque caían raios de bronce oblicuos. Os insectos cesaron nos seus ruídos, e era coma se baixaran os bicos para facer unha devota pausa. Todo era silencio de non ser pola melódica cantarela das árbores.

Entón, no medio desta tranquilidade, estourou un tremendo batifondo de sons. Ó lonxe escoitouse un ruxido carmesí.

O rapaz parou. Quedara paralizado con esta terrible mestura de ruídos variados. Era coma se os mundos estivesen desgarrándose. Escoitábase o son esgazador da mosquetería e o estrépito violento da artillería.

A súa mente voou en todas as direccións. Parecíalle que os dous exércitos debían estar o un sobre o outro coma panteras. Escoitou durante un anaco. Logo comezou a correr na dirección da batalla. Pensaba que era algo irónico que se botara a correr cara aquilo polo que padecera tanta dor por querer evitar. Pero a fin de contas, dixo para si, se a terra e a lúa ían estrelarse, moitos habían de subir sen pensalo ós tellados para presenciar a colisión.

Mentres corría decatouse de que o bosque parara a súa música, coma se por fin fose capaz de escoitar os sons alleos. As árbores calaran e quedarán inmóbiles. Todo parecía estar escoitando o crepitar e o repenique daqueles troncos que facían tremer os tímpanos. O coro tanxía no alto para a terra silenciosa.

De súpeto o rapaz deu en pensar que o ataque que el presenciara fora só uns mínimos fogos de feira. Ó escoitar o estrondo que se estaba a producir nese momento dubidaba de se realmente o que el vira fora unha verdadeira escena de batalla real. Este estrépito indicaba unha batalla celestial, eran hordas envorcallando e loitando no aire.

Ao pensalo, decatouse de que na última batalla houbera un aquel retranqueiro no seu comportamento e o dos seus compañeiros. Tomaran o inimigo e a si mesmos moi en serio, e imaxinaran que estaban decidindo o rumbo da guerra. Cada un deles pensaba que estaban gravando as letras dos seus nomes en inmortalas placas de bronce, ou consagrando a súa reputación nos corazóns dos seus compatriotas cando a realidade era que o asunto aparecería nalgún informe impreso baixo un titular modesto e irrelevante. Pero estaba ben que o visen así, pois pola contra, pensou, no medio da batalla habían de botar a correr todos, quitando os das patrullas suicidas e os desa caste.

Camiñou rapidamente. Desexaba chegar ó borde do bosque para poder ver algo.

Mentres apuraba, cruzábanlle pola mente imaxes de conflitos fantásticos. Utilizaba todos os pensamentos acumulados para crear escenas, e o ruído era como a voz dun ser elocuente que as describía.

Ás veces, as silvas formaban cadeas e tentaban retelo. As árbores arrepúñanselle estricando os brazos e prohibíndolle o paso. Despois da súa previa hostilidade, esta nova resistencia do bosque enchíao dunha suave amargura. Parecía que a Natureza non acababa de estar preparada para asasinalo.

Pero el daba rodeos con obstinación e ó pouco tempo chegou a un lugar desde onde podía ver longos muros grises de vapor onde as liñas de batalla. As voces dos canóns estremecérono. A mosquetería resoaba en longos abrollos irregulares que lle estragaban os sentidos. Quedou un momento ollando a escena. Os seus ollos tiñan unha expresión de abraio. Quedou coa boca aberta na dirección da loita.

Ao pouco tempo seguiu o seu camiño cara adiante. A batalla era para el coma a engrenaxe trituradora dunha inmensa e terrible máquina. Estaba fascinado polas súas complexidades e forzas, polos seus lúgubres procesos. Tiña que achegarse e vela fabricando cadáveres.

Chegou ata un valado e rubiu por el. Ao lonxe, o terreo estaba zarrapicado de roupas e armas. No chan, entre o lixo, había un xornal dobrado. Un soldado morto estaba deitado, estricado e coa cara escondida baixo o brazo. Máis lonxe había un grupo de catro ou cinco corpos en triste compañía. O sol quente resplandecía sobre este lugar.

Naquel terreo, o rapaz sentíase como un intruso. Este recuncho esquecido do campo de batalla pertencíanlles os homes mortos, e botou a correr co lixeiro medo de que unha das formas inchadas puidese erguerse e mandarlle saír de alí.

Finalmente chegou ata unha estrada dende a que podía ver ó lonxe os corpos escuros e axitados das tropas involucrados en fume. No camiño había unha multitude tinguida de sangue dirixíndose coma un regueiro cara a retagarda. Os homes feridos xuraban,

griñían e xemían. No ar permanentemente sentíase unha vaga de son que semellaba capaz de abalar a terra. Berros vermellos mesturábanse coas palabras valorosas da artillería e o retruque rancoroso da mosquetería. E desde esta zona de rúidos abrollaba a corrente dócil dos mutilados.

Un dos feridos tiña o zapato enchoupado en sangue. Saltaba á pata coxa coma un neno nun xogo. Ría histericamente.

Outro deles xuraba que lle dispararan no brazo por conta da incapacidade do xeneral ó mando de dirixir o exército. Outro movíase cun aire que imitaba algún sublime tambor maior. No seu rostro había unha mestura pecaminosa de xúbilo e agonía. Mentres camiñaba cantaba un anaco dunha copla algo improvisada nunha voz aguda e tremente:

*Cantemos o canto de vitoria,  
un peto cheo de balas,  
vinte e cinco homes mortos  
Asados nunha... torta.*

Algunhas partes da procesión coxeaban e arrastrábanse ó ritmo desta canción.

Outro tiña o selo gris da morte no rostro. Tiña os beizos retorcidos en liñas duras e mantiña os dentes apertados. As mans ensanguentadas premían a ferida. Parecía estar agardando o momento en que deba caer de cabeza no chan. A súa ollada era a do espectro dun soldado, os seus ollos ardían co poder da visión do descoñecido.

Algúns marchaban en silencio, cheos de resentimento contra as súas feridas, preparados para darlle voltas a calquera cousa na busca dunha causa escura.

Dous soldados carrexaban un oficial. Estaba malhumorado.

-Non te movas así, Johnson, idiota -berraba-. Seica pensas c'a miña perna éche de ferro, ou? Se non me sabes levar ben, déixame no chan e deixa c'outro o faiga.

Berroulle á multitude vacilante que bloqueaba a marcha rápida dos portadores:

-A ver, ho, sacade d'ái, ou? Deixade pasar, mal raio vos parta!

Os camiñantes apartábanse malhumorados e arrimábanse cara as beiras da estrada. Mentres pasaba por diante deles, facíanlle comentarios impertinentes. Cando el lles retrucaba irado mandábano a paseo.

Un dos portadores que levaba o paso tremente chocou con forza co ombreiro contra o soldado espectral que ollaba fixamente cara ó descoñecido.

O rapaz xuntouse a esta multitude a camiñou con eles. Os corpos esgazados mostraban a terrible maquinaria na que aqueles homes quedaran enguedellados.

De cando en vez, algún ordenanza ou un correo abríase camiño a galope a través da multitude da estrada e empurraba os homes feridos ós lados, polo que se vía perseguido por numerosos ouveos. A marcha melancólica víase interrompida continuamente polos mensaxeiros, e ás veces por baterías afanosas que chegaban como unha marea que os esmagaba, cos seus oficias berrando ordes para que liberasen o camiño.

Había un home farrapento, luxado de po, sangue e pólvora de pés a cabeza que camiñaba silenciosamente ó carón do rapaz. escoitaba con ansiedade e moita humildade a descrición escabrosa dun sarxento con barbas. O seu rostro lambido mostraba unha expresión de asombro e admiración. Era coma se estivese a escoitar contos asombrosos relatados entre os bocois de azucre nun ultramarinos. Ollaba para o contador con indescribible estupefacción. Tiña a boca aberta coma un papón.

O sarxento, decatándose disto, pausou a súa elaborada historia para dedicarlle un comentario de mofa:

-Anda con ollo, meu homiño, non che vaian entrar moscas -dixo.

O home farrapento encolleuse e recuou, avergoñado.

Logo dun anaco comezou a achegárselle ó rapaz e con timidez, o home tentou amigarse con el. Tiña a voz suave como a dunha rapaza e ollos suplicantes. O rapaz sorprendeuse ó ver que o soldado tiña dúas feridas, unha na cabeza, vendada cun trapo enchoupado en sangue, e outra no brazo, que facía que o membro abanease como unha póla rota.

Logo de camiñaren xuntos un anaco, o home farrapento xuntou valor suficiente para falar.

-Foi unha loita ben boa, verdade? -dixo timidamente.

O rapaz, perdido nos seus pensamentos, ollou para a figura sanguenta e lúgubre de ollos de año.

-O que?

-Que foi unha boa pelexa, non si?

-Si -dixo o rapaz cortante. Acelerou o paso.

Pero o outro foi coxeando laboriosamente atrás del. Na súa actitude había un aquel de culpabilidade, pero era obvio que no fondo pensaba que con que falase un anaco, o rapaz había de decatarse de que era un bo tipo.

-Foi unha boa pelexa, non si? -comezou en voz baixa e despois acadou as forzas para seguir-. Mal raio me parta se vin xente que pelexase mellor. Mimá, como lle daban! Sabía que lle habían dar ben unha vez que se metesen no allo. Os rapaces non tiveron oportunidade ata agora, pero desta ensináronlles os dentes. Ai, non se pode con estes rapaces, ai ho! Sonche uns bos soldados, son! -tomou un fondo alento de humilde admiración. Ollara para o rapaz varias veces na busca de aprobación. Non recibira ningunha, pero pouco a pouco parecía estar máis absorto no seu discurso-. ‘Tívenche eu falando a través das liñas de piquetes cun rapaz de Xeorxia, e o rapaz vai e dime: “Os teus han de botar a correr así que oían un disparo”, díxome. “Non che digo que non”, díxenlle eu “pero non o creo”, díxenlle, “E mira ti”, retruqueill’eu “se cadra os teus botan a correr logo de escoitar un disparo”, díxenlle. E botouse a rir. E parece que non correron, non é, e logo? Ai non, ho! Pelexaron e pelexaron, ai ho! -a súa cara fea tinguiuse dunha luz de amor polo exército, que para el representaba todo o fermoso e poderoso. Logo dun anaco deu a volta cara ó rapaz-. E a ti onde che deron, compañeiro? -preguntoulle nun ton de irmandade.

O rapaz sentiu pánico instantaneamente ó escoitar a pregunta, aínda que ó principio non entendeu completamente o seu significado.

-O que? -preguntou.

-Onde che deron? -repetiu o home esfarrapado.

-E que... -comezou o rapaz-. Eu... Eu... Porque eu...

Deu a volta de súpeto e desapareceu entre a multitude. Tiña o cello colorado e os dedos remexían nerviosos nun dos botóns. Agachou a cabeza e fixou a vista no botón con atención, coma se houbera algún problema.

O home esfarrapado quedou estupefacto ollando como marchaba.

## Capítulo 9

O rapaz recuou na procesión ata que perdeu de vista o home esfarrapado. Logo comezou a camiñar cos outros.

Pero estaba entre feridas. A multitude de homes sangraba. Por conta da pregunta do home esfarrapado, agora pensaba que a súa vergonza podía verse. Non deixaba de mirar a cada lado para ver se os homes se fixaban nas letras de culpa que el sentía arder na súa fronte.

Por veces ollaba para os soldados feridos con envexa. As persoas cos corpos esmagados parecíanlle especialmente felices. Anceiaba que tamén puidese mostrar unha ferida, un emblema vermello do valor.

O soldado espectral estaba ó seu carón, coma un reproche axexante. Os seus ollos seguían fixos espreitando o descoñecido. A súa cara gris e terrible atraera a atención da multitude, e os homes acalmaron a marcha para acompañalo no seu lúgubre paso. Debatían a súa situación, facíanlle preguntas e dábanlle consellos. El rexeitábaos obstinadamente, indicándolles que marcharan e o deixaran tranquilo. As sombras do seu rostro facíanse máis fondas e os seus beizos apertados parecían reter un xemido de fonda desesperación. Podía verse unha certa rixidez nos movementos do seu corpo,

coma se estivese poñendo infinito coidado para non espertar a paixón das súas feridas. Mentres camiñaba, parecía sempre estar buscando un lugar, coma o que vai elixir un sepulcro.

Houbo algo nos xestos do home mentres facía por arredar os sangentos e penosos soldados que fixo que o rapaz dese un chimpó, coma se lle picara un bicho. Berrou horrorizado. Camiñou inseguro cara adiante e apousou unha man tremente sobre o brazo do home. Mentres este viraba devagar o seu rostro de cera cara a el, o rapaz berrou:

-Meu deus! Jim Conklin!

O soldado alto adoptou nos beizos un pequeno sorriso banal.

-Ola, Henry -dixo.

O rapaz abaneou sobre as súas pernas, e ollou para el con estrañeza. Dixo con voz tremente e tateando:

-Ai, Jim... Ai, Jim... Ai Jim...

O soldado alto estricou a man sanguenta. Nela víase unha combinación curiosa vermella e negra de sangue novo e sangue vello.

-Onde te metiches, Henry? -preguntou. Seguiu nun ton monótono-. Pensei que se cadra matáranle. Houbo unha boa hoxe. 'Tiven preocupado por ti un bo anaco.

O rapaz seguía laiándose.

-Ai, Jim... Ai, Jim... Ai, Jim...

-Sabes -dixo o soldado alto-, 'tiven alí -fixo un aceno coidadoso-. E, ai, meu deus, vaia circo! E carallo, déronme... déronme -repetiu este feito con perplexidade, coma se non entendese como acontecera.

O rapaz estricou os brazos ansiosos para axudalo, pero o soldado alto camiñaba firme, coma se o empurrasen. Desde que o rapaz apareceu e comezara a gardar do seu amigo, os outros feridos deixaran de mostrar interese. Volveron concentrarse en arrastrar as súas propias feridas cara á retagarda.

De súpeto, mentres os dous amigos camiñaban, o soldado alto comezou a tremer. O seu rostro virou da cor dunha pasta gris. Agarrou o brazo do rapaz e ollou arredor coma se non quixese que o escoitasen. Logo comezou a falar nun murmurio tremente.

-Vouche dicir o que me asusta, Henry... Vouche dicir do que teño medo. Teño medo de caer e eles... Xa sabes, os vagóns de artillería do carallo... 'Ta claro que me van esmagar... Iso éche o que me dá medo...

O rapaz berroulle con énfase:

-Eu vou termar de ti, Jim! Eu hei termar de ti! Xúrocho por Deus c'o farei!

-Estás seguro... Prométesmo, Henry? -pediulle o soldado alto.

-Si... Si... Abofé... Eu termarei de ti, Jim! -protestou o rapaz. Non podía falar con claridade por conta dos nós na gorxa.

Pero o soldado alto seguía pedíndollo nun ton baixo. Agora agarrábase coma un bebé ó brazo do rapaz. Os seus ollos daban voltas na brutalidade do seu medo.

-Eu sempre che fun un bo amigo, non si, Henry? Sempre che fun un bo tipo, non si? Non é pedir moito, non si? Só sácame da estrada, vai? Eu faríao por ti, non si, Henry?

Quedou calado nunha penosa ansiedade na espera da resposta do amigo.

O rapaz chegara a un estado de angustia no que os saloucos impedíanlle falar. Esforzábbase por expresar a súa lealdade pero só podía facer xestos esaxerados.

En calquera caso, o soldado alto pareceu esquecer todos eses medos de repente. De novo converteuse no espectro lúgubre e asexante dun soldado. Seguía cara adiante coma unha lousa de pedra. O rapaz desexaba que o seu amigo se apoiase nel, pero o outro sacudía a cabeza e resmungaba con estrañeza:

-Non... Non... Deixa 'tar.. Deixa 'tar...

Tiña a ollada fixa de novo no descoñecido. Movíase con misteriosa dirección, e rexeitaba todas as ofertas de axuda do rapaz:

-Non... Non, deixa 'tar... Deixa 'tar.

O rapaz tiña que seguilo.



Ao pouco tempo escoitou unha voz que lle falaba suavemente por tras do seu ombreiro. Deu a volta e viu que aquela voz pertencía ó soldado esfarrapado.

-Éche mellor c'os saques da estrada, compañeiro. Haiche unha batería que vén correndo pola estrada, e vano esmagar. Amais, ben se ve que non vai durar nin cinco minutos. éche mellor que o saques da estrada. De onde carallo saca as forzas?

-A saber! -berrou o rapaz. As mans tremíanlle sen poder evitalo. Botou a correr cara adiante e ó pouco agarrou o soldado alto polo brazo.

-Jim, Jim -animouno-. Ven comigo.

O soldado alto tentou liberarse pero non tiña forzas.

-Que? -dixo cun ton ausente. Quedou ollando para o rapaz un momento. Por fin falou coma se comezase a entender algo-. Ah, cara o prado? Ah!

Comezou a correr ás cegas a través dos prados.

O rapaz deu a volta para ollar para os xinetes que galopaban a golpes de fusta e os canóns troupeleantes da batería. Un agudo berro do soldado esfarrapado fixolle dar un chimpo e abandonar esta visión.

-Meu deus! 'Tá correndo!

O rapaz virou a cabeza rapidamente e viu o seu amigo correndo arrastrando os pés e tropezando cara a un pequeno monte de arbustos. Con esta imaxe pareceulle que o corazón separábaselle do corpo. Ceibou un xemido de dor. El e o soldado esfarrapado comezaron a seguilo. Era unha carreira singular.

Cando chegou canda o soldado alto comezou a pregarlle con todas as palabras que puido atopar:

-Jim... Jim... Que fas... Por que fas isto... Vaste mancar.

No rostro do soldado alto permanecía o mesmo propósito, mentres protestaba cun ton amortecido, mantendo a ollada fixa no lugar místico das súas intencións:

-Non... Non... Non me toques... Deixa 'tar... Deixa 'tar...

O rapaz, abraiado e cheo de admiración polo soldado alto, empezou a facerlle preguntas con voz tremente.

-Onde vas, Jim? En que 'tas pensando? Onde vas? Eh, Jim?

O soldado alto ollou para eles coma se se dirixise a perseguidores incesantes. Os seus ollos expresaban forte pregaría.

-Déixame 'tar, pode ser? Déixame 'tar un minuto.

O rapaz recuou.

-A ver Jim -dixo cun aire asombrado-. Que tes?

O soldado alto deu a volta, abaneou co corpo perigosamente, e seguiu. O rapaz e o soldado esfarrapado seguirono cun aire furtivo, coma se lles deran unha malleira, incapaces de confrontar o home ferido se volvía arrepoñérselles. Comezaron a intuír que estaban nunha solemne cerimonia. Había algo ritual nos movementos do soldado ferido. E este tiña unha certa semellanza cun devoto dunha relixión tola, que lle chuchara o sangue, lle esgazara os músculos, e lle esmagara os osos. Estaban abraiados e asustados. Quedaron atrás, non fose que tivese o control sobre unha arma aterradora.

Finalmente vírono parar e quedar inmóbil. Apuraron o paso e decatáronse de que a súa cara mostraba unha expresión que mostraba que por fin atopara o lugar polo que tanto se esforzara. Estaba de pé, enxoito, coas mans sanguentas tranquilas ós lados. Esperaba pacientemente por algo que fora buscar. Estaba no lugar acordado. Eles pararon e quedaron quietos, expectantes.

Houbo un silencio.

Finalmente o peito do soldado ferido comezou a respirar cun movemento apurado. Aumentou en violencia ata que semellaba que dentro del había un animal revirándose e couceando con furia para liberarse.

Este espectáculo de afogo gradual fixo que o rapaz se estremecese, e unha vez, o seu amigo puxo os ollos en branco e el viu algo neles que o fixo afundir chorando no chan. Levantou a voz nunha última chamada suplicante.

-Jim... Jim... Jim...

O soldado alto abriu os beizos e falou. Fixo un xesto.

-Déixame estar... Non me toques... Déixame estar...

Houbo outro silencio mentres esperou.

De súpeto a súa figura quedou firme e estricouse. Logo sacudiuse nunha prolongada convulsión. Quedou fitando para o espazo. Os dous observadores viron unha curiosa e profunda dignidade nas firmes liñas da súa cara horrible.

Viuse dominado por unha sensación estraña que o envolvía lentamente. Por un momento, o tremor das súas pernas fíxoo moverse ó ritmo dunha especie de espantosa danza. Os seus brazos batían salvaxemente arredor da cabeza nunha expresión de entusiasmo coma a dun demo cativo.

A súa alta figura estricouse o máis que puido. Resoou un son esgazador. Logo comezou a abalar cara adiante, devagar e teso, coma se fose unha árbore a piques de caer. Unha rápida contorsión muscular fixo que o ombro esquerdo chegase ó chan primeiro.

O corpo pareceu rebotar un pouco contra a terra.

-Meu Deus! -dixo o soldado esfarrapado.

O rapaz observara enmeigado esta cerimonia no lugar de encontro. Tiña a cara retorta e contraída, reflectindo a agonía que imaxinaba no seu amigo.

Agora o rapaz saíu correndo e achegándose, ollou para a cara de pasta. O home tiña a boca aberta e podíanse ver os dentes detrás dun sorriso.

A faldra da chaqueta azul separóuselle do corpo, e o rapaz puido ver que o costado parecía estar mastigado polos lobos.

O rapaz deu a volta cunha rabia repentina e fonda cara ó campo de batalla. Sacudiu o puño. Parecía estar a piques de proferir unha filípica.

-Cabróns...

O sol vermello estaba pegado no ceo coma un selo.

## Capítulo 10

O soldado esfarrapado quedou murmurando.

-Érache un auténtico heroe, con ese nervio, non si? -dixo finalmente cunha voz lixeiramente estarecida-. Un auténtico heroe -deulle pensativo co pé a unha das mans dóciles-. Pregúntome de onde sacou esa forza. Nunca vira un home facer algo así. Foi estraño. Vaites, era todo un heroe.

O rapaz desexaba berrar a súa dor. Sentíase acoitelado pero sentía a lingua morta na tumba da súa boca. Lanzouse de novo ó chan e comezou a meditar.

O home esfarrapado quedou murmurando.

-Mira, compañeiro -dixo, logo dun anaco. Ollaba para o cadáver mentres falaba-. El marchou, non si? E nós poderíamos marchar e coidar un pouco dos probes de nós. Aquí xa acabou. El marchou, non si? E 'ta ben aquí. Ninguén o vai molestar. E teño que dicir que tampouco che ando moi ben ultimamente.

O rapaz, que espertara coa voz do soldado esfarrapado, ollou cara arriba. Viu que abaneaba dubidosamente sobre as pernas e que a súa cara virara nun ton azul.

-Meu deus!-berrou-. Non vas... Ti tamén non!

O home esfarrapado ondeou a man.

-Non vou morrer -dixo-. O que quero é algo de sopa de chícharos e unha boa cama. Algo de sopa de chícharos -repetía en ton soñador.

O rapaz levantouse do chan

-Pregúntome de onde viña. Eu perdérao de vista por alá -sinalou-. E agora o atopo aquí. E el viña de alá, tamén -dixo indicando unha nova dirección. Os dous deron a volta cara ó corpo coma se lle fosen facer unha pregunta.

-A ver -dixo finalmente o home esfarrapado-. Non ten sentido quedar aquí e tentar preguntarlle nada.

O rapaz asentiu coa cabeza, pesadamente. Os dous deron a volta e ollaron por un momento o corpo.

O rapaz murmurou algo.

-A ver, era un auténtico heroe, non si? -dixo o home esfarrapado en resposta.

Logo deron a volta e camiñaron. Durante un tempo movéronse sixilosamente, camiñando nas puntas dos pés. O corpo quedou alí rindo na herba.

-Empezo a atoparme mal -dixo o home esfarrapado de súpeto, rompendo un dos seus pequenos silencios-. Estou sentíndome bastante mal.

O rapaz xemeu.

-Ai, meu deus -preguntábase se había de ser testemuña torturada doutro lúgubre encontro.

Pero o seu compañeiro ondeou a man calmándoo.

-Ai, non vou morrer agora! Hai moitas cousas que dependen de min para morrer agora! Non señor! Non vou morrer! Non PODO! Tes que ver o monte de nenos que teño, e todo iso.

O rapaz ollou ó compañeiro e pola sombra dun sorriso puido entender que estaba facendo unha especie de broma.

Mentres camiñaba, o soldado esfarrapado seguía falando.

-Ademais, se morrese, non había de morrer como ese tipo. Iso foiche a cousa máis estraña. Eu só caería ó chan, iso faría. Nunca vira un tipo morrer da forma que ese tipo morreu.

»Sabes o Tom Jamison, un que vive na porta do lado, alí na aldea. É un bo tipo, é, e sempre fomos bos amigos. Listo, ademais, listo coma un allo. Pois cando 'taba loitando esta tarde, de súpeto comezou a ouvear e berrar e xurar cara a min. "Disparáronche, idiota do carallo!", xuraba cousas horribles... diciame. Eu puxen a man na cabeza e cando mirei p'os dedos, vin que seguro que me dispararan. Botei un ouveo e comecei a correr, pero antes de poder escapar, deum'outro disparo no brazo e deum'a volta. Levei un bo susto cando 'taba sentindo todos eses disparos detrás de min e corrín para esquivalos, pero levei unha boa. Creo que aínda seguiría loitando, de non ser polo Tom Jamison.

Logo engadiu:

-Son dúas, pequenas, pero agora empezan a molestarme. Non creo que poida camiñar moito máis lonxe.

Seguiron devagar en silencio.

-Ti pareces bastante ferido tamén -dixo o home esfarrapado finalmente-. Seguro que 'tá peor do que pensas. Éche mellor que te ocupes da túa ferida. Non deixes que se poña peor. Podería ser interna a maior parte, e logo é peor. Onde está? -pero seguiu arengando sen esperar unha resposta-. Eu vin un tipo ó que lle deron na cabeza cando o meu rexemento 'taba descansando. E todo o mundo lle berrou: "Déronche, John? Dóeche moito?" "Non", di el. Parecía que 'taba algo sorprendido e seguiu contándolles como estaba. Dicía que non sentía nada. Pero, meu deus, ó momento, estaba morto. Si, estaba morto, coma unha pedra. Así que tes que coidarte. Pode ser que teñas unha ferida rara. Nunca se sabe. Onde 'tá a túa?

O rapaz estremecerábase desde que comezaran con este tema. Agora ceibou un berro de exasperación e fixo un movemento furioso coa man.

-Ai, non me molestes! -dixo.

Estaba enfadado co home esfarrapado e podería esganalo. Os seus camaradas parecían xogar papeis intolerables. Andaban sempre a ondear a pantasma da vergoña no pau da curiosidade. Virouse cara ó home esfarrapado para mantelo a raia.

-Agora non me molestes -repetiu con ameaza desesperada.

-A ver, ho, deus sabe que non quero molestar a ninguén -dixo o outro. Había un pequeno ton de desesperación na súa voz ó contestarlle-. Ben sabe o señor que teño abondo co que teño que atender.

O rapaz, que mantiña un amargo debate consigo mesmo e ollaba con odio e desdén ó home esfarrapado, falou con voz dura:

-Adeus -dixo.

O home esfarrapado ollou para el con gran asombro.

-Por que... Por que, amigo, onde vas? -preguntou vacilante. O rapaz, ollando para el, puido ver que este tamén, coma o outro, comezaba a actuar de forma estraña e animal. Os seus pensamentos parecían revoarlle con torpeza na cabeza-. A ver... A ver... Mira... Aquí.. Tom Jamison... A ver... Non vou permitir isto... Isto non vale. Onde... Onde vas? O rapaz sinalou vagamente.

-Por alí -contestoulle.

-A ver... mira... Aquí... Agora... -dixo o home esfarrapado, divagando irracionalmente. Tiña a cabeza caída cara adiante e arrastraba as palabras-. Esta cousa non vale, Tom Jamison. Non vale. Coñézote, cabezón. Queres ir por aí cunha ferida. Non vai valer... Tom Jamison... non. Vasme deixar que coide de ti, Tom Jamison. Non esta ben...non está... que vaias por aí cunha ferida... non está...está... está ben... non está.

Como resposta, o rapaz subiu por un valo e escapou. Podía escoitar o home esfarrapado murmurando queixumento.

Unha vez deu a volta enfadado.

-O que?

-Olla... Aquí... Tom Jamison, agora... non está...

O rapaz seguiu. Deu a volta ó lonxe e viu o home esfarrapado vagando inutilmente polo campo.

Agora pensaba que desexaba estar morto. Cría que sentía envexa dos homes cuxos corpos quedaran espaxados pola herba dos campos e sobre as follas caídas no bosque. As preguntas sinxelas do home esfarrapado foran coma coiteladas. Reafirmaban unha sociedade que investiga desapiadada secretos ata que todo é aparente. A persistencia fortuíta do seu último compañeiro facíalle sentir que non podería manter o seu crime oculto no peito. Era obvio que había de acabar por saberse por culpa dunha daquelas frechas que cruzaban o aire e que están constantemente pinchando, descubriendo e proclamando esas cousas que un quere que estean sempre ocultas. Acabou por admitir que non podería defenderse contra esta axencia. Non estaba dentro do poder da vixilancia.

## Capítulo 11

Decatouse de que o ruxido das caldeiras da batalla facíase cada vez mais intenso. Unhas enormes nubes ascenderan ata as capas de aire calmas diante del. O ruído tamén se achegaba. A través dos bosques filtrábanse homes e ó pouco tempo os prados enchéronse de puntos.

Ao dar a volta por detrás dun outeiro puido ver que a estrada convertérase nunha multitude renxente de carros, equipos e homes. Daquel envurullo que respiraba emanaban exhortacións, ordes, imprecacións. O medo corría por todas as partes. Os látegos estralaban e mordían e os cabalos saltaban e carrexaban. Os carros de cubertas brancas estricábanse e tropezaban ó movérense coma ovellas gordas.

O rapaz sentiuse algo confortado con esta visión. Estaban en retirada. Se cadra, daquela el non era tan malo. Sentou e observou os carros aterrorizados. Movíanse como animais moles e torpes. Os que berraban e ondeaban os látegos axudábano a magnificar os perigos e horrores do combate para que puidese tentar probarse a si mesmo que aquilo do que os homes poderían acusalo era en realidade un acto simétrico. Sentiu un certo pracer ó observar a marcha salvaxe daquela vindicación.

Ao pouco tempo apareceu na estrada a cabeza calma dunha columna de infantaría en movemento. Achegábase rapidamente. Ó esquivar os obstáculos semellaba o sinuoso movemento dunha serpe. Os homes que ían á cabeza batían nas mulas cos cus dos mosquetes e azurraban os carreiros, indiferentes a calquera ouveo. Os homes abríanse camiño a través da densa marea humana pola forza. A fronte roma da columna empurraba. Os carreiros anoxados xuraban con moitos estraños xuramentos.

As ordes de abrir paso resoaban cun aquel de grande importancia ó seren pronunciadas por eles. Os homes dirixíanse cara ó corazón do estrondo. Ían confrontar o impaciente ataque do inimigo. Sentían o orgullo do seu paso cara adiante mentres que o resto do exército parecía avanzar o máis lento posible pola estrada. Tombaban os tiros de cabalos co calmo sentimento de que non importaba, sempre que a columna chegase a tempo á fronte. A importancia deste asunto proporcionáballe gravidade e decisión ós seus rostros. E as costas dos oficiais estaban moi ríxidas.

Mentres o rapaz ollaba para eles sentiu de novo o peso negro da súa aflición. Pensaba que ollaba unha procesión de seres escollidos. A diferenza era tan grande que ben podían levar armas de lapas de lume e bandeiras de raiolas de sol. El nunca podería ser coma eles. Podería chorar polos seus desexos.

Remexía no maxín buscando unha axeitada maldición para a causa indefinida, a cousa sobre a que os homes dirixen as palabras da culpa final. Aquilo, fora o que fose, era o que tiña a responsabilidade por el, dixo. Alí estaba a culpa.

O triste rapaz parecíalle que a rapidez da columna por chegar ata a batalla era algo moito mais nobre cá dura loita. Os heroes, pensaba, podían atopar escusas naquela longa estrada efervescente. Podían recuar con autentica dignidade e elaborar escusas ante as estrelas.

Preguntábase que fora o que comeran aqueles homes para teren aquela présa por abrirose camiño ata enfrontarse as lúgubres posibilidades da morte. Mentres os observaba a súa envexa aumentaba ata o punto de desexar cambiarse por un deles. Gustaríalle poder facer uso dunha forza tremenda, pensaba, desfacerse de si mesmo e converterse nunha persoa mellor. No seu maxín aparecéronselle rápidas imaxes del mesmo, desde fóra, pero era el, unha figura azul desesperada dirixindo cargas terribles, encrequenado sobre un xeonllo e cunha espada rota no alto, unha figura azul e decidida de pé ante un ataque carmesí e frío coma o aceiro, sendo suavemente asasinado nun alto diante das olladas de todos. Pensou no magnífico patetismo do seu corpo morto.

Estes pensamentos animábano. Sentía o tremor do desexo da guerra. Nos seus oídos, escoitaba o resón da vitoria. Recoñeceu o frenético son dun ataque exitoso e rápido. A música dos pés ó trote, as voces cortantes, o troupeleo das armas da columna ó seu carón fíxeron voar sobre as ás vermellas da guerra. Por uns instantes sentiuse sublime.

Pensou que estaba a piques de saír correndo cara á fronte. De feito, viu unha imaxe del mesmo, luxado de po, chuchado, acorando e voando á fronte no momento axeitado para agarrar e esganar a escura e lasciva meiga da calamidade.

Logo, as dificultades da cousa comezaron a arrastralo. Dubidou, abaneando curiosamente sobre un pé.

Non tiña rifle, non podía poñerse a pelexar coas mans, pensou, sentindo resentimento cara ó seu plan. Ben, era certo que podía coller un rifle en calquera sitio. Eran extraordinariamente profusos.

Ademais, continuou, sería unha milagre se atopaba o seu rexemento. Ben, era certo que podía pelexar con calquera rexemento.

Comezou a camiñar devagar. Pisaba coma se esperase premer algo explosivo. Debatíase nas propias dúbidas.

Sería realmente un verme se algún dos seus camaradas o vise volvendo así, coas marcas da súa fuxida. Ante isto respondeuse a si mesmo que ós soldados decididos non lles importaba o que pasara na retagarda, de non ser a aparición de baionetas inimigas. Na confusión da batalla a súa cara dalgunha maneira permanecería escondida, como a cara dun home encapuchado.

Pero logo díxose que o seu destino incansable había atraer, cando a loita minguase un pouco, algún home que lle pediría unha explicación. Imaxinaba o escrutinio dos seus compañeiros mentres elaboraba dolorosamente algunhas mentiras.

Finalmente, o seu valor dispouse naquelas observacións. Aqueles debates apagaránlle o lume.

Non se sentía deprimido coa derrota do seu plan, xa que logo de analizar o asunto con coidado non podía deixar de admitir que aquelas obxeccións eran ben importantes.

Ademais, comezara a padecer algunhas aflicións. Na súa presenza non podería persistir naquel voo alto nas ás da guerra; faríanlle case imposible que se puidese ver a si mesmo baixo unha luz de heroicidade. Caeu de cabeza.

Descubriu que tiña unha sede abrasadora. Tiña a cara tan seca e sucia que pensaba que podía sentir a súa pel crebarse. Doíalle cada óso do corpo e parecíalle que ameazaban con crebarse a cada movemento. Os pés eran dúas chagas. E o seu corpo pedíalle comida. Era mais cá sensación de fame. Tiña unha sensación de entumecemento, coma un peso dentro do estómago e cando tentaba camiñar, a cabeza abaneaba e atrapallábase ó dar un paso diante do outro. Non podía ver con claridade, pois diante dos ollos vía flotar pequenas sombras dunha néboa verdosa.

Mentres estivera ocupado con moitas emocións, non se decatara das súas aflicións. Agora acosábano e mostrábanse clamorosas. Como por fin estaba obrigado a facerlles caso, a súa habilidade para detestarse a si mesmo viuse multiplicada. Na súa desesperación pensou que el non era coma os outros. Agora entendía que sería imposible que acabase sendo un heroe. Era un idiota covarde. Aquelas imaxes de gloria eran visións deplorables. Ceibou un xemido desde o corazón e marchou arrastrándose.

Un certo instinto de avelañía mantívoo nos arredores da batalla. Tiña moitas ganas de ver e de conseguir novas. Quería saber quen ganaba.

Díxose a si mesmo que a pesar do seu sufrimento sen precedentes nunca perdera a cobiza pola vitoria, aínda que, pensou, nunha forma expiatoria para a súa conciencia, non podía deixar de pensar que desta vez unha derrota do exército podía significar moitas cousas favorables para el. Os golpes do inimigo dividirían os rexementos en fragmentos. Así, pensaba, moitos homes valorosos veríanse obrigados a desertar as súas cores e a correr coma pitos. El parecería un deles. Serían escuros irmáns en perigo e daquela el podería pensar facilmente que non correra nin mais lonxe nin mais rápido ca eles. E se el mesmo podía crer na súa virtuosa perfección, cría que non sería difícil convencer ós demais.

Pensou, coma se fose unha escusa para esta esperanza, que previamente o exercito xa sufrira grandes derrotas e en poucos meses sacudira todo o sangue e tradición delas, e emerxera tan brillante e valente coma se fose novo, afastando da lembranza os recordos do desastre, e emerxendo co valor e confianza das lexións que nunca foran conquistadas. As voces chionas das xentes nas aldeas habían de soar tristes durante un tempo, pero varios xenerais víanse xeralmente forzados a escoitar estas cantarelas. Era claro que el non sentía remorsos por propoñer un xeneral como sacrificio. Non podía dicir quen podería ser o elixido para as críticas, polo que non podía sentir ningunha compaixón cara a el. A xente estaba lonxe e el non cría que a opinión publica fose acertada a longo prazo. E pensaba que era bastante probable que culpasen o home equivocado quen, logo de recuperarse do seu asombro, pasaría se cadra o resto dos seus días respondendo por escrito ás cancións sobre o seu suposto fracaso. Sería unha pena, sen dúbida, pero neste caso un xeneral non era unha cuestión de importancia para o rapaz.

Unha derrota podería ser unha reivindicación indirecta del mesmo. Pensaba que dalgunha maneira, marchara correndo antes ca ninguén debido ós seus superiores poderes de percepción. No caso dun asolagamento, un profeta serio sería aquel home que primeiro rubise por unha árbore. Isto demostraría que era de feito un visionario.

O rapaz consideraba unha vindicación moral como algo moi importante. Sen ese bálsamo pensaba que non podería cargar coa amarga insignia da súa deshonra pola vida. Co corazón lembrándolle continuamente que era desprezable, non podería existir sen facerllo aparente a todos os homes a través das súas accións.

De o exército saír vitorioso, estaría perdido. Se aquel estrondo significaba que agora as bandeiras do seu exercito abalanzábanse cara adiante, era un coitado condenado.

Veríase abocado ó illamento. Se os homes avanzaban nas posicións, aqueles pés indiferentes estarían esmagando as súas oportunidades dunha vida exitosa.

Mentres estes pensamentos lle cruzaban rapidamente pola mente, tentou darlles as costas e afastalos. Pensaba que era un ser vil. Díxose a si mesmo que era o home máis indescritiblemente egoísta sobre a face da terra. A súa mente imaxinaba os soldados, que habían de colocar os seus corpos desafiante ante a lanza do ouveante campo de batalla, e mentres os vía caendo coma pingas de auga nun campo imaxinario, díxose a si mesmo que el era o seu asasino.

De novo pensou que anceiaba estar morto. Sentía envexa polos cadáveres. Ó pensar nos asasinados, chegou a sentir grande desprezo por algúns deles, coma se fosen culpables de perderen a vida. Pode que os mataran afortunadas oportunidades, pensaba, antes de teren a oportunidade de escapar ou antes de que os puxeran a proba. E así e todo habían de recibir os loureiros da tradición. El berrou amargamente que as súas coroas eran roubadas e os seus traxes de memorias gloriosas eran unha farsa. Porén, seguía pensando que era unha pena que non fose un deles.

Unha derrota do exército presentábaselle como unha forma de escape das consecuencias do seu fracaso. Non obstante, agora pensaba que era inútil pensar nesa posibilidade. Fora educado na crenza de que o éxito daquela máquina azul estaba asegurado, que produciría vitorias como unha máquina fabrica botóns. Ó pouco tempo cambiou todas as súas especulacións na outra dirección. Volveu ó credo dos soldados.

Cando se decatou de novo de que non era posible que derrotasen o exército, tentou inventar un relato elaborado que puidese contarlle ó rexemento, e con el evitar os esperados dardos de burla.

Pero, malia terlle pavor a aquelas lanzas, foille imposible inventar un conto que lle parecera fiable. Experimentou con moitos argumentos, pero deixounos a un lado un por un por ser pouco sólidos. Deseguido vía neles puntos frouxos.

Ademais, tiña medo de que algunha daquelas frechas de desprezo puidese deixalo mentalmente indefenso antes de que puidese contar o seu conto protector.

Imaxinaba todo o rexemento preguntando: “Onde foi Henry Fleming? Botou a correr, non é? Ai, meu Deus!”. Pensou en varias persoas que habían de asegurarse de non deixalo tranquilo. Sen dúbida, habían de facerlle preguntas con burla e desprezo e habían botarse a rir ó velo dubidar e tatear. Na seguinte agarrada habían de telo vixiado para ver cando había de botar a correr.

Sen importar onde se atopase no campamento, había de percibir olladas insolentes e prolongadamente crueis. Imaxinábase que ó pasar preto dunha multitude de camaradas, e podería escoitar un deles dicindo: “Aí o vai!”

Entón, coma se as cabezas todas se movesen por un mesmo músculo, todas as caras viraríanse cara a el con amplos sorrisos desdeñosos. Pensaría que escoitara alguén facer un comentario humorístico en ton baixo. Ó escoitalo, todos os outros chiarían e rirían. Pasaría a formar parte do refraneiro.

## Capítulo 12

Xa case perdera de vista a columna que arremetera con forza contra os obstáculos na estrada cando o rapaz viu ondas escuras de homes que saían de entre as árbores e baixaban polos campos. O rapaz soubo de súpeto que as fibras de aceiro fôranlles extirpadas dos corazóns. Abrollábanlles a través das chaquetas e dos equipos coma se se tratase dunha lea. Cargaban na súa dirección coma búfalos espantados.

Detrás deles un fume azul arremuiñábase en nubes por riba das copas das árbores, e a través dos arbustos o rapaz podía ver de cando en vez un fulgor rosado na distancia. As voces dos canóns formaban un coro interminable.

O rapaz estaba horrorizado. Ollaba fixamente con agonía e asombro. Esquecera que estaba implicado nun combate co universo. Deixou a un lado os seus panfletos mentais sobre a filosofía do desertor e as regras sobre a guía dos condenados.

A loita estaba perdida. Os dragóns achegábanse con paso rápido e invencible. O exército, indefenso entre as silvas enmarañadas e cegado pola noite que penduraba sobre eles, ía ser devorado. A guerra, o animal vermello, a guerra, o deus enchido de sangue, había de darse unha boa enchente.

Dentro del algo tentaba berrar. Tivo o impulso de enunciarse unha arenga que axudase a recobrar as forzas, de cantar un himno de batalla, pero so puido conseguir que súa lingua ceibase ó aire: “Por que... Por que... Que... Que pasa?”

Ao pouco tempo estaba no medio deles. Saltaban e corrían arredor del. As súas caras pálidas brillaban no crepúsculo. Parecían, na maior parte, ser homes ben corpulentos. O rapaz deu virouse dun a outro mentres pasaban galopando. As súas preguntas incoherentes perdéranse. Os homes non facían caso da súa chamada. Parecía que non o viran.

Ás veces farfallaban coma tolos. Un home xigante preguntáballe ó ceo: “Ei, onde ‘ta o camiño de táboas? Onde ‘ta o camiño de táboas?”. Era coma se perdera un fillo. Choraba coa dor e con consternación.

Ao pouco tempo, os homes corrían por aquí e alá en todas as direccións. A artillería disparaba por diante, por atrás e nos flancos confundíase toda dirección. Os postes esvaececeran na escuridade que se fixera máis intensa. O rapaz comezaba a imaxinar que se metera no centro da tremenda loita, e non podía ver unha saída. Das bocas dos homes que fuxían emerxían miles de preguntas salvaxes, pero ningún daba respostas.

Finalmente, o rapaz, logo de correr a toda présa e lanzando preguntas ós grupos de infantaría en retirada que non lle facían ningún caso, agarrou un home polo brazo. Deron un par de voltas ata quedaren cara a cara.

-Por que... Por que... -tateaba o rapaz, pelexando coa súa lingua remiso.

O home berraba: “Déixame! Déixame!”. Tiña a cara lívida e os ollos dábanlle voltas sen control. Estaba respirando con dificultade e arqueando. Seguía agarrando o rifle, se cadra porque esquecera soltalo. El turraba con frenesí e o rapaz, ó verse obrigado a inclinarse cara adiante foi arrastrado varios pasos.

-Déixame! Déixame!

-Por que... Por que... -tateou o rapaz.

-A ver, ho! -farfallou o home mostrando unha rabia escabrosa. Ondeou o rifle habilmente e con forza. Escachouno contra a cabeza do rapaz. O home seguiu correndo. Os dedos do rapaz convertéronse en pedra sobre o brazo o outro. A enerxía encorou nos músculos. Viu as rechamantes ás dun raio relampar diante dos ollos. Escoitou un estrondo enordecedor de tronos dentro da cabeza.

De súpeto as súas pernas pareceron morrer. El caeu retorcéndose no chan. Tentou levantarse. Ao facer esforzos contra a dor que o deixaba insensible parecía un home loitando cunha criatura do aire.

Houbo unha pelexa sinistra.

Ás veces conseguía acadar unha posición medio dereita, batía contra o aire un momento, e logo caía de novo, agarrándose á herba. A súa cara estaba pálida e húmida. Dentro del emerxían xemidos profundos.

Por fin, conseguiu remexerse e apoiarse sobre as mans e os xeonllos e logo, coma un bebé tentando camiñar, púxose de pé. Apertando as mans contra as tempas, correu ós tombos sobre a herba.

Mantivo unha intensa batalla co seu corpo. Os seus sentidos atordados desexaban que esvaecese e el opúñanse con obstinación, pois a súa mente rebelde mostráballe descoñecidos perigos e mutilacións se caía no campo. Fixo coma o soldado alto. Imaxinaba lugares solitarios onde puidese caer e non ser molestado. Tiña que resistir a vaga de dor para atopar un lugar así.

Unha vez puxo a man no alto da cabeza e tocou a ferida con cautela. A dor esgazadora do contacto fíxolle ceibar un longo xemido a través dos dentes apertados. Os dedos estaban enchoupados de sangue. El ollou para eles fixamente.



Arredor del podía escoitar o rebumbio dos canóns ó arrastralos mentres os cabalos galopaban baixo a presión dos látigos. Unha vez, un oficial novo sobre unha besta enlamada case o esmagou. El deu a volta e observou a lea de canóns, homes e cabalos correndo nunha ampla curva cara a un oco nun valado. O oficial facía movementos excitadamente cunha man vestida cunha luva. Os canóns seguían os tiros de cabalos cun aquel de reticencia, coma se os levasen atados polas patas traseiras.

Algúns oficiais da infantería dispersa xuraban e ouveaban coma peixeiras. As súas voces iradas podían escoitarse por riba do rebumbio. Un escuadrón de cabaleiría cruzou a través do indescribible batifondo que había na estrada. O amarelo esvaecido das súas xarreteiras brillaba valorosamente. Produciuse un notable boureo.

A artillería estíbese reunindo coma se fose para un congreso.

A calixeira azul da tarde cubría o campo. As liñas do bosque formaban longas sombras púrpura. Unha nube deitárase ó longo do ceo polo oeste afogando en parte o vermello.

Mentres o rapaz deixaba aquela escena atrás del, escoitou de súpeto os canóns ruxindo. Imaxinounos tremendo cunha rabia negra. Arrotaban e ouveaban coma dous demos de bronce protexendo unha porta. O suave aire encheuse coa súa tremenda protesta. Despois chegou o terrible resón da infantería inimiga. Deu a volta para ollar detrás del e puido ver capas de luz laranxa iluminando a distancia ensombrecida. No aire ó lonxe vía suaves e repentinos relampos. Por veces parecía que podía ver montes de homes en movementos convulsos.

Logo apurou o paso e afondou na escuridade. O día fora esvaecendo ata que case lle era imposible distinguir onde pisar. A escuridade púrpura estaba chea de homes que falaban e baduaban. Por veces podía velos facendo acenos cara ó ceo azul e sombrizo. Parecía haber unha gran multitude de homes e municións espaxados polo bosque e polos prados.

A estrada pequena e estreita agora estaba baleira e sen vida. Había carros tombados coma rochas secas baixo o sol. O leito dun antigo regato estaba ategada cos corpos de cabalos e partes derramadas de máquinas de guerra.

Pasara o tempo e a ferida doíalle pouco. Porén, tiña medo de moverse rapidamente, non fora que a abrise. Mantiña a cabeza moi tesa e tiña moito coidado de non tropezar. Sentía moita ansiedade, e tiña a cara tensa e dorida só de pensar na dor que lle podería causar calquera erro repentino dos seus pés na escuridade.

Mentres camiñaba os seus pensamentos estaban fixos na ferida. Sentía unha sensación fría e líquida e imaxinaba o sangue movéndose devagar entre o seu cabelo. Sentía a cabeza inchada ata o punto de pensar que o seu pescozo non era axeitado.

O novo silencio da ferida preocupábao moito. Pensaba que as pequenas voces ardentes de dor que lle berraran desde a cabeleira eran expresións claras do perigo. Por conta delas pensaba que podía medir a gravidade da situación. Pero ó quedaren sinistramente silenciosas, asustouse e imaxinou dedos terribles que se agarraban ó cerebro.

Entre aquelas ideas comezou a pensar en varios incidentes e situacións do pasado. Lembrou algunhas comidas que cociñaba a súa nai na súa casa, onde os pratos que lle gustaban especialmente ocuparan prominentes posicións. Viu a mesa posta. As paredes de piñeiro da cociña brillaban baixo a luz quente da lareira. Lembrou tamén como el e os seus amigos adoitaban ir da escola ata a beira dunha poza que quedaba baixo as sombras no río. Viu a súa roupa desamañada sobre a herba da beira, sentiu o frescor da auga fragrante no seu corpo. As follas do pradairo por riba deles murmuraban harmoniosamente entre o vento do verán novo.

Ao pouco tempo viuse superado por un cansazo que o arrastraba. A cabeza caelle cara adiante e os ombros cambáronse coma se cargasen un gran paquete. Os pés arrastrábanse polo chan.

Mantiña continuos debates sobre se debía deitarse e durmir nalgures que quedase cerca, ou forzarse a seguir camiñando ata chegar a algún refuxio. Moitas veces tentaba ignorar a pregunta, pero o seu corpo persistía en rebelarse e os seus sentidos molestábano coma bebés consentidos.

Finalmente escoitou unha voz alegre ó carón do seu ombro.

-‘Tas ben, rapaz?

O rapaz non ollou cara arriba, pero asentiu cunha lingua atordada.

-Eh!

O dono da voz alegre colleuno con forza polo brazo.

-A ver -dixo, cun amplo sorriso-. Eu vou polo teu camiño. Toda a panda vai polo teu camiño. E supoño que che poden botar unha man -comezaron a camiñar coma un borracho que vai co amigo.

Mentres camiñaban o home facíalle preguntas ó rapaz e axudábao coas respostas coma quen manipula a mente dun neno. As veces introducía anécdotas.

-A que rexemento pertences? Eh? Cal é ese? O 304 de Nova York? E que corpo é ese? Ai, é? Porque pensaba que eles non ‘taban metidos hoxe, ‘tan aló no centro. Ai, estaban, eh? A ver, case todo o mundo conseguiu o seu cacho de pelexa hoxe. Meu deus, eu deime a min mesmo por morto moitas veces. Había disparos aquí e alá e ouveos aquí e alá, na escuridade do carallo, ata que eu non podía, así fose por salvar a miña alma, ter claro en que bando estaba. Por veces ‘taba case seguro de que era de Ohio e por outra podería xurar que era da amarga fin de Florida. Era a cousa mais mesturada que nunca vira. E eses bosques sonche un auténtico labirinto. Vai ser unha milagre se damos atopado os nosos rexementos esta noite. Aínda que pronto atoparemos moitos sentinelas e prebostes e isto e aquilo. Ai! Aí van cun oficial, supoño. Mira pa' súa man arrastrándose. Ese tivo toda a guerra que quere, poden apostar. Non vai andar a falar tanto da súa reputación e todo cando lle corten a perna. Pobre tipo! O meu irmán ten unhas patillas iguais ca esas. Como chegaches ata aquí, en calquera caso? O teu rexemento esta moi lonxe de aquí, non si? A ver, supoño que podemos atopalo. Sabes que hoxe mataron un rapaz na miña compañía, eu quería ben, Jack era un bo tipo. Meu deus, doeume coma se me partise un raio ó ver como lle daban ó vello Jack de cheo. Estaba alí un anaco todo tranquilo, aínda que os homes corrían a todos os lados arredor de nós e mentres estábamos de pe así, chega un tipo grande e gordo. Comezou a bater no cóbado de Jack e di: “Ei, onde ‘ta a estrada do río?” E Jack que nunca lle prestara atención e o tipo seguía a baterlle no cóbado e dicirlle: “Onde ‘ta estrada do río?”. Jack estaba ollando cara adiante todo o tempo tentando ver os Johnnies achegándose a través do bosque e non lle prestou atención a este tipo grande e gordo durante bastante tempo, pero por fin, deu a volta e dille: “Ai, vai ó carallo e vai atopar a estrada do río!”. E xusto entón un disparo deulle nun lado da cabeza. Era sarxento, amais. Esas foron as súas últimas palabras. Raios, desexaría que fose seguro o de atoparmos os nosos rexementos esta noite. Vai ser unha busca longa. Pero supoño que daremos feito.

Na camiñada que seguiu, ó rapaz pareceulle que o home da voz alegre posuía algo así coma unha variña máxica. Seguía a ruta polos labirintos do bosque enmarañado cunha peculiar fortuna. Nos encontros con gardas e patrullas mostraba a habilidade dun detective e o valor dun pícaro. Podía virar os obstáculos diante del en elementos de axuda. O rapaz, co seu queixo aínda apoiado contra o peito, quedaba paralizado coma un anaco de madeira, mentres o seu compañeiro abría camiños e posibilidades das cousas inhóspitas.

O bosque parecía un gran enxame de homes revoando en círculos frenéticos, pero o home alegre dirixía o rapaz sen trabucarse, ata que por fin, comezou a cacarexar con alegría e autocompracencia.

-Ai, aí os tes! Ves ese lume?

O rapaz asentiu aparvado.

-A ver, aí é onde ‘tá o teu rexemento. E agora adeus, rapaz, boa sorte.

Unha man morna e forte amarrou os dedos lánguidos do rapaz por un instante e logo escoitou un asubío audaz e alegre mentres o home se afastaba correndo. Mentres o home que se fixera seu amigo saía da súa vida, ocorréuselle de súpeto ó rapaz que non lle vira a cara nin unha soa vez.

## Capítulo 13

O rapaz foi camiñando amodo cara ó lume indicado polo amigo que marchara. Mentres camiñaba abaneando, pensaba na benvida que lle habían de dar os seus camaradas. Tiña a seguridade de que pronto había de sentir no seu dorido corazón os mísiles mordaces da burla. Non tiña forzas para inventar un conto; sería un branco fácil.

Fixo plans vagos para ir esconderse onde a escuridade era máis intensa, pero estes esvaeceron coas voces de esgotamento e dor do seu corpo. As feridas, clamorosas, forzárono a buscar un lugar onde comer e descansar, a calquera prezo.

Achegouse ó lume abaneando. Podía ver as formas dos homes proxectando sombras contra a luz vermella, e ó achegarse decatouse de que o chan estaba cuberto de homes durmindo.

De súpeto viuse fronte a unha figura negra e monstruosa. Un canón dun rifle reflectiu relustros de luces.

-Alto! Alto! -durante un momento quedou consternado, pero ó pouco tempo pensou que recoñecía a voz nerviosa. Mentres estaba vacilante diante do canón do rifle, berrou:

-Ei, ola, Wilson, es... es ti?

O rifle baixou ata unha posición de cautela e o soldado chión achegouse lentamente. Quedou fitando para a cara do rapaz.

-Henry, es ti?

-Si, son... son eu.

-Home, compañeiro -dixo o outro-, meu deus, que alegría verte! Dábate por morto. Pensábache que era seguro que 'tabas morto -na súa voz había unha rouca emoción.

O rapaz decatouse de que agora xa case non podía estar de pé. Sentiu un repentino afundimento das súas forzas. Pensou que debería darse presa en contar a súa historia para protexerse dos mísiles xa nos beizos dos seus temibles camaradas. Así que, arrastrándose diante do soldado chión, dixo:

-Si, si, foi.. foi horrible. Estiven por todas partes. Por alá pola dereita. Unha loita terrible. Paseino fatal. Separeime do rexemento. Alí pola dereita, disparáronme na cabeza. Nunca vira unha pelexa así. Foi horrible. Non sei como me puiden separar do rexemento. Ademais disparáronme.

O seu amigo achegouse cara adiante rapidamente.

-O que? Que che dispararon? Como non falaches antes? Meu pobre, temos que... Espera un minuto. Pero que 'tou facendo? Vou polo Simpson.

Outra figura nese momento apareceu na escuridade. Podía ver que era o cabo.

-Con quen falas, Wilson? -preguntou. A súa voz soaba con ton de rabia-. Con quen falas? Es o sentinela máis parvo... pero... home Henry, estas aquí! Home, pensaba que morreras hai catro horas! Meu deus, non deixan de aparecer cada dez minutos! Pensabamos que perderamos corenta e dous homes no reconto, pero se seguen chegando desta forma, xuntaremos a compañía de novo pola mañá. Onde estabas?

-Por alá pola dereita, separeime... -comezou o rapaz con considerable soltura.

Pero o seu amigo interrompeuno apurado.

-Si, e déronlle na cabeza e non 'ta ben e temos que velo xa.

Descansou o rifle na articulación do brazo esquerdo e rodeou co dereito o ombro do rapaz.

-Meu deus, iso ten que doerche un mundo! -dixo.

O rapaz apoiouse con forza no seu amigo.

-Si, doe... doe abondo! -contestoulle. Había un ton vacilante na súa voz.

-Ai -dixo o cabo. Enganchou o brazo no do rapaz e arrastrouno cara adiante-. Veña. Henry, eu hei termar de ti.

Mentres camiñaban xuntos, o soldado chión berrou detrás deles:

-Pono a durmir na miña manta, Simpson. E para quieto... toma a miña cantimplora. Vaiche chea de café. Míralle a cabeza contra a luz do lume e mira que che parece. Se cadra é unha ferida grave. Cando me releven nun anaco vou e bótolle unha ollada.

O rapaz tiña os sentidos tan atordados que a voz do seu amigo soaba ó lonxe e case non podía sentir a presión do brazo do cabo. Accedeu submisamente á forza deste, que o guiaba. A súa cabeza seguía igual ca antes, caída e apoiada contra o peito. Os xeonllos tremíanlle.

O cabo guiouno contra o lume.

-A ver, Henry -dixo-. Imos ver esa cabeza.

O rapaz sentou obediente e o cabo, deixando o rifle a un lado, comezou a remexer no pelo mesto do seu camarada. Viuse obrigado a virarlle a cabeza, de forma que a luz do lume pegase directamente contra ela. Engurraba a boca con aire crítico. Separou os beizos e asubiu a través dos dentes cando os seus dedos entraron en contacto co sangue espallado e a ferida fresca.

-Ah, velaquí está -dixo. Seguiu remexendo de maneira torpe-. Xusto o que pensaba -engadiu, ó pouco tempo-. Unha bala pasouche rozando. E deixouche un golpe bonito, coma se alguén che dese na cabeza cunha porra. Deixou de sangrar hai tempo. O único vai ser que pola mañá has sentir que nin nun sombreiro xigante che vai valer. E vas notar a cabeza tan quente e seca coma un cacho de churrasco. E pola mañá pode que collas outras enfermidades por conta da ferida. Nunca se sabe. Aínda así, non creo. Éche só un bo golpe na cabeza, máis nada. A ver, agora 'tato aquí parado e non te movas, mentres vou facer o relevo. Logo mándoche ó Wilson pa' que coide de ti.

O cabo marchou. O rapaz quedou no chan coma un paquete. Quedou fitando para o lume cunha ollada baleira.

Logo dun anaco espertou lixeiramente, e as cousas arredor del comezaron a ter forma. Viu que o chan nas sombras profundas estaba ateigado de homes, espaxados en todas as posturas posibles. Esforzándose por percibir as formas ó lonxe, na escuridade puido observar imaxes rápidas de rostros que se lle aparecían pálidos e fantasmais, acesos cun resplandor fosforescente. Estas caras mostraban nas súas engurras o fondo estupor dos esgotados soldados. Facían que parecesen homes bébedos de viño. Este anaco do bosque podería parecerlle a un camiñante etéreo unha escena que mostrase o resultado dalgunha orxía estarrecedora.

Do outro lado do lume o rapaz fixouse nun oficial durmido, sentado teso coas costas contra unha arbore. Había algo perigoso na súa posición. Molesto polos soños, se cadra, abaneaba con cada pequeno chimp e brinco, coma un vello avó borracho nun recuncho ó carón da cheminea. Tiña a cara luxada e cuberta de po. A mandíbula inferior caída, coma se lle faltasen forzas para adoptar a súa posición normal. Era a imaxe dun soldado exhausto logo dun auténtico festín bélico.

Era claro que quedara durmido coa espada nos brazos. Ambos os dous caeran fundidos nun abrazo, pero co tempo, á arma permitíraselle caer indiferente no chan. O puño montado en cobre estaba deitado en contacto con algunhas partes da fogueira.

Baixo o resplandor rosa e laranxa dos fachos ardentes había outros soldados, roncando e respirando fortemente, ou deitados coma mortos no seu soño. Podíanse ver pares de pernas estricadas, ríxidas e tesas. Os zapatos mostraban a lama e o po das marchas e os anacos de pantalóns redondeados que emerxían por debaixo das mantas revelaban esgazaduras e roturas por conta das rápidas carreiras a través de densas silvas.

O lume renxía musicalmente e del emanaban nubes de suave fume. Por riba deles, a follaxe movíase suavemente. As follas, coas súas caras viradas cara ás lapas, eran de vívidas e cambiantes tons prateadas, por veces enmarcadas en tons vermellos. Ó lonxe á dereita, a través dunha ventá no bosque podía verse un feixe de estrelas deitadas, coma croios escintilantes, na cama negra da noite.

De cando en vez, neste vestíbulo de arcadas baixas, un soldado espertaba e cambiaba de posición, pois a experiencia do seu soño lle revelara irregularidades incómodas no chan baixo del. Ou, se cadra, había de erguerse e quedar sentado, pestanexando cara ó lume durante uns momentos, estupefacto, antes de lanzar unha ollada rápida cara ó seu compañeiro deitado, para logo acomodarse de novo cun griñido de satisfacción adurmiñada.

O rapaz encrequenouse nun triste vurullo ata que chegou o seu amigo, o mozo soldado chión, abalando dúas cantimploras polas súas finas cordas.

-A ver, Henry, compañeiro -dixo-. Vámoste amañar nun minuto.

Tiña o xeito afanoso dunha enfermeira con pouca experiencia. Remexeu cos paus no lume ata conseguir relampos brillantes. Fixo que o seu paciente bebese abundantemente da cantimplora que contiña o café. Para o rapaz foron uns grols deliciosos. Botou a cabeza cara atrás e pegou a cantimplora nos beizos durante moito tempo. A fresca mestura baixou sen preocupación pola súa gorxa ferida. Ó rematar, o rapaz saloucou con deliciosa comodidade.

O mozo soldado chión observaba o seu camarada con aire de satisfacción. Máis tarde sacou un pano grande do peto. Dobrouno na forma dunha venda e enchoupou o centro con auga da outra cantimplora. Vendou a cabeza do rapaz con este basto amaño, atando os picos nun estraño nó na caluga.

-Ai tes -dixo-, afastándose e observando o seu traballo-. Pareces un espantallo, pero seguro que te sentes mellor.

O rapaz ollaba para o seu amigo con ollos agradecidos. Sobre a cabeza dorida e inchada o pano frío era coma a tenra man dunha muller.

-Non ouveas nin dis nada -observou o amigo con aprobación-. Sei que che son coma un ferreiro ó coidar dos enfermos, pero non ceibaches nin un chíó. Es un tipo duro, Henry. A maioría dos homes habíanche correr p' o hospital haiche unha boa. Un disparo na cabeza non che é unha cousa pa' andar xogando.

O rapaz non contestou, e comezou a xogar cos botóns da chaqueta.

-A ver, veña -seguiu o seu amigo-, veña. Teño que deitarte e asegurarme de que dormes ben.

O outro púxose en pé con tento, e o mozo soldado chión guiouno entre as formas dormentes deitadas en grupos e filas. Ó pouco tempo parou e colleu as súas mantas. Puxo a de goma no chan e a de la sobre os ombros do rapaz.

-A ver -dixo-. Déitate e durme algo.

O rapaz co seu aire de obediencia canina, deitouse con coidado, coma un vello encrequenado. Estricouse cun murmurio de alivio e comodidade. O chan parecíalle o colchón máis suave.

Pero de súpeto, berrou:

-Espera un anaco! E ti onde vas durmir?

O seu amigo ondeou a man con impaciencia.

-Aí, ó teu carón.

-Xa, pero espera -continuou o rapaz-. En que vas durmir? Eu teño as túas...

O mozo soldado chión griñiu:

-'Ta calado e durme. Non sexas parvo -dixo con seriedade.

Logo de o amigo rifarlle, o rapaz non dixo nada máis. Unha somnolencia exquisita espárese polo seu corpo. A comodidade morna da manta envolvíao e provocáballe unha suave languidez. A cabeza caeulle cara adiante sobre o brazo dobrado e as pesadas pálpebras pecháronse suavemente sobre os ollos. Escoitando o repenique da mosquetería na distancia, preguntábase con indiferenza se aqueles homes durmían algunha vez. Deu un longo suspiro, acubillouse na manta e nun momento converteuse nun máis entre os seus camaradas.

## Capítulo 14

Cando o rapaz despertou pareceulle que durmira durante mil anos e sentiu que abrira os ollos ante un mundo inesperado. Unha brétima gris disipábase suavemente ante os primeiros esforzos dos raios de sol. Podía verse un incipiente esplendor no ceo oriental. O rapaz tiña a cara fría por conta dun orballo xeadado, e inmediatamente despois de despertar volveu acubillarse máis fondamente na súa manta. Quedou ollando un anaco cara ás follas por riba deles, movéndose no vento heráldico do día.

A distancia estralaba e estouraba co ruído da loita. Había no son unha expresión dunha persistencia mortal, coma se aínda non comezara e non fose a rematar.

Arredor del estaban as filas e grupos de homes que percibira con dificultade a noite anterior. Estaban gozando dun último grolo de sono antes do amencer. Os rostros consumidos, ansiosos e as figuras poirentas percibíanse claramente naquela luz peculiar do amencer, pero esta vestía a pel dos homes con tons cadavéricos e facía que os seus membros enleados parecesen sen pulso e mortos. O rapaz deu un chimplo e ceibou un pequeno berro cando os seus ollos varreron por primeira vez esta inmóvil morea de homes, espaxados nunha grossa capa polo chan, pálidos e en estrañas posicións. A súa mente desordenada interpretou aquel vestíbulo no bosque coma un osario. Por un instante pensou que estaba na casa dos mortos e non se atreveu a moverse por se eses corpos comezaban a erguerse, chiando e griñindo. Porén, nun segundo volveulle o sentido. Fíxose unha complexa promesa. Puido ver que aquela imaxe sombría non era un feito do presente, senón unha mera profecía.

Daquela escoitou o ruído da fogueira estralando con forza no aire frío e, virando a cabeza, viu o seu amigo ocupado remexendo arredor dun pequeno lume. Algunhas figuras movíanse na néboa tamén, e escoitou o duro estralo dos golpes dunha macheta.

De súpeto escoitouse un rebumbio afogado de tambores. Unha corneta distante cantaba suavemente. Escoitábanse sons similares de irregular intensidade que procedían de puntos que lles quedaban preto ou máis afastados no bosque. As cornetas chamábanse unhas a outras coma galos de pelexa desafiantes. O rebumbio próximo dos tambores do rexemento comezara a resoar.

O corpo formado polos homes no bosque remexíase. Houbo un levantamento xeneralizado de cabezas. No aire tranquilo emerxeu un murmurio de voces, e nel resoaban moitos tons graves ceibando queixas e xuramentos. Apelaban a estraños deuses para condenar as horas temperás necesarias para levar a cabo unha guerra correcta. Elevouse a voz perentoria de tenor dun oficial e apurou os movementos anquilosados dos homes. Os membros enleados desenmarañáronse. As caras de tons cadavéricos quedaron escondidas detrás de puños que se retorcían devagar nas cuncas dos ollos.

O rapaz sentouse e ceibou un gran bocexo.

-Raios -comentou con petulancia. Fregou os ollos e logo levantou a man e sentiu con coidado a vendaxe na ferida. O seu amigo, ó decatarse de que espertara, achegouse desde o carón do lume.

-E ló, Henry, compañeiro, como andamos logo pola mañá? -preguntoulle.

O rapaz bocexou de novo. Logo apertou a boca e esta quedoulle engurrada nun xesto de choro. A verdade era que sentía a cabeza coma un melón, e tiña unha sensación desagradable no estómago.

-Meu deus, síntome bastante mal -dixo.

-Raios -exclamou o outro-. Esperaba que te sentises ben esta mañá. A ver a vendaxe... supoño que esvarou -comezou a tocar a ferida dunha forma algo torpe ata que o rapaz explotou.

-Meu Deus! -dixo con fonda irritación-. Es o zoupón máis grande que nunca vin! Parece que levas luvas nas mans. Por que raios non podes ir con máis coidado? Case preferiría que te afastases e me tocases a canonazos. Agora, faino devagar, e non fagas coma se estiveses chantando cravos nunha alfombra.

Quedou fitando para el cunha ollada de comando insolente, pero este respondeu suavemente.

-Moi ben, veña, ven e come algo -dixo-. Se cadra sentiraste mellor.

Ao carón do lume o mozo soldado chiñon termaba dos desexos do seu camarada con tenrura e coidado. Andaba moi ocupado xuntando as pequenas cuncas de lata negras e vertendo nelas a fumegante mestura ferruxinosa dunha pota de lata pequena e queimada. Colleu algo de carne fresca que asou rapidamente nun pau e logo sentou e contemplou o apetito do rapaz con alegría.

O rapaz percibiu do notable cambio no seu camarada desde aqueles días da vida de campamento á beira do río. Parecía que xa non estaba permanentemente pendente das proporcións do seu valor persoal. Non se puña furioso por conta de calquera comentario que acirrara a súa presunción. Xa non era un mozo soldado chión. Agora posuía unha confianza elaborada e mostraba unha crenza calma nos seus obxectivos e nas súas habilidades. E era esta confianza interna a que lle permitía mostrarse indiferente ante as palabras cativas que os outros homes lle dirixían.

O rapaz matinou. Estaba afeito a ver o seu camarada coma un neno malcriado que mostraba unha audacia que procedía da súa inexperiencia, un rapaz con pouco sentido, testán, celoso e cheo dunha coraxe de ouropel. Un neno arrogante afeito a fachendear na porta da súa casa. O rapaz preguntábase de onde naceran eses novos ollos; cando fixera o seu camarada o gran descubrimento de que había moitos homes que rexeitarían verse sometidos por el. Aparentemente o outro rubira ata un cumio de sabedoría dende onde podía verse a si mesmo coma unha cousa moi pequena. E o rapaz decatouse de que agora sería máis fácil vivir no arrabalde do seu amigo.

O seu camarada abaneaba a cunca de café da cor do ébano sobre o xeonllo.

-A ver, Henry -dixo-. Que pensas, cales son as nosas posibilidades? Cres que poderemos con eles?

O rapaz reflexionou un momento.

-O día antes d'onte -contestoulle finalmente con sinceridade-, ti mesmo apostarías que haberías de darlles unha malleira a todos ti só.

O seu amigo ollou para el algo asombrado.

-Eu? -preguntou. Logo dixo, pensativo-. A ver, se cadra podería dicir tal -decidiuse á fin. Quedou ollando humildemente para o lume.

O rapaz estaba bastante desconcertado con esta sorprendente recepción dos seus comentarios.

-Bueno, non, non dirías tal, tampouco -dixo, tentando rapidamente volver sobre os seus pasos.

Pero o outro fixo un xesto de desprezo.

-Ai, non tes que preocuparte, Henry -dixo-. Penso que che era un gran idiota naqueles tempos -falaba coma se pasaran anos daquilo.

Houbo unha pequena pausa.

-Tódolos oficiais din que temos os rebeldes metidiños nunha caixa ben apertada -dixo o amigo, aclarando a gorxa dun xeito casual-. Parece que todos pensan c'os temos xusto onde os queremos ter.

-Eu non che sei -contestoulle o rapaz.- O que vin alá pola dereita faime pensar que éche ó revés. Desd'onde eu 'taba, parecía coma se onte nos estivesen dando unha boa malleira.

-Ti cres? -preguntou o amigo-. Eu pensaba que onte lles demos ben.

-Nada diso -dixo o rapaz-. Pero, meu deus, home, non viches nada da pelexa. Meu deus! Logo pasoulle un pensamento repentino pola cabeza. Ai! E o Jim Conklin morreu.

O seu amigo deu un salto.

-Que? En serio? O Jim Conklin?

O rapaz falaba devagar.

-Si, 'tá morto. Déronlle no costado.

-Non tal. Jim Conklin... Pobre home!

Arredor deles había pequenos lumes rodeados por homes cos seus pequenos utensilios negros. Dun deses que estaba preto chegou unha repentina ladaíña de voces agudas. Parecía que dous soldados de pés lixeiros estiveran burlándose dun home de barba enorme, facéndolle verter o café sobre os xeonllos azuis. O home toleara e xurara de forma estrondosa. Atouzados por esta linguaxe, os seus torturadores ofendéronse inmediatamente e arremeteron contra el cun gran desprezue de inxustos xuramentos cheos de resentimento. Probablemente habería unha pelexa.

O amigo púxose de pé e achegouse a eles, facendo acenos de calma ca man.

-A ver, a ver, compañeiros, que foi? -dixo-. Temos que 'tar contra os rebeldes en menos dunha hora. De que vale pelexar entre nós?

Un dos soldados de pés lixeiros deu a volta cara a el coa cara roxa e violenta.

-Non me veñas cos teus sermóns. Seica non che gusta o de pelexáreste desque o Charley Morgan che deu unha malleira; pero non vexo quen te chamou a ti nin a ningún outro a metéreste neste asunto.

-Home, non ch' é cousa miña -dixo o amigo suavemente-. Pero así e todo, odio ver...

Seguiu unha discusión encerellada.

-Pois é que el... -dicían os dous indicando o seu opoñente con índices acusadores.

O soldado enorme estaba morado coa rabia. Sinalaba os dous soldados coa man, xigante e estricada, coma unha pouta:

-Pois é que eles...

Pero durante este período de argumentación, parecía que o desexo de repartir golpes foi esvaecendo, aínda que non deixaban de dirixirse adxectivos os uns ó outro. Finalmente, o amigo volveu ó seu anterior asento. Ó pouco tempo, os tres inimigos andaban xuntos en amable compañía.

-O Jimmie Rogers di que teño que pelexarme con el despois da batalla hoxe -anunciou o amigo cando se sentou de novo-. Di que non permite que se metan nos seus asuntos. Eu odio ver os rapaces pelexando entre eles.

O rapaz riu un anaco.

-Moito cambiaches. Non pareces o que eras. Lembro aquela vez que ti e o tipo aquel irlandés... -parou e riu de novo.

-Non, eu non ch'era así -dixo o amigo pensativo-. Iso é certo.

-A ver, non quería dicir... -comezou o rapaz.

O amigo fixo outro xesto de desculpa.

-Ai, non te preocupes, Henry.

Houbo outra pequena pausa.

-O rexemento perdeu a metade dos homes onte -comentou o amigo finalmente-. Eu pensei, claro, que 'taban todos mortos, pero meu deus, non pararon de chegar de volta pola noite ata que parece que ó final, non perdemos máis c'uns poucos homes. 'Taban espaxados por todas partes, camiñando polo bosque, loitando con outros rexementos e todo iso. Igual ca ti.

-En serio? -dixo o rapaz.

## Capítulo 15

O rexemento estaba en formación á beira dunha estrada, esperando pola orde de marchar cando, de súpeto o rapaz lembrou o pequeno paquete envolvido nun sobre amarelo esvaecido que o mozo soldado chión lle entregara con palabras lúgubres. Aquilo fixolle dar un chimpo. Ceibou unha expresión de sorpresa e virose cara ó seu camarada.

-Wilson!

-Que foi?

O amigo, que estaba na fila ó seu carón, ollaba pensativo cara a estrada. Por algún motivo naquel momento mostraba unha expresión mansa. O rapaz, mirando para el de esguello, sentiuse obrigado a cambiar o seu obxectivo.

-Bah, nada -dixo.

O amigo levantou a cabeza sorprendido.

-A ver que ías dicir?

-Ai, nada -repetiu o rapaz.

Decidiu non ocuparse daquel absurdo asunto. Xa lle chegaba con que o simple feito lle fixese graza, non era preciso facer leña do compañeiro a conta do paquete perdido.

Tiña medo do compañeiro, pois vira o sinxelo que era que algunhas preguntas lle furaran os sentimentos. Ata entón, asegurárase a si mesmo que o alterado camarada non



había de atormentalo coa súa persistente curiosidade, pero estaba seguro de que así que tivesen algo de calma o seu amigo había de pedirlle que lle contase as aventuras do día anterior.

Agora deleitábase ó pensar que posuía unha pequena arma coa que prostrar o seu camarada ós primeiros indicios dun interrogatorio. El era quen mandaba. Agora era el quen podía rir e disparar os raios de burla.

O amigo faláralle entre saloucos da súa propia morte, nun momento de febleza. Enunciara unha oración melancólica previa ó seu funeral, e sen dúbida no paquete de cartas incluía varios recordos para os seus familiares. Pero non morrera e polo tanto entregárase a si mesmo nas mans do rapaz.

Este sentíase inmensamente superior ó camarada pero decidiuse pola condescendencia, así que no tocante ó seu amigo adoptou un aire de bo humor e superioridade.

Agora o seu orgullo estaba completamente restaurado. Baixo a sombra do seu florecemento quedou coas pernas tesas e confiadas, e posto que nada se podería descubrir agora, non se había de amedrentar ante as olladas dos xuíces, e non permitía que os seus propios pensamentos o afastasen dunha actitude de valentía. Cometera os seus erros nas sombras da escuridade, así que seguía sendo un home.

De feito, cando lembraba a súa sorte do día anterior e pensaba nela na distancia, comezou a ver algo bo nela. Tiña licenza para ser pomposo e veterano.

Afastou da lembranza a agonía sufocante do pasado.

Agora dicíase a si mesmo que só os condenados e infelices eran quen de ruxir con sinceridade ás circunstancias. Poucos de non seren eles o facían. Un home co bandullo cheo e que tivese o respecto dos seus camaradas non tiña nada que rabiarse sobre o que pensase que non era correcto de acordo co universo, ou mesmo ca sociedade. Había que deixar que os infelices esbardallaran, os outros podían xogar ás bólas.

Non lle prestaba moita atención ás batallas que tiñan por diante. Non era fundamental que planificase as súas accións en función delas. Aprendéranlle que moitas obrigas na vida podían evitarse facilmente. As leccións do día anterior ensináranlle que a recompensa era lenta e cega. Con estes feitos ante si non consideraba necesario impacientarse coas posibilidades das seguintes vinte e catro horas. Podía deixarlle moito ó azar. Ademais, agromara secretamente dentro del unha caste de fe nel mesmo. Había unha florina de seguridade dentro del. Agora era un home experimentado. Estivera fóra entre os dragóns, pensou, e asegurouse a si mesmo que non eran tan terribles como os imaxinara. Ademais, eran inexactos, non picaban con precisión. Un corazón forte moitas veces desafiaba, e ó desafiar, escapara.

E ademais, como poderían matalo a el, que era o elixido dos deuses e destinado á grandeza?

Lembraba como algúns dos homes escaparan da batalla. Mentres lembraba as súas caras paralizadas polo terror, sentía desprezo por eles. Seguro que foran máis velozes e máis salvaxes do que era absolutamente necesario. Eran febles mortais. Mentres que el, el fuxira con discreción e dignidade.

Espertou deste soño polo seu amigo quen, logo de remexerse nervioso e pestanexar cara ás árbores un anaco, tусiu de súpeto como introdución e falou:

-Fleming!

-Que?

O amigo puxo a man na boca e tусiu de novo. Púxose a remexer na chaqueta.

-Oes -tragou saliva por fin-, igual podías devolverme as cartas aquelas -as súas fazulas e cello inzáronse de sangue escuro e formigante.

-Claro, Wilson -dixo o rapaz. Desabrochou dous botóns da chaqueta, meteu a man e sacou o paquete. Mentres llo ofrecía ó amigo, este virou a cara.

Sacara o paquete con vagar, pois tentara elaborar un comentario relevante sobre o asunto. Non puido elaborar nada o suficientemente interesante. Viuse obrigado a deixar que o seu amigo escapara sen importunalo. E por esta razón, concedeuse abondo mérito. Foi un acto xeneroso.

Parecíalle que o amigo ó seu carón padecía moita vergoña. Mentres o observaba, o rapaz sentiu como o corazón facíase máis forte e robusto. El nunca se vira na obriga de arrubiar daquela maneira polos seus actos, xa que el era un individuo con extraordinarias virtudes.

Pensaba, cunha pena condescendente: “Que pena! Que pena! O pobre do home, que mal se sinte!”

Logo deste incidente e mentres revisaba as imaxes da batalla que presenciara, sentiuse bastante capaz de volver a casa e facer que os corazóns da xente brillasen coas historias da guerra. Podía verse a si mesmo nun cuarto de cores cálidas contando historias a quen o escoitase. Podía exhibir as follas de loureiro. Eran insignificantes, pero aínda así, nun lugar onde os loureiros eran infrecuentes, poderían brillar.

Vía a súa audiencia coa boca aberta imaxinádoo como a figura central en escenas de batalla. Imaxinaba a consternación e os comentarios da súa nai e a rapaza aquela do seminario mentres bebían os seus recitais. A súa vaga fórmula feminina polos seres queridos levando a cabo valentes fazañas no campo de batalla sen arriscar a vida veríase destruída.

## Capítulo 16

O repenique da mosquetería escoitábase permanentemente. Máis tarde, o canón entrou tamén na rexouba. No aire enchoupado de néboa, aquelas voces resoaban como golpes secos e as reverberacións eran continuas. Esta parte do mundo mantiña unha existencia estraña, chea de batallas.

O rexemento do rapaz puxérase en marcha para relevar un comando que quedara moito tempo nunha húmida trincheira esquecida. Os homes tomaron posicións detrás dunha lina serpeante de fochas de fusileiros levantada coma un gran suco ó longo da liña do bosque. Diante deles había un espazo chan cuberto de cepos pequenos e deformados. Do bosque chegaban os disparos apagados dos escaramuzadores e da patrulla de recoñecemento, disparando na néboa. Pola dereita sentíase o estrondo dun terrible altercado.

Os homes acubilláronse detrás do pequeno muro de contención e quedaron alí sentados en actitude relaxada agardando pola súa quenda. Moitos estaban de costas á refrega. O amigo do rapaz deitouse e escondeu a cabeza entre os brazos e parecía que de forma instantánea, quedara profundamente durmido.

O rapaz apoiou o peito contra o chan escuro e quedou fitando para os bosques e ó longo da liña. As cortinas de árbores interferían no seu campo de visión. Podía ver a baixa liña de trincheiras, pero só un anaco dela. Nos outeiros poeirentos pousaran algunhas bandeiras ausentes. Detrás delas había ringleiras de corpos escuros e algunhas cabezas curiosas emerxían por riba da liña de terra.

O boureo dos escaramuzadores chegaba constantemente desde o bosque pola fronte e a esquerda, e o estrondo pola banda dereita aumentara ata proporcións aterradoras. Os canóns ruxían sen parar un instante para coller alento. Semellaba que chegaran de todas as partes e enleáranse nunha agarrada estupenda. Daquela acabou por ser imposible que se escoitara nin unha frase.

O rapaz quixo facer unha broma, enunciar un titular de xornal. Desexaba dicir: “Todo tranquilo pola banda do Rappahannock”, pero os canóns negábanse a permitir sequera un comentario sobre o seu propio ruxido. Non conseguiu rematar a frase con éxito. Porén, finalmente os canóns remitiron e entre os homes acubillados entre as fochas de fusileiros volveron a revoar os rumores, coma paxaros. Pero agora a maioría deles eran criaturas negras que ondeaban as ás lugubrememente preto do chan e negábanse a levantar o voo con ás de esperanza. As caras dos homes facíanse cada vez máis tristes coa interpretación dos agoiros. Chegaron ós seus oídos algúns contos de dúbidas e desconcerto pola banda de quen estaba no alto dos postos e responsabilidades. Nas súas

mentes filtráronse historias do desastre con moitas probas. Aquel estrondo da mosquetería á dereita, cada vez máis intenso, coma un xenio ruidoso ceibado, expresaba e salientaba a triste situación do exército.

Os homes estaban descorazonados e comezaron a murmurar. Facían xestos que ilustraban a frase: “Ai, que máis podemos facer?”, e podía percibirse constantemente a súa decepción ante as supostas novas e como non podían entender completamente unha derrota.

Antes de que os raios de sol borrasen por completo as néboas grises, o rexemento marchou nunha columna espaxada que se retirou coídadosamente a través do bosque. As liñas desordenadas e apuradas do inimigo podían verse ás veces entre os soutos e nos pequenos claros. Ouveban con berros agudos e exultantes.

Ante esta imaxe o rapaz esqueceu moitos asuntos persoais e caeu presa da ira. Explotou enunciando frases en alto.

-Por tódolos ceos, ‘tamos dirixidos por un monte de idiotas.

-Mais dun anda a dicir iso hoxe -observou un home.

O seu amigo, que espertara había pouco, seguía adurmiñado. Ollou cara atrás ata que a súa mente entendeu o significado daquel movemento de tropas. Logo suspirou.

-Ai, vaia, vexo que nos deron unha malleira -comentou tristemente.

O rapaz pensaba que non era correcto pola súa banda criticar libremente outros homes. Tentou conterse, pero as palabras que esperaban na lingua sabíanlle abondo amargas. Ó pouco tempo comezou unha longa e intricada denuncia do comandante das forzas.

-Se cadra non foi culpa súa... ou non de todo. Faríao o mellor que sabía. Se mallan en nós a cada canto, será porque temos esa sorte -dicía o compañeiro con voz cansa. Camiñaba arrastrando os pés, cos ombros caídos e ollada cambiante, coma un home a quen lle deron unha malleira de paus e patadas.

-Pero, a ver, nós non pelexamos coma demos? Non facemos todo que pode facer un home? -preguntou o rapaz en voz alta.

Quedou secretamente estupefacto con este sentimento cando saíu dos seus beizos. Por un momento a súa expresión perdeu o seu valor e el ollou arredor de si con culpabilidade. Pero ninguén cuestionou o seu dereito a enunciar aquelas palabras, polo que ó pouco recuperou o seu aire valoroso. Logo repetiu unha frase que escoitara resoando entre un grupo e outro.

-O brigadier dixo que nunca vira un novo rexemento pelexar da forma que pelexamos onte, non si? E non o fixemos mellor ca calquera outro rexemento, ou? Pois logo, non podeades dicir que é culpa do exército, ou?

A resposta do seu amigo soou forte.

-Claro que non -dixo-. Ninguén se atreve a dicir que non pelexamos coma o demo. Ninguén se atreverá nunca a dicir iso. Os rapaces pelexan como galos. Pero aínda así, non temos sorte.

-Pois entón, se pelexamos coma o demo e nunca gañamos, pois será cousa do xeneral -dixo o rapaz con fachenda e decisión-. E non lle vexo ningún sentido a loitar e loitar e loitar, se sempre perdemos por conta dun vello idiota xeneral do carallo.

Un home sarcástico que camiñaba con dificultade ó carón do rapaz falou daquela con desgana.

-Se cadra pensas que pelexaches ti só toda a batalla onte, Fleming -comentou.

Aquel discurso acoitelou o rapaz. Quedou reducido por dentro a un puré humillado por conta daquelas palabras casuais. As súas pernas tremeron secretamente. Dirixiulle unha ollada asustada ó home sarcástico.

-Claro que non -apurouse a dicir nunha voz conciliadora.- Non creo que pelexase eu só toda a batalla onte.

Pero o outro parecía non expresar ningún outro significado máis profundo. Aparentemente non tiña información. Era só o seu costume.

-Ah! -contestoulle no mesmo ton de tranquila burla.

Porén o rapaz sentiuse ameazado. A mente encolléralle ó achegarse ó perigo e logo quedou en silencio. O significado das palabras do home sarcástico borráralle calquera estado de ánimo valoroso que o podería facer parecer prominente. De súpeto converteuse nunha persoa modesta.

Entre as tropas escoitábanse voces baixas. Os oficiais estaban impacientes e cortantes, e os seus rostros sombrizos por conta das historias da pouca sorte. As tropas movíanse fuscas entre a floresta. Na compañía do rapaz resoou unha vez a risada dun home. Unha ducia de soldados deron a volta rapidamente cara a el e engurraron o cello cun aquel de enfado.

O ruído dos disparos acompañaba as súas pisadas. Ás veces parecía desviarse un pouco pero sempre volvía con maior insolencia. Os homes murmuraban e xuraban, lanzando olladas escuras cara a mesma dirección.

Finalmente mandaron parar as tropas nun claro. Os rexementos e brigadas desmembrados e separados a través dos seus encontros cos arbustos volvéronse xuntar e as liñas enfrontaron os ladridos perseguidores da infantería inimiga.

Este ruído que os perseguía coma os brados de ansiosos sabuxos metálicos aumentou ata formar un estourido alto e estrondoso e logo, mentres o sol rubía sereno polo ceo dirixindo raiolas luminosas contra os arbustos sombrizos, rompeu a soar como longos tanguidos de campás. O bosque comezou a estralar coma se estivese ardendo entre as lapas.

-Alavai! -dixo un home-. Aí 'tá! Todo o mundo a loitar! Sangue e destrución.

-'Taba a piques de apostar a que habían de atacar así que saíra o sol -afirmou salvaxemente o lugartenente que dirixía a compañía do rapaz. Acariñaba sen misericordia o seu pequeno bigote. Alancaba de aquí para alá con escura dignidade na retagarda dos seus homes, que agardaban deitados detrás de calquera protección que atoparan.

Unha batería puxérase en posición na retagarda e bombardeaba a distancia. O rexemento, que aínda non fora perturbado, esperaba o momento en que as sombras grises do bosque diante deles fosen estragadas polas liñas do lume. Escoitábanse moitos griñidos e xuramentos.

-Meu deus -queixábase o rapaz-, sempre andamos perseguidos coma as ratas! Ponme malo. Ninguén parece saber onde ou por qué imos. Só nos disparan por aquí e alá e nos dan malleiras aquí e nos dan malleiras alá, e ninguén sabe pa' que seguimos aquí. Fai que un home se sinta coma un gato nun saco. Agora si que me gustaría saber pa' que raios entramos nestes bosques, a menos que fose pa' darlles ós rebeldes unha oportunidade máis pa' que mallen en nós. Viñemos aquí e enleamos as pernas nestas silvas do carallo, e logo dálle a loitar, e os rebeldes o teñen ben fácil. Non me veñades con que é só sorte! Eu ben vos sei, évos unha merda de...

O amigo parecía esgotado, pero interrompeu o seu camarada cunha voz de calma confianza.

-Ao final sairá ben -dixo.

-Si, polo carallo! Sempre falas coma un cura avergoñado. Non me digas! Eu sei...

Nese momento interrompeunos o lugartenente salvaxe, que se vía na obriga de ceibar algo da súa insatisfacción interna sobre os seus homes.

-Calade a boca, rapaces! Non hai necesidade de perde-lo alento en discusións enleadas sobre isto e aquilo e o outro. Non deixades de berrar coma un feixe de galiñas chocas. Todo o que tedes que facer é pelexar e habedes ter moito diso nuns dez minutos. Menos falar e máis loitar é o que é mellor pa' vós, rapaces. Nunca vin idiotas que parolasen tanto -logo calou, preparado para lanzarse sobre calquera home que tivese a temeridade de responder. Ó non escoitar ningunha palabra, continuou a súa digna camiñada-. Haivos moito lareta e pouca loita nesta guerra, en calquera caso -díxolles, virando a cabeza para ceibar unha última frase.

O día virara máis claro, ata que sol esparexera toda a súa luz sobre o bosque frondoso. Unha especie de vaga marcial espallouse contra a parte da liña onde estaba situado o

rexemento do rapaz. A fronte movérase un pouco para confrontala de cheo. Houbo unha pausa. Nesta parte do campo pasaban devagar os momentos intensos que precedían o trebón.

Un só rifle lostregou entre os arbustos diante do rexemento. Nun instante uníronselle moitos outros. Escoitouse unha canción marabillosa de choques e estralos que varrían o bosque. Os canóns no fondo, ergueitos e irados polos proxectís que lanzaran contra eles, implicáronse de súpeto nunha liorta espantosa coa outra banda de canóns. O ruxido da batalla converteuse nun trono resoante que revelaba unha única e longa explosión.

No rexemento había un tipo de reticencia especial que se reflectía nas actitudes dos homes. Estaban esgotados, exhaustos, durmíran pouco e traballaran moito. Viraban as súas órbitas cara á batalla que camiñaba mentres esperaban o golpe. Algúns encollíanse e estremecíanse. Estaban paralizados coma homes atados a unha estaca.

## Capítulo 17

Este avance do inimigo pareceulle ó rapaz unha caza implacable. Comezou a enfurecerse por conta da rabia e da exasperación. Bateu o chan co pé, e engurrou o cello con odio cara o fume que se arremuiñaba e se achegaba coma unha inundación fantasmal. Naquela aparente decisión do inimigo de non deixarlles descansar, de non deixarlles tempo para sentarse e pensar había unha calidade que o toleaba. Onte loitara e fuxira rapidamente. Vivira moitas aventuras. Sentía que por hoxe xa gañara un merecido descanso contemplativo. Había de prestarlle quedar describindolles a audiencias non iniciadas varias escenas das cales fora testemuña ou poñerse a debater con habilidade o descorrer da guerra con outros homes experimentados. E ademais, tamén era importante ter tempo para a súa propia recuperación física. Estaba magoado e tiña os músculos rexos por conta das súas experiencias. Realizara unha boa ración de esforzos e desexaba descansar.

Pero aqueles homes parecía que nunca cansaban; loitaban ó ritmo de sempre. El sentía un odio salvaxe por ese inimigo incansábel. Onte, cando imaxinara que o universo estaba en contra del, odiáralo, os deuses pequenos e os deuses grandes; hoxe odiaba o exército do inimigo co mesmo gran odio. Non o ían matar con aquel acoso, como un gatiño perseguido por unha banda de pícaros, pensou. Non estaba ben que acurralaran os homes en recunchos sen saída; naqueles momentos todos eles podían sacar os dentes e as unllas.

Inclinouse e faloulle ó amigo á orela. Fixo un xesto ameazante cara o bosque.

-Se seguen perseguíndonos, meu deus, máis lles vale 'taren atentos. Non che vou aturar isto MOITO máis.

O amigo virou a cabeza e contestoulle con calma.

-Se seguen perseguíndonos vannos mandar a todos ó río.

O rapaz berrou salvaxemente con este comentario. Acubillouse detrás dunha árbore pequena cos ollos ardéndolle de odio e os dentes apertados nun griñido lúgubre. A improvisada vendaxe seguía envolvéndolle a cabeza e nela, no lugar da ferida, había unha mancha de sangue seco. Tiña o pelo extremadamente enleado e algúns rizos desamañados caíanlle por riba da tea da vendaxe e sobre a fronte. Tiña a chaqueta e camisa abertas á altura da gorxa e deixaban ver o seu pescozo novo e dourado. Na súa gorxa podían percibirse tragos espasmódicos.

Os seus dedos enguedellábanse nerviosos arredor do rifle. Desexaba que este fose unha máquina can capacidade aniquiladora. Sentía que el e mailos seus compañeiros estaban a ser burlados e ridiculizados por conta de sinceras conviccións de seren pobres e esmirrados. A certeza de ser incapaz de vingarse por todo isto transformou a súa rabia nun espectro escuro e tempestuoso, que o posuía e facíalle soñar crueldades abominables. Os torturadores eran moscóns insolentes que lle chuchaban o sangue, e pensou que había de dar a vida pola vinganza de ver as súas caras en situacións lamentables.

Os ventos da batalla varreran todo o que rodeaba o rexemento, ata que un rifle, seguido instantaneamente por outros relampou na fronte. Un momento despois o rexemento ruxía en repentina e valorosa resposta. Creouse un denso muro de fume constantemente furado polo lume dos rifles coma coiteladas.

Ao rapaz, os soldados parecíanlle animais pelexando nunha loita a morte nun curral pechado. Tiña a sensación de que el e os seus compañeiros, acirrados, contraatacaban, sempre rexeitando os intensos ataques de criaturas esvaradías. Os seus relustros carmesí parecían non darlles caza ós corpos dos seus inimigos; estes últimos parecían evadilos con facilidade, e achegárense a través deles, entre eles, arredor deles e polos lados cunha habilidade que non atopaba oposición.

Cando nun sonho ó rapaz se lle ocorreu que o seu rifle era un pau impotente, perdeu o sentido de todo excepto do seu odio, do seu desexo de esmagar ata facer un puré o reluciente sorriso de vitoria que podía sentir nos rostros do inimigo.

A liña azul esganada polo fume curvábase e ondeaba coma unha serpe esmagada. Movía os seus cabos adiante e atrás nunha agonía de medo e rabia.

O rapaz non se decatara de que estaba de pé. Non sabía en que dirección estaba o chan. De feito, unha vez mesmo perdeu o hábito do equilibrio e caeu pesadamente. Púxose de pé de novo inmediatamente. Un pensamento cruzou o caos do seu cerebro nese momento. Preguntábase se caera porque lle dispararan. Pero a sospeita esvaeceuse de vez. Non pensou máis niso.

Tomara unha primeira posición detrás da pequena árbore, cunha clara determinación de mantela contra o mundo. Non considerara posible que o seu exército puidese vencer ese día, e por iso sentíase capaz de loitar con máis forza. Pero a multitude aparecera por todas as partes, ata que perdeu todo sentido da dirección e a situación, excepto a conciencia de saber onde ficaba o inimigo.

As lapas mordían e o fume quente carbonizáballe a pel. O canón do seu rifle quentárase tanto que nunha situación normal non podería collelo coas mans, pero seguiu meténdolle cartuchos e apertándoos coa baqueta tintinante e dobrada. Se apuntaba cara a algunha forma cambiante a través do fume, apertaba o gatillo cun grñido intenso, coma se estivese dando un golpe co puño con toda a súa forza.

Cando o inimigo parecía retroceder diante del e dos seus compañeiros, el movíase instantaneamente cara adiante, coma un can que ó ver o inimigo dubidar, dá a volta e insiste en que o persigan. E cando se vía obrigado a retirarse de novo, facíao devagar, fúsc, dando pasos de irada desesperación.

Unha vez, por conta do seu odio decidido, quedou disparando só, mentres que todos ó seu arredor xa pararan. Estaba tan concentrado na súa tarefa que non se decatara da tregua.

Volveu en si por unha risa rouca e unha frase que lle chegou ós oídos nunha voz de desdén e sorpresa:

-Ei, idiota, non sabes parar cando non hai nada a que dispararlle? Meu deus!

Entón deu a volta e, facendo unha pausa co rifle medio en posición, observou a liña azul de camaradas. Durante este momento de descanso parecían estar todos ocupados en ollar para el con asombro. Convertéranse en espectadores. Volveu virar cara á fronte e viu, baixo o fume que se levantaba, unha explanada deserta.

Durante un anaco quedou perplexo, e logo apareceu ante o vidro baleiro dos seus ollos unha faísca diamantina de intelixencia. “Ah”, dixo con entendemento.

Volveu canda os seus camaradas e lanzouse contra o chan. Estricouse coma un home ó que lle deran unha malleira. Tiña a estraña sensación de que os seus músculos ardían e os sons da batalla continuaban a resoar nos seus oídos. Tenteou ás cegas pola súa cantimplora.

O lugartenente grallaba. Parecía bébedo coa pelexa. Berroulle ó rapaz:

-Meu deus, se tivese dez mil gatos salvaxes coma ti podería gañar esta guerra en menos dunha semana! -encheu o peito con gran dignidade mentres falaba.

Algúns dos homes murmuraban e ollaban para o rapaz asombrados. Estaba claro que mentres el estivera disparando e cargando e xurando sen parar, eles atoparan tempo para observalo. E agora ollaban para el coma se fose un demo da guerra.

O amigo achegouse arrastrándose ata el. Había algo de medo e consternación na súa voz.

-‘Tas ben, Fleming? ‘Tas ben? Non che pasa nada, Henry, non si?

-‘Tou -dixo o rapaz con dificultade. Parecíalle que tiña a gorxa chea de nós e abrochos.

Estes incidentes facían pensar ó rapaz. Reveláraselle que se comportara coma un bárbaro, coma unha besta. Loitara coma un pagán que defende a súa relixión. Ó pensalo decatouse de que fora correcto, salvaxe e, dalgunha maneira, sinxelo. Comportárase como unha enorme figura, non había dúbida. Coa súa loita vencera obstáculos que lle pareceran montañas. Caeran coma cumes de papel, e agora el era o que el mesmo chamaba un heroe. E non fora consciente do proceso. El durmira, e ó espertar, decatárase de que se convertera nun guerreiro.

Deitouse e deleitouse nas olladas ocasionais dos seus camaradas. Tiñan as caras tinguidas de distintos tons de negrura da pólvora queimada. Algúns estaban completamente manchados. Fedían coa suor, e alentaban con dificultade, asubiando ó respirar. E desde aquelas luxadas distancias fitaban para el.

-Traballo duro! Traballo duro! -berraba delirante o lugartenente. Camiñaba arriba e abaixo, inquedo e ansioso. Ás veces a súa voz podía escoitarse na forma dunha risada salvaxe e incomprendible.

Cando tiña un pensamento especialmente profundo sobre a ciencia da guerra sempre se dirixía ó rapaz de forma inconsciente.

Entre os homes sentíase unha lúgubre celebración:

-Meu deus, aposto a que este exército nunca ha ver outro novo rexemento coma nós!

-Apóstoches que non!

-Non sabedes iso de que “a muller e o can son como a nogueira, que dan máis a cada malleira”? Pois igualiño pasa con nós.

-Perderon unha morea de homes, aí ho. Se unha vella varrera o bosque sacábavos un recolledor cheo.

-Si, ho, e se volve unha hora máis tarde, saca outra morea máis.

O bosque seguía carrexando o peso do clamor. Por baixo das árbores chegaba o repenique resoante da mosquetería. Cada arbusto distante parecía un estraño porco espiño con púas de lapas. Unha nube de fume escuro, coma se provese dunhas ruínas incandescentes, subía cara o sol, agora brillante e alegre no ceo azul esmaltado.

## Capítulo 18

A liña esfarrapada de tiradores descansou uns minutos, pero durante a pausa, a refrega no bosque foi aumentando en intensidade ata que pareceu que as árbores tremían cos disparos e o chan vibraba coas carreiras dos homes. As voces dos canóns mesturábanse nunha disputa longa e interminable. Parecía difícil vivir nunha atmosfera así. Os peitos dos homes esforzábanse por obter algo de aire fresco e as súas gorxas desexaban auga.

A un atravesáranlle o corpo dun disparo, e cando chegou un momento de calma, sentiuse o seu berro de amargura. Se cadra xa ouveara durante a loita, mais daquela ninguén o escoitara. Porén, agora os homes atendían as penosas queixas do home deitado no chan.

-Quen é? Quen é?

-O Jimmie Rogers. Jimmie Rogers.

Cando o atoparon houbo un cese repentino da actividade, coma se os homes tivesen medo de achegarse. Estaba no chan, magoado, remexéndose en estrañas posturas. Berraba con forza. As dúbidas dos homes naquel momento parecían enchelo dun gran desdén e xuraba contra deles en voz alta.

O amigo do rapaz tivo unha ilusión xeográfica que contemplaba un regato, e déronlle permiso para ir por algo de auga. Inmediatamente comezaron a choerlle cantimploras.

-Énchesme a miña, ou?

-Tráeme algo d'auga, tamén a min.

Púxose en marcha, ben cargado. O rapaz foi co amigo, sentindo o desexo de lanzar o seu corpo quente no regato e, unha vez enchoupado, poñerse a beber litros.

Fixeron unha busca rápida tras do suposto regato, pero non o atoparon.

-Aquí non ch'hai auga -dixo o rapaz.

Deron a volta sen parar e comezaron a desfacer os seus pasos.

Ao viraren cara ó lugar da loita puideron ver desde a súa nova posición unha panorámica da batalla máis ampla do que percibían cando tiñan a visión borrosa polo fume que se arremuiñaba ó longo da liña de fogo. Podían ver liñas escuras ondeando polos terreos, e nun claro, unha fila de canóns que ceibaban nubes grises nas que se podían ver lóstregos de lapas laranxas. Por riba dunha morea de follaxe podían ver o tellado dunha casa. Entre as follas brillaba claramente unha ventá que reflectía un ton vermello profundo coma o sangue. Desde o edificio afastábase cara o ceo unha alta torre de fume.

Ao ollaren para as súas propias tropas, vían formas mesturadas volvendo devagar á súa formación normal. A luz do sol reflectíase en relampos escintilantes sobre o aceiro brillante. Ó fondo podíase intuír unha estrada afastada que desaparecía por riba da aba dun monte, ateigada de infantaría en retirada. A través de todo o tecido do bosque emerxía o fume e os ruxidos da batalla. O aire estaba sempre tupido cun ruído atronador.

Os proxectís revoaban e chiaban preto de onde eles estaban. Algunhas balas ocasionais zunían no aire e estrelábanse contra os troncos das árbores. Entre as árbores do bosque escapulíanse sixilosamente algúns homes feridos e outros que quedaran retrasados.

Ollando cara abaixo, cara a un corredor do bosque, o rapaz e o seu compañeiro viron como un xeneral tintinante e o seu estado maior case esmagan un home ferido que se arrastraba coas mans e os xeonllos. O xeneral turrou con forza das bridas amarradas á boca aberta e escumante do seu cabalo e guiouno con habilidade por diante do home. Este tentaba moverse cunha rapidez desesperada e dolorosamente, pero as forzas falláronlle na busca dun lugar seguro. Un dos seus brazos falloulle repentinamente e caeu esvarando sobre as costas. Quedou estricado no chan, respirando suavemente.

Un momento despois, a pequena e tintinante cabalgata chegara directamente fronte ós dous soldados. Outro oficial, que montaba coa hábil despreocupación dun vaqueiro, galopou co seu cabalo ata situarse directamente ante o xeneral. Os dous soldados a pé, cuxa presenza pasara totalmente desapercibida, fixeron o pequeno aceno de seguir camiñando pero quedaron enredando por alí, coa idea de poderen escoitar a conversa. Pensaban que se cadra, poderían dicirse alí algunhas grandes cousas internas históricas.

O xeneral, que os rapaces coñecían como o comandante da súa división, ollou para o outro oficial e falou friamente, coma se lle estivese criticando a roupa que levaba posta.

-O inimigo 'tá formándose de novo alí para outra carga -dixo-. Vaise dirixir contra a fronte de Whiter side e penso que han de atravesala a menos que loitemos coma un raio para paralos.

O outro berroulle ó seu cabalo impaciente, e logo aclarou a gorxa. Fixo un aceno leve de saúde cara a súa gorra.

-Vai ser un inferno paralos- dixo brevemente.

-Supoño -observou o xeneral. Logo comezou a falar rapidamente e nun ton máis baixo. Por veces ilustraba as súas palabras cun dedo que sinalaba distintos puntos. Os dous homes de infantaría non puideron escoitar nada ata que finalmente o xeneral preguntou:

-Que tropas che sobran?

O oficial que montaba coma un vaqueiro pensou un momento.



-A ver -dixo-, tiven que mandar a 12 para axudar á 76 e realmente non che teño ningunha. Pero está a 304. Pelexan coma un feixe de muleiros. Eses non chos quero pa' nada.

O rapaz e o seu amigo intercambiaron olladas de estupefacción.

O xeneral falou cortante.

-Preparaos, entón. Eu vou mirar como van as cousas desde aquí e mándoche unha orde cando teñas que poñelos en marcha. Será en cinco minutos.

Mentres o outro oficial dirixía os dedos contra a gorra en aceno protocolario e viraba o seu cabalo para poñerse en marcha, o xeneral berroulle cunha voz sobria:

-Non creo que moitos dos teus muleiros che veñan de volta.

O outro berrou algo en resposta. Sorría.

Con caras asustadas, o rapaz e o seu compañeiro correron de volta á liña.

Estes acontecementos ocuparan un anaco de tempo increíblemente breve, mais o rapaz sentía que aqueles momentos fixéranlo máis vello. Déranlle novos ollos. E a cousa máis sorprendente era aprender de súpeto que el era moi insignificante. O oficial falara do rexemento coma se se referise a unha vasoira. Era coma se houbera que varrer unha parte do bosque e o xeneral simplemente indicara que había que usar unha vasoira nun ton totalmente indiferente ó destino da mesma. Era a guerra, sen dúbida, pero facíasele estraño.

Mentres os dous rapaces achegábanse a liña, o lugartenente viunos e inchose de ira.

-Fleming! Wilson! Canto tempo leva ir por auga? Tanto ten, onde fostes?

Pero a súa ladaíña parou cando lles viu os ollos, abertos e cheos de grandes historias.

-Imos cargar... Imos cargar! -berraba o amigo do rapaz apurándose coas novas.

-Cargar? -dixo o lugartenente-. Cargar? A ver, meu deus! A ver, isto é loitar de verdade -por riba do seu rostro sucio había un sorriso de burla-. Cargar? A ver, meu deus!

Un pequeno grupo de soldados rodeou os dous rapaces.

-O que? En serio? A ver, que nos parta un raio! Cargar! Pa' que? Contra quen? Wilson, é mentira!

-Que me caia aquí mesmo -dixo o rapaz agudizando o seu ton de voz ata chegar a unha nota de enfadada protesta-. Tan seguro coma os disparos, xa cho digo.

E o seu amigo falou apoiándoo.

-Non minte, dígocho eu. Escoitámoslos falando.

Puideron distinguir dúas figuras montadas a unha curta distancia. Un era o coronel do rexemento e o outro era o oficial que recibira ordes do comandante da división. Estaban xesticulando entre eles. O soldado, sinalándoos, interpretou a escena.

Un home fixo un comentario final:

-Como puidesches escoitalos falar?

Pero a maioría dos homes asentían, admitindo así que anteriormente os dous amigos dixeran a verdade.

Volveron a adoptar unha actitude calma, coma se acabaran por aceptar o asunto. E pensaban no que acontecera, mostrando cen variedades de expresións. Era unha cousa importante na que matinar. Moitos apertaban os cintos coidadosamente e turraban dos pantalóns.

Máis tarde os oficias comezaron a rebulir entre os homes, empurrándoos nunha formación máis compacta e nunha mellor aliñación. Seguían os que se retrasaban e berrábanlles ós que parecían demostrar coa súa actitude que decidiran seguir nos postos anteriores. Eran coma uns pastores críticos, pelexando coas ovellas.

Ao pouco tempo, o rexemento pareceu concentrarse e coller un fondo alento. Ningún dos rostros dos homes eran espellos de grandes pensamentos. Os soldados estaban encrequenados e encurvados coma corredores diante dun sinal de saída. Moitos pares de ollos escintilantes ollaban desde as caras cotrosas cara as cortinas do bosque máis fondo. Parecían estar concentrados en profundos cálculos de tempo e distancia.

Estaban rodeados polos ruídos do monstruoso altercado entre os dous exércitos. O mundo estaba completamente interesado noutros asuntos e aparentemente, o rexemento debía gardar o seu pequeno evento para si mesmo.

O rapaz virouse e lanzoulle unha ollada rápida e inquisitiva ó seu amigo. Este devolveulle o mesmo tipo de ollada. Eran os únicos que posuían un coñecemento interno. “Muleiros... un inferno... non creo que moitos volvan”. Era un secreto irónico. Así e todo, non había dúbida nos seus rostros, e asentiron coa cabeza, nun acordo mudo e tácito, mentres un home coa cabeleira desamañada dicía ó seu carón:

-Vannos esmagar.

## Capítulo 19

O rapaz ollaba fixamente para o terreo diante del. A follaxe parecía agora encubrir poderes e horrores. Non foi consciente da maquinaria de ordes que comezaran a carga, aínda que polo rabo do ollo viu chegar ó galope un oficial, que parecía un neno a cabalo, ondeando o sombreiro. De súpeto, sentiu a tensión e unha respiración forte entre os homes. A liña abalanzouse devagar cara adiante coma un muro que se desmorona e, cun salouco afogado e convulso que pretendía ser un berro, o rexemento comezou a súa misión. O rapaz sentiuse empurrado e magoado por un momento antes de entender o movemento, pero deseguido lanzouse cara adiante e comezou a correr.

Fixou a vista nun arboredo distante e prominente onde concluíra que habían de atoparse co inimigo, e correu cara a ela coma se se dirixise cara a un obxectivo. Sempre pensara que era simplemente cuestión de enfrontarse a un asunto desagradable o antes posible, e correu desesperadamente, coma se o perseguiran por un asasinato. Tiña a cara pétrea e tensa pola presión da tarefa. Mantiña a ollada fixa cunha expresión escabrosa. E coa vestimenta sucia e descoidada, os trazos vermellos e inflamados cubertos polo trapo sucio manchado de sangue, o rifle ondeando salvaxe e os accesorios tintinando ó seu arredor, parecía un soldado desbocado.

Cando o rexemento cambiou de posición e dirixiuse cara a un claro, o bosque e os arbustos ó seu arredor espertaron. As lapas amarelas dirixíanse cara o claro desde moitas direccións. O bosque opúñase con forza.

Por un momento, a liña foi avanzando con dificultade en liña recta. Logo o flanco dereito abalanzouse cara á fronte, e á súa vez, viuse adiantado polo esquerdo. Logo a parte central avanzou cara adiante ata que o rexemento adoptou a forma dunha masa de homes en forma de cuña. Porén, un instante máis tarde a oposición dos arbustos, árbores e anacos de chan irregulares no terreo acabaron por dividir o comando e espaxérono en grupos separados.

O rapaz avanzaba inconscientemente con pés lixeiros. Os ollos seguían fixos no arboredo. Desde todas as partes podía sentirse o berro de clan do inimigo. De alí emerxían as pequenas lapas dos disparos dos rifles. No aire escoitábanse a canción das balas e os proxectís ouveaban por riba das copas das árbores. Un deles caeu no medio dun grupo que corría e estourou nunha furia carmesí. Por un instante púidose ver a imaxe dun home, case enriba del, erguendo as mans para cubrir os ollos.

Outros homes, furados polas balas, caían en grotescas agonías. O rexemento deixaba atrás de si un constante regueiro de corpos.

Entraran nunha atmosfera máis clara. Na nova aparencia da paisaxe había un aire de revelación. Aparecéronelles claramente uns homes que loitaban como tolos nunha das baterías, e as liñas da infantería inimiga definíanse polos muros e as cortinas grises de fume.

Parecíalle ó rapaz que podía velo todo. Cada folla de herba verde estaba definida e clara, e el pensaba que era consciente de cada cambio naquel vapor fino e transparente que flotaba pausadamente en capas. Os troncos pardos ou grises das árbores mostraban cada relevo da súa superficie. E os homes do rexemento, con ollos saíntes e caras suorentas, correndo coma tolos, ou caendo, coma se os lanzasen de cabeza, para seren

estraños corpos amontoados. Todo aquilo el o comprendía. A súa mente adoptara unha impresión mecánica pero firme, de forma que despois todo aquilo lle quedou gravado e foille comprensible, menos a razón pola que el estaba alí.

Pero producírase un frenesí deste furioso apuro. Os homes, abalanzándose cara adiante coma tolos, romperan en aclamacións, coma unha multitude bárbara, pero entoando estrañas notas que podían animar os aparvados e os estoicos. Aquilo provocara un entusiasmo tolo incapaz de deterse ante o granito e o bronce. Aquel era o delirio que se enfronta á desesperación e a morte, e é imprudente e cego ante os obstáculos. É unha ausencia de egoísmo efémera pero sublime. E se cadra, que así fose, puido ser a razón pola que o rapaz se preguntou máis tarde que motivos tiña el para estar alí.

Ao pouco tempo, o paso esgotador acabou coas enerxías dos homes. Coma se fose un acordo, os líderes comezaron a afrouxar a velocidade. Os ataques dirixidos contra eles tiñan un efecto que semellaba o dun vento. O rexemento refungaba e alasaba, e entre algunhas árbores impasibles comezou a fraquear e dubidar. Os homes, ollando fixamente e con decisión comezaron a esperar ata que se disipasen algúns dos muros distantes de fume para mostrarlles a escena. Posto que gran parte da súa forza e alento esvaececan, volveron á cautela. Convertéranse de novo en homes.

O rapaz tiña o vago convencemento de que correra quilómetros, e pensaba que, dalgunha maneira, agora estaba nunha terra nova e descoñecida.

No momento en que o rexemento cesou o seu avance, o abrollo de protesta da fusilería convertérase nun ruxido constante. Polo terreo formáronse longas e definidas cortinas de fume. Desde o cume dun pequeno outeiro chegaron arrotos de lapas amarelas que asolagaban o aire cun asubío inhumano.

Os homes, parados, tiveron a oportunidade de ver algúns dos seus camaradas caendo con berros e ouveos. Algúns quedaban baixo os seus pés, inmóbiles ou xemendo. E agora por un instante os homes quedaron de pé, cos rifles frouxos na man e observaban como o rexemento minguaba. Parecían pampos e estúpidos, e semellaba que aquel espectáculo os paralizara e asolagara dunha fascinación mortal. Ollaban petrificados para a paisaxe e, baixando a ollada, buscaban os rostros dos compañeiros. Era unha pausa estraña e un estraño silencio.

Entón, por riba dos sons da conmoción exterior, emerxeu o ruxido do lugartenente. Abalanzouse repentinamente alancando cara adiante, co seu rostro infantil negro de rabia.

-Veña, idiotas! -berraba-. Veña! Non podedes quedar aquí! Tedes que movervos! -dixo moitas outras cousas, pero moitas delas eran incomprensibles.

Arrancou a correr cara adiante, virando o rostro cara os homes: “Veña!”, berraba. Os homes quedaron fitando para el coa ollada en branco e cara de pampos. Viuse obrigado a parar e desfacer o camiño que fixera. Logo quedou de pé de costas ó inimigo e ceibou xuramentos increíbles contra os rostros dos homes. O seu corpo vibraba co peso e a forza das súas imprecacións. E podía enfiar xuramentos coa mesma facilidade que unha dama enfiá doas.

O amigo do rapaz espertou. Lanzándose de súpeto cara adiante e poñéndose de xeonllos, ceibou un disparo de enfado contra o bosque persistente. Esta acción espertou os homes. Xa non se movían coma ovelas. De súpeto pareceu que tomaran consciencia das súas armas e comezaron a disparar de vez. Acirrados polos oficiais, comezaron a moverse cara adiante. O rexemento, lento coma un carro tentando saír dunha pista de lama, comezou a moverse de forma desigual con moitos xemidos e renxidos. Agora os homes paraban cada poucos pasos para disparar e cargar, e desta forma movíanse devagar de árbore en árbore.

A ardente oposición fronte deles fíxose cada vez máis forte co seu avance ata que parecía que todos os camiños de avance estaban bloqueados polas finas linguas que saltaban, e por veces podía discernirse con dificultade ó lonxe á dereita unha sinistra marea de soldados. O fume que xeraran os últimos disparos formaba nubes que os confundían e facíanlle difícil ó rexemento moverse con intelixencia. Mentres cruzaba

cada unha das nubes que se arremuíñaban ó seu arredor, o rapaz preguntábase que había de presentárselle do outro lado.

O comando foi movéndose dolorosamente cara adiante ata que entre eles e as lúgubres liñas inimigas interpúxose un claro. Aquí, encrequenados e encollidos detrás dunhas árbores, os homes amarrábanse desesperados, coma se se visen ameazados por unha onda mariña. Tiñan unha ollada salvaxe, coma se estivesen sorprendidos polo furioso boureo que eles incitaran. No trebón había unha expresión irónica da súa importancia. Os rostros dos homes mostraban ademais a falta dun certo sentimento de responsabilidade por estaren alí. Era coma se alguén os guiara ata aquel lugar. Era a incapacidade animal e dominante de lembrar nos momentos supremos as potentes causas de varias calidades superficiais. Todo aquel asunto parecíalles incompreensible a moitos deles.

Ao pararen daquela forma, o lugartenente volveu ouvear profanamente de novo. Inmune ás ameazas vingadoras das balas, el seguía persuadíndoos, amoestándoos e xurando contra eles. Os seus beizos, xeralmente curvados nunha expresión infantil, estaban agora retorcidos en profanas contorsións. El xuraba por todas as deidades posibles.

Unha vez colleu o rapaz polo brazo:

-Veña, ti, pasmón! -ruxía-. Veña! Vannos matar a todos se quedamos aquí, só temos que cruzar a liña. E daquela... -o que quedaba da idea desapareceu nun refacho azul de xuramentos.

O rapaz estricou o brazo

-Cruzarmos por aí? -tiña os beizos engurrados coa dúbida e a incredulidade.

-E logo? Só temos que cruzar a súa liña! Non podemos quedar aquí! -berraba o lugartenente. Achegou o rostro contra o do rapaz e ondeou a súa man vendada-. Veña! -deseguido púxose a turrar del como se estivese nun combate de loita. Era coma se pretendese arrastrar o rapaz polas orellas ata o lugar do ataque.

O soldado sentiu unha repentina e indescribible indignación contra o seu oficial. Retorceuse con forza e liberouse del.

-Pois vaia vostede, logo! -berrou. Na súa voz había un ton de reto amargo.

Os dous corrían xuntos ó longo da fronte do rexemento. O amigo perseguiunos con dificultade. Fronte á bandeira, os tres homes comezaron a vocear: "Veña! Veña!". Bailaban e daban voltas coma salvaxes torturados.

A bandeira, obediente a estas chamadas, inclinou a súa forma escintilante e dirixiuse cara a eles. Os homes fraquearon coa indecisión un momento, e logo cun longo laio o ruinoso rexemento emerxeu cara adiante e comezou a súa nova viaxe.

A esvaradía masa de homes cruzou o campo. Era unha presada de homes zarrapicados no rostro do inimigo. Deseguido saltaron cara a eles as linguas amarelas. Diante deles revoaba unha vasta cantidade de fume azul. Un resón poderoso converteu os oídos en algo sen valor.

O rapaz correu coma un tolo para chegar ata o bosque antes de que unha bala puidese descubri-lo. Baixou a cabeza, coma un xogador de fútbol. Coa présa mantivo os ollos case pechados e toda a paisaxe converteuse en algo borroso e salvaxe. Na comisura dos beizos, a saliva latexáballe.

Mentres corría cara adiante nacera dentro de si un amor, un orgullo desesperado por esta bandeira ó seu carón. Era unha obra fermosa e invulnerable. Era unha deusa radiante, que inclinaba súa forma en imperioso xesto cara a el. Era unha muller, vermella e branca, amante e inimiga, que o chamaba coa voz das súas esperanzas. E como dela non podería emanar ningún dano, el dotábaa de poder. El mantívose cerca, coma se puidese ser unha salvadora de vidas, e un berro suplicante saíulle da mente.

Naquela salvaxe liorta decatouse de que o sarxento abandeirado estremeceuse de súpeto, coma se lle desen cunha porra. Abaneou e logo quedou teso, de non ser polos xeonllos trementes. O rapaz deu un chimpo e agarrouse á asta da bandeira. Nese momento, o seu amigo agarrouna polo outro lado. Turraron dela con forza e furia, pero o sarxento abandeirado estaba morto, e o corpo non había de renunciar ó seu posto.

Produciuse un lúgubre encontro por un momento. O home morto, abaneando encrequenado sobre as súas costas parecía estar turrando obstinadamente de forma absurda e horrible pola posesión da bandeira.

Todo pasou nun momento. Eles arrincáronlle a bandeira con furia ó home morto e mentres daban a volta, o corpo caeu cara adiante coa cabeza inclinada. Un brazo abaneou no alto e a man curvada caeu en pesada protesta sobre o ombro desconsiderado do camarada.

## Capítulo 20

Cando os dous rapaces deron a volta coa bandeira decatáronse de que gran parte do rexemento caera, e os restos abatidos que quedaran en pé retrocedían devagar. Os homes que correran coma proxeccións esgotaran as forzas ó pouco tempo e agora retirábanse lentamente cos rostros aínda virados cara ó bosque que estouraba, e cos rifles quentes aínda respondendo ós estralos. Algúns oficiais daban ordes ás voces nun ton tan agudo que semellaban ouveos.

-Onde carallo ides? -preguntaba o lugartenente nun ouveo sarcástico.

E un oficial de barba roxa, cuxa voz semellaba a sección de metais dunha orquestra e resoaba claramente, ordenaba:

-Disparádelles! Disparádelles, que lles dean!

Había un rebumbio de berros, no que ós homes lles ordenaban facer cousas opostas e imposibles.

O rapaz e o seu amigo tiveron unha pequena refrega pola bandeira.

-Dáma!

-Non, déixame quedar con ela!

Os dous sentíanse satisfeitos con que o outro a carrexase, pero cada un víase na obriga de declarar, ó ofrecerse a carrexar o emblema, a súa vontade de arriscarse. O rapaz empurrou o amigo bruscamente.

O rexemento recuou ata ás árbores impasibles. Alí quedou un momento para disparar contra as formas escuras que comezaran a seguiolos. Ó pouco tempo continuou o paso de novo, virando por detrás dos troncos das árbores. Cando o reducido rexemento chegou de novo ó primeiro claro recibiron un fogo forte e sen compaixón. Parecía que había turbas de homes por todas partes ó seu redor.

A meirande parte dos homes, desanimados, cos espíritos esgotados polo boureo, actuaban coma se estivesen atordados. Aceptaban o repenique das balas coas cabezas agachadas e cansas. Non tiña sentido loitar contra muros. Non tiña ningunha utilidade esmagarse contra o granito. E deste convencemento de que tentaran conquistar algo inconquistable pareceu abrollar o sentimento de que foran traizoados. Ollaban con expresión ameazante e o cello caído, malia que perigosamente, cara a algúns oficiais, e especialmente cara ó da barba roxa e voz de sección de metais de orquestra.

Porén, a retagarda do rexemento estaba aliñada con homes que seguían disparando irados cara ó inimigo que avanzaba. Parecían decididos a dalo todo. O novo lugartenente era, se cadra, o último dos homes neste grupo desordenado. Tiña as esquecidas costas cara ó inimigo. Disparáranlle no brazo e este penduráballe recto e ríxido. De cando en vez deixaba de lembralo e púñase a reforzar un xuramento cun xesto do brazo, e daquela, a dor multiplicada facíalle xurar cun poder increíble.

O rapaz cruzou con pés inseguros e esvaradíos. Mantiña os ollos alerta cara o que deixaba atrás. O seu rostro expresaba mortificación e rabia. Pensara nunha axeitada vinganza contra o oficial que se referira a el e ós seus compañeiros como muleiros. Pero vía que non había de pasar. Os seus soños escacharan cando os muleiros, que diminuían en número rapidamente, vacilaran e dubidaran no pequeno claro para logo recuaren. E agora a retirada dos muleiros era unha marcha vergoñenta.

Dirixiu unha ollada afiada coma unha daga desde a súa cara ennegrecida contra o inimigo, pero cravaba o seu maior odio no home quen, sen coñecelo, chamáralle muleiro.

Cando soubo que el e os seus camaradas fracasaran en lograr rematar algunha misión con éxito de forma que puidesen aguillar o oficial coas pequenas picaduras dalgún tipo de remorso, o rapaz deixouse posuír pola rabia de quen foi burlado. Pensaba que este frío oficial que sentaba sobre un monumento cuspiendo epítetos sen maior preocupación, estaría mellor morto. Tan doloroso sentía aquel feito que nunca podería posuír o dereito secreto de responderlle con chanzas.

Imaxinara letras vermellas de curiosa vinganza. “Seica SOMOS muleiros, non si?” E agora víase obrigado a tirar con elas.

Inmediatamente despois envolveu o corazón no abrigo do seu orgullo e mantivo a bandeira dereita. Arengou os compañeiros, premendo coa man que tiña libre contra os seus peitos. A aqueles que coñecía ben chamábaos con frenesí, dirixíndose a eles polo nome. Entre el e mais o lugartenente, que berraba e estaba a piques de perder o sentido coa rabia, sentíase un sutil compañeirismo e igualdade. Apoiábanse mutuamente con todo tipo de protestas roucas e estrondosas.

Pero o rexemento era unha máquina gastada. Os dous homes laretaban cara a algo sen forza. Os soldados que tiñan corazón para seguir devagar vían a súa determinación continuamente sacudida polo feito de os camaradas correren con rapidez de volta cara ás liñas. Era difícil pensar na reputación cando outros pensaban na pel. Nesta viaxe negra, deixaban atrás os homes feridos que quedaban chorando abandonados.

As cortinas de fume e lapas sempre ruxían. O rapaz, tentando enxergar unha vez a través dun oco repentino nunha nube, viu unha forma parda de tropas, entretecidas e magnificadas ata que lle pareceu contar milleiros. Unha bandeira de tons intensos lostregaba diante dos seus ollos.

Inmediatamente, coma se estivese preparado o levantamento da cortina de fume, as tropas que esta descubrira romperon nun berro áspero e centos de lapas voaron sobre a banda en retirada. Unha nube gris que daba voltas interpúxose de novo trala réplica obstinada do rexemento. O rapaz dependía de novo dos seus maltreitos oídos, que tremían e zunían coa lea de fusilería e os berros.

O camiño parecía eterno. Na confusión neboenta os homes quedaron paralizados coa idea de que o rexemento perdera o camiño e avanzaba nunha dirección perigosa. Unha vez, os homes que encabezaban a procesión salvaxe deron a volta e volveron recuando contra os camaradas, berrando que lles disparaban desde puntos que eles pensaban que estaban na dirección das propias liñas. Con estes berros, un medo histórico e consternado apoderouse das tropas. Un soldado que ata este momento fora ambicioso e convertera o rexemento nunha pequena banda o suficientemente hábil como para avanzar con calma entre as dificultades que parecían enormes caeu de súpeto no chan e enterrou o rostro entre as mans, coma se lle fixese unha reverencia a un tráxico destino. Outro soldado ceibou un lamento agudo e sonoro cheo de alusións profanas a un xeneral. Os homes corrían por aquí e alá, buscando cos ollos camiños para escapar. Con serena regularidade, coma se estivesen controladas por un horario, as balas ían golpeando nos homes.

O rapaz camiñou impasible ata o medio da multitude e coa bandeira nas mans quedou de pé coma se esperase que o empurrasen contra o chan. De maneira subconsciente adoptou a actitude do abandeirado na refrega do día anterior. Pasou polo cello unha man que tremía. O seu alento non saía libremente. Alasaba nesta breve espera pola crise.

O seu amigo achegóuselle.

-Ben, Henry, supoño que isto e un adeus.

-Ai, cala, ho, idiota! -contestoulle o rapaz sen ollar para o outro.

Os oficiais esforzábanse á maneira dos políticos en formar aquela masa nun círculo para afrontar a ameaza. O terreo era desigual e estaba esmagado. Os homes agochábanse nas depresións e tentaban encaixar detrás do que fose que puidese desviar unha bala. O

rapaz decatouse cunha vaga sorpresa de que o lugartenente estaba de pé en silencio coas pernas separadas e a espada agarrada coma se fose un bastón. O rapaz preguntábase que lles pasara ás súas cordas vogais, que xa non xuraba.

Había algo curioso nesta pequena e decidida pausa do lugartenente. Era coma un bebé, que logo de chorar todo o que tiña que chorar, levanta os ollos e se fixa nun xoguete distante. Estaba absorto nesta contemplación e o seu suave beizo inferior tremía con palabras que murmuraba para si mesmo.

Un fume ignorante e lacazán arremuiñábase devagar. Os homes escondíanse das balas e esperaban ansiosos a que levantara e lles revelase o perigo ó que se enfrontaba o rexemento.

De súpeto as liñas silenciosas víronse asediadas pola voz impaciente do lugartenente novo berrando con forza:

-Aí veñen! Xusto enriba! Meu deus! -o resto de palabras perdéronse nun ruxido de terribles tronos que ceibaban os rifles dos homes.

A ollada do rapaz dirixiuse nese instante cara a dirección indicada polo lugartenente esperto e axitado, e viu como o relampo da traizón revelaba un corpo de soldados do inimigo. Estaban tan cerca que podía verlles o rostro. Percibiu un recoñecemento mentres observaba os tipos de caras. Ademais decatouse con escuro asombro de que os seus uniformes eran de feito algo alegres, ó seren dun ton gris claro, e víanse resaltados por uns rostros de tons brillantes. Ademais as roupas parecían novas.

Aparentemente estas tropas estaban avanzando con cautela, cos rifles alerta, cando o lugartenente novo os descubriu e o seu movemento viuse interrompido polo ataque do rexemento azul. Por aquela visión, parecía que non eran conscientes da proximidade dos inimigos do traxe escuro, ou ben confundíranse na dirección. Case ó momento quedaron completamente fóra da vista do rapaz por conta do fume dos rifles enerxéticos dos seus compañeiros. Esforzou a vista para avaliar o resultado do ataque, pero a cortina de fume penduraba diante del.

Os dous corpos de tropas intercambiaron golpes na maneira dun par de boxeadores. Os disparos rápidos en resposta ían de aquí para alí. Os homes de azul loitaban decididos malia a desesperación das súas circunstancias e aproveitaban a distancia curta para poder vingarse. Os seus lóstregos resoaban altos e valentes. A fronte en formación curva escintilaba con relampos e o lugar resoaba co clamor das baquetas. O rapaz agochouse e baixou a cabeza un anaco e conseguiu obter algunhas visións borrosas do inimigo. Parecía que eran moitos e rápidos na resposta. Semellaba que se movían cara ó rexemento azul. Sentou lugubrementemente no chan coa bandeira entre as pernas.

Mentres se decataba do xenio vicioso e animal dos seus camaradas tivo o doce pensamento de que se o inimigo estaba a piques de tomar o rexemento coma se foxe unha vasoira, este polo menos podería ter o consolo de que había ser tragado coas serdas primeiro.

Pero os ataques do antagonista comezaron a facerse máis febles. Menos balas esgazaban o aire e finalmente, cando os homes reduciron os ataques para saber como ía a loita, podían ver só un escuro fume que flotaba. O rexemento quedou parado e expectante. Ó pouco tempo, o molesto neboeiro comezou a disiparse dando pesadas voltas por conta dun antollo do azar. Os homes viron un terreo sen loitadores. Sería un escenario baleiro se non fose por algúns corpos que quedaran deitados e retorcidos en formas fantásticas sobre a herba.

Ante esta visión, moitos dos homes de azul emerxeron por detrás dos seus refuxios e fixeron unha torpe danza de alegría. Os seus ollos ardían e un rouco berro de alegría abrollou nos seus beizos secos.

Comezara a parecerlles que os eventos tentaban mostrarlles que eran impotentes. Estas pequenas batallas tentaran demostrar que era evidente que os homes non podían pelexar ben. Cando estaban a piques de someterse ante estas opinións, o pequeno duelo mostráralles que as proporcións non eran imposibles, e desta maneira conseguiron a vinganza sobre os seus propios receos e sobre o inimigo.

O ímpeto do entusiasmo era seu de novo. Ollábanse os uns ós outros con orgullo renovado, sentindo nova confianza nas sucias e sempre confiadas armas que tiñan nas mans. E eran homes.

## Capítulo 21

Ao pouco tempo souberon que non había disparos que os ameazasen. Todos os camiños parecían de novo abertos para eles. Na distancia próxima puideron ver as liñas azuis e poeirentas dos seus camaradas. Ó lonxe sentíanse moitos ruidos colosais, pero en toda esta banda do campo había unha repentina inmovilidade.

Decatáronse de que eran libres. A reducida banda de homes ceibou un longo alento de alivio e xuntáronse nun grupo para completar a viaxe.

Neste ultimo tramo da viaxe os homes comezaron a mostrar estrañas emocións. Apuraban o paso cun medo nervioso. Algúns que se comportaran de forma escura e rexa nos momentos máis lúgubres agora non podían esconder unha ansiedade que os facía sentir frenéticos. Se cadra sentíanse aterrorizados co pensamento de que os matasen dunha maneira insignificante logo de pasar o tempo das auténticas mortes militares. Ou, se cadra, pensaban que sería demasiado irónico que os matasen ás portas dun lugar seguro. Con olladas perturbadas, miraban cara atrás e apuraban o paso.

Ao achegárense ás súas propias liñas enfrontáronse a un certo sarcasmo por parte dun rexemento consumido e bronceado que descansaba á sombra das árbores. As preguntas desprazáronse flotando no aire ata eles.

-Onde carallo estabades?

-Pa' que volvedes?

-E por que non quedastes alí?

-E íavos calor por alí, meu?

-Que, agora pa' casa, rapaces?

Un deles berrou e fixo un aceno de burla:

-Ai, miña nai, ven rápido e olla para estes soldadiños!

Non houbo resposta pola banda do rexemento magoado e mallado, excepto os berros dun home retándoos a unha pelexa cos puños e o oficial da barba roxa, que se achegou a eles e quedou fitando coma un espadachín para un capitán alto do outro rexemento. Pero o lugartenente fixo calar o home que quería pelexar cos puños, e o capitán alto, que arrubiara coa pequena demostración do da barba roxa, viuse obrigado a fixar a vista nunhas árbores.

O rapaz sentiu os comentarios retranqueiros como aguillóns na súa tenra carne. Por debaixo das cellas engurradas, ollaba con odio ós que se burlaban deles. Pensou en posibles vinganzas. Aínda así, moitos no rexemento baixaban as cabezas como criminais, de forma que parecía que os homes camiñaban apesarados cunha repentina gravidez, coma se carrexasen sobre os ombros encurvados o cadaleito da súa honra. E o lugartenente novo, recuperándose, comezou a murmurar suavemente escuros xuramentos.

Viráronse ó chegaren á súa antiga posición para observaren o terreo sobre o que cargaran. O rapaz quedou absorto con grande estupefacción ante esta visión. Descubriu que as distancias, comparadas coas magníficas medidas da súa mente, eran triviais e ridículas. As árbores impasibles, onde acontecera grande parte do ataque, parecían estar increíblemente preto. O tempo, agora que pensaba nel, tamén lle parecía pouco. Matinou na cantidade de emocións e eventos ateigados naqueles espazos pequenos. Os diminutos pensamentos deberon esaxeralo e agrandalo todo. Daquela pareceulle que se cadra si que había unha amarga xustiza nas palabras dos veteranos consumidos e bronceados. Tentou ocultar unha ollada de desdén cara os seus compañeiros, que estaban espaxados polo chan, atragoándose co po, roxos da suor, cos ollos neboentos, despeiteados.



Bebían a grolos das súas cantimploras, tentando espremer brutalmente ata a derradeira pinga de auga, e fregaban os rostros inchados e suorentos coas mangas das chaquetas e presadas de herba.

Porén, o rapaz atopou un considerable pracer en matinar sobre o seu propio comportamento durante o ataque. Ata ese momento tivera moi pouco tempo para poder avaliarse, polo que agora sentía unha grande satisfacción ó meditar tranquilamente sobre os seus actos. Lembraba anacos de cores que durante o estrondo graváranselle nos sentidos absortos sen el decatarse.

Mentres o rexemento quedaba deitado e acorando tralos ardentes esforzos, o oficial que lles chamara muleiros chegou galopando ó longo da liña. Perdera a gorra e a cabeleira desamañada ondeaba salvaxe e tiña o rostro escurecido pola ira e a irritación. O seu estado de ánimo podía verse máis claramente pola maneira en que guiaba o seu cabalo. Turraba e retorcia as bridas salvaxemente e parou a besta que respiraba con dificultade dun furioso tirón preto do coronel do rexemento. Explotou inmediatamente en reproches que chegaron sen obstáculos ós oídos dos homes, que deseguido se puxeron en tensión, sempre curiosos por escoitar as palabras negras que intercambiaban os oficiais.

-Cago en tal, MacChesnay, pero que circo montaches aquí! -comezou o oficial. Tentaba falar en ton baixo, pero a súa indignación facía que os homes entendesen o sentido das súas palabras-. Que lea montaches! Meu deus, home, parastes a uns trinta metros dunha vitoria case segura! Se os teus homes avanzaran trinta metros máis habiades argallar un gran ataque, pero ó parardes aí... E ademais, vaia manda de lambelamas que levas contigo!

Os homes, que escoitaban contendo a respiración, agora viraron a ollada sobre o coronel. Tiñan un interese curioso no asunto.

Viron como o coronel estricaba a súa figura e adiantaba unha man nun ademán de oratoria. Tiña un aire afectado; era coma se acusaran dun roubo a un deán. Os homes remexíanse nunha éxtase de excitación.

Pero de súpeto, a actitude do coronel cambiou e pasou de ser a dun deán á dun francés. Encolleu os ombros:

-A ver, ho, xeneral, fomos o lonxe que puidemos -dixo con calma.

-Todo o lonxe que puidestes? Ai si, meu deus! -grñiu o outro-. Pois non che foi moi lonxe, non si? -engadiu, cunha ollada de desdén frío cara o rostro do outro-. A min non me parece moi lonxe. A idea era facerdes un desvío para axudar á banda de Whitterside. E agora as vosas orellas han dicirvos o ben que o fixestes -deu a volta co seu cabalo e marchou co torso teso.

O coronel, obrigado a escoitar os estrondosos sons dun boureo no bosque á esquerda, rompeu en vagas imprecacións.

O lugartenente, que escoitara a entrevista cun aire de rabia impotente, falou de súpeto firme e impertérrito:

-Non me importa o que sexa ese tipo... Xa sexa xeneral ou o que sexa... Se di que os rapaces non pelexaron con xeito, é un verdadeiro idiota.

-Lugartenente -comezou o coronel con seriedade-, este é o meu asunto, e pídolle que...

O lugartenente fixo un xesto de obediencia.

-Moi ben, coronel, 'tá ben -dixo, e sentou cun aire de satisfacción consigo mesmo.

As novas de que o rexemento fora reprendido percorreron a liña. Durante un tempo os homes quedaron perplexos.

-Meu deus -expresaban, ollando fixamente para a forma do xeneral que esvaecía ó lonxe. Pensaban que era unha enorme equivocación.

Porén, ó pouco tempo comezaron a crer que era verdade que non valoraran os seus esforzos. O rapaz podía ver como este convencemento pesaba sobre o rexemento enteiro, ata que os homes quedaron reducidos a animais maltratados e insultados, pero aínda rebeldes.

O amigo achegouse ó rapaz cunha ollada penosa.

-E preguntome que é o que quere -dixo-. E debe pensar que fomos p'ali a xogar ás bolas! Nunca che vin un home así!

O rapaz desenvolvera unha actitude de tranquilidade filosófica naqueles momentos de irritación.

-Pois -respondeulle-, probablemente non viu nada de nada e púxose coma un tolo e decidiu que eramos un rabaño de ovellas, só porque non fixemos o que el quería que se fixese. É unha mágoa que mataran onte ó vello do avó Henderson... El había de saber que o fixemos o melloriño que puidemos e que loitamos ben. Éche a sorte que temos, meu, éche así.

-Ai, ho -contestoulle o amigo. Parecía estar profundamente ferido por unha inxustiza-. Mira que tivemos mala sorte! Non ten xeito loitar pola xente cando todo o que fas, e non importa o que, non 'tá ben feito. Teño gana de quedar atrás á próxima e deixar que carguen e ó carallo con todo.

O rapaz faloulle con calma ó camarada:

-A ver, ho, nós os dous pelexamos ben. Quería eu ver o idiota que diga que nós non o fixemos todo o ben que puidemos!

-E fixemos tal -declarou o amigo con forza.- E romperíalle o pescozo aínda que fose grande coma unha igrexa. Pero si que tes razón, porque escoitei un tipo dicir que nós fomos os que mellor loitamos do rexemento, e habíache moito debate sobre o tema. Outro tipo, claro, dixo que non e que era mentira... Que vira todo o que pasaba e nunca nos vira desde o comezo ata a fin. E moitos máis achegáronse e dixeron que era mentira... Que pelexamos coma un raio, e despacháronnos ben. Pero iso é o que non podo soportar... Esta manda de soldados vellos, que teñen esa risiña e andan coa retranca e logo este xeneral, 'tá tolo.

O rapaz exclamou con repentina exasperación:

-Está coma unhas castañas! Vólveme tolo. Desexaría que viñera pá próxima. Habiamos de ensinarlle o que... -calou porque varios homes chegaron correndo. Os seus rostros mostraban grandes novas.

-Ei, Flem, tes que oír isto! -berrou un, impaciente.

-O que? -dixo o rapaz.

-Tes que oír isto! -repetiu o outro, e preparouse para contar as súas novas, mentres os outros formaban un corro excitado-. A ver, pois, o coronel atopouse co lugartenente xusto ó noso carón... Foi a cousa mais idiota que nunca escoitei... E di: "Ehem, ehem", di. "Señor Hasbrouk!", dixo, "Por certo, quen era ese que levaba a bandeira?" dixo. Ei, Fleming, que che parece? "Quen era ese tipo que levaba a bandeira?" di, e o lugartenente, díxolle inmediatamente: "Ese éche o Fleming e é un tipo cun par", dixo, xusto inmediatamente.

-O que?

-O que dixen, "Un tipo cun par", dixo... Esas foron as súas palabras. Dixo, si. Dígovos que o dixo. Se podes contar esta historia mellor ca min, cóntaa ti. Pois ben, entón cala a boca. O lugartenente vai e di: "É un tipo cun par", e o coronel di: "Ehem, ehem, pois si que é un bo home para termos nas filas, ehem! Mantivo a bandeira na fronte, si que o vin. É un bo tipo", engadiu o coronel. "E tanto", di o lugartenente, "El e mais un tipo chamado Wilson estaban á cabeza do ataque ouveando coma indios todo o tempo", dixo, "á cabeza do ataque todo o tempo", di. "Un tipo chamado Wilson", di. Ai, Wilson, rapaz, pon iso nunha carta e mándalla á túa nai, eh? "Un tipo chamado Wilson", dixo. E o coronel vai e di: "Fixeron tal cousa? Ehem, ehem! Vaites!" dixo. "Á fronte do rexemento?" dixo. "Si señor!" dixo o lugartenente. "Vaia!", di o coronel, e di "ben, ben, ben", di, "merecen ser nomeados xenerais de división".

O rapaz e o amigo dixeron:

-O que? Mentos Thompson. Vai ó carallo! Nunca dixo iso. Ai, que mentira! Boh!

Pero a pesar destas burlas inocentes sabían que a os seus rostros arrubiaran cos pracenteiros ataques de emoción. Intercambiaron unha ollada secreta de alegría e felicitacións.

Rapidamente esqueceron moitas cousas. O pasado non mostraba imaxes de erros e decepcións. Estaban moi contentos, e os seus corazóns inzados de afecto agradecido ó coronel e ó lugartenente novo.

## Capítulo 22

Cando comezaron de novo a filtrarse as formas de tons escuros do inimigo a través do bosque o rapaz sentiu unha serena confianza. Sorriu brevemente ó ver homes encrequenarse e esconderse dos longos ouveos dos proxectís que eran lanzados en xigantes presadas por riba deles. Quedou de pé, teso e calmo observando o comezo do ataque contra unha parte da liña que formaba unha curva azul ó longo do pé dun outeiro próximo. Como a súa visión non estaba perturbada polo fume dos rifles dos seus camaradas, puido ver partes da dura pelexa. Era un alivio decatarse, por fin, de onde viñan algúns dos ruídos que ruxían nos seus oídos.

A pouca distancia viu dous rexementos loitando nunha pequena batalla paralela con outros dous rexementos inimigos. Era nun claro, e parecía que estaban aparte. Disparaban coma se fose unha aposta, dando e levando tremendos golpes. Os disparos eran incrivelmente intensos e rápidos. Parecía que estes rexementos decididos eran alleos a calquera maior propósito da guerra, e mallaban o un no outro coma se fose un partido equilibrado.

Noutra dirección viu unha brigada imponente que marchaba coa evidente intención de sacar o inimigo dun bosque. Perdéronse de vista e ó pouco tempo sentiuse no bosque un boureo que inspiraba admiración. O ruído era indescribible. Logo de provocar este prodixioso estrondo e, aparentemente considerándoo demasiado prodixioso, a brigada xurdiu de novo, logo dun anaco de tempo, airosa e coa correcta formación intacta. Non había indicios de rapidez nos seus movementos. A brigada estaba alegre e parecía que lle mostraban un orgulloso dedo polgar ó bosque ouveante.

Nunha encosta á esquerda había unha longa ringleira de canóns roucos e tolos anunciando o inimigo que, máis abaixo entre o bosque, estaba formándose para outro ataque na desapiadada monotonía de conflitos. Os disparos vermellos e rotundos dos canóns provocaban un relustro carmesí e un fume alto e espeso. Ocasionalmente podían verse grupos de esforzada artillería. Ó fondo desta fileira de canóns había unha casa, calma e branca, entre os proxectís que rebentaban. Unha congregación de cabalos atados a unha longa varanda turraban das bridas con frenesí. Os homes corrían de aquí para alá.

A batalla paralela dos catro rexementos durou bastante tempo. Non había interferencias, e estableceran a súa disputa entre eles. Pelexaron salvaxe e poderosamente os uns contra os outros durante uns minutos e logo, os rexementos de tons claros vacilaron e retiráronse, deixando as liñas azul escuro berrando. O rapaz podía ver as dúas bandeiras sacudíndose coa risa entre os restos de fume.

Ao pouco tempo houbo un silencio grávido de significado. As liñas azuis movéronse e cambiaron un pouco e ollaban expectantes para o bosque e o campo calado ante elas. O silencio era solemne e eclesiástico, de non ser por unha batería distante que, evidentemente incapaz de quedar parada, seguía a resoar cun feble ruxido sobre o terreo. Era irritante, coma os ruídos de nenos salvaxes. Os homes imaxinaban que aquel boureo había de impedirilles ás súas dispostas orellas escoitar as primeiras palabras da nova batalla.

De súpeto, os canóns na aba do outeiro ruxiron cunha mensaxe de alarma. No bosque comezara a sentirse un son crepitante. Foi facéndose máis intenso con asombrosa rapidez ata converterse nun profundo clamor que envolveu a terra de ruídos. Os golpes estrondosos percorreron as liñas ata que comezou un ruxido interminable. Para os que estaban no medio, converteuse un estrondo universal. Era o movemento e pisadas dunha maquinaria enorme, unha colisión entre as estrelas máis pequenas. As orellas do rapaz estaban cheas. Eran incapaces de escoitar nada máis.

Nunha inclinación na que se dobraba a estrada, viu os movementos salvaxes e desesperados dos homes perpetuamente cara atrás e adiante en abrollos bélicos. Estas partes dos exércitos opostos eran dúas longas ondas que batían unhas contra outras como tolas en puntos específicos. Ondeaban cara adiante e atrás. Por veces, unha banda proclamaba un golpe decisivo con berros e ouveos, pero inmediatamente despois a outra banda era todo berros e ouveos. Unha vez o rapaz viu un relampo de formas claras avanzar con paso de sabuxo cara ás liñas azuis ondeantes. Houbo un grande estrondo e ó pouco tempo marcharon cunha presada de prisioneiros entre os dentes. De novo viu unha onda azul romper cunha forza estrondosa tal sobre un obstáculo gris que pareceu varrelo da terra sen deixar atrás de si nada máis que terra apisoada. E sempre, naqueles movementos rápidos e asasinados cara adiante e atrás, os homes berraban e ouveaban coma maníacos.

Pelexaban por anacos de valados ou posicións seguras detrás de arboredos, coma se fosen troncos de ouro ou colchóns de perlas. Había ataques desesperados naqueles lugares escollidos a cada momento e a maioría deles intercambiábanse coma xoguete entre as forzas en guerra. A vulgar polas bandeiras da batalla, que voaban como espuma carmesí en moitas direccións, o rapaz non podía dicir que cor de tea estaba gañando.

O seu rexemento escuálido correu cara adiante coa mesma intensidade cando foi a súa quenda. Cando se viron de novo asaltados polas balas, os homes ceibaron un berro salvaxe de rabia e dor. Agochaban as cabezas apuntando con resolto odio detrás dos percutores levantados das súas armas. As baquetas resoaban con furia mentres os seus brazos impacientes premían os cartuchos contra o fondo dos canóns dos rifles. A fronte do rexemento era un muro de fume penetrado por puntos rechamantes de amarelo e vermello.

Envorcallándose na loita, acabaron luxados nun espazo de tempo sorprendentemente curto. Superaban en lama e sucidade a calquera das loitas anteriores. Movíanse adiante e atrás con tenso esforzo, farfallando todo o tempo, cos corpos abaneantes, caras negras e ollos brillantes, coma demiños feos e estraños bailando pesadamente entre o fume.

O lugartenente que volvía dunha volta na busca dunha venda, sacou dun receptáculo escondido da súa mente novos e portentosos xuramentos axeitados á emerxencia. Batía cun látego de xuramentos nos lombos dos seus homes, e era evidente que os seus esforzos anteriores non esgotaran de ningunha maneira os seus recursos.

O rapaz, que aínda era o abandeirado coas cores, non sentía a súa inactividade. Estaba profundamente absorto como espectador. O boureo e movemento do gran drama fíxoo inclinarse cara adiante, cos ollos fíxos e a cara tensa en pequenas contorsións. Por veces murmuraba palabras que emanaban del inconscientemente en forma de grotescas exclamacións. Estaba tan absorto que non sabía que respiraba ou que a bandeira penduraba en silencio sobre el.

Unha imponente liña inimiga achegouse ata unha distancia perigosa. Podían velos claramente; homes altos e mirrados, co rostro excitado e alancando cara a un valado.

Á vista deste perigo os homes abandonaron de vez os seus monótonos xuramentos. Houbo un instante de silencio tenso antes de cargaren os rifles e dispararen unha enérxica descarga contra o inimigo. Non houbera orde, os homes, ó recoñecer a ameaza ceibaron inmediatamente o seu arsenal de balas sen agardar pola voz de mando.

Pero o inimigo gañou rapidamente a protección da liña do valado. Esvararon por detrás del con excepcional celeridade e desde esta posición comezaron habilmente a cortar rebandas de homes azuis.

Estes últimos xuntaron as súas enerxías para unha gran loita. Moitas veces, brillaban as dentaduras de brancos dentes apertados nas caras escuras. Moitas cabezas aparecían aquí e alá, flotando sobre un mar pálido de fume. Os que estaban detrás do valado as veces berraban e ouveaban con alaridos de burla e mofa, pero o rexemento mantiña un silencio tenso. Se cadra, neste novo asalto os homes lembraron que lles chamaran lambelamas, o que facía a súa situación tres veces máis amarga. Quedaran sen alento do

decididos que estaban por manterse no seu terreo e afastar o corpo xubiloso do inimigo. Loitaron rapidamente e cunha desesperación salvaxe que se percibía nos seus rostros. O rapaz decidira non moverse pasara o que pasase. Algunhas frechas de desprezo que se lle enterraran no corazón crearan un odio estraño e indescritible. Para el estaba claro que había de conseguir a vinganza final e absoluta cando o seu corpo morto ficara deitado, esgazado e esmagado no chan. Isto había de ser unha conmovedora vinganza sobre o oficial que os chamara muleiros e logo lambelamas, pois en todos os pensamentos salvaxes da súa mente na busca dun responsable dos seus sufrimentos e conmocións sempre pensaba no home que o cualificara equivocadamente. E era súa a idea, vagamente formulada, de que o seu cadáver había de ser para aqueles ollos un reproche grande e salgado.

O rexemento sangraba esaxeradamente. Comezaron a pingar grupos de azul que xemían. Ó sarxento ordenanza do rexemento do rapaz disparáranlle entre as meixelas. Co soporte ferido, a mandíbula caíalle aberta, mostrando na cavidade da súa boca unha masa pulsante de sangue e dentes. E con todo, tentaba berrar. E na súa tarefa había unha terrorífica seriedade, coma se pensase que ó berrar había de recuperarse.

Ao pouco tempo, o rapaz viuno dirixíndose á retagarda. Parecía que seguía contando coas súas forzas, pois corría rapidamente, lanzando olladas salvaxes de axuda.

Outros caeron ós pés dos compañeiros. Algúns dos feridos arrastrábanse afastándose lonxe da liorta, pero moitos quedaban inmóbiles, os corpos retorcidos en formas imposibles.

Unha vez, o rapaz buscou o seu amigo. Viu un home novo e vehemente, cuberto de pólvora e desamañado, e soubo que era el. Ademais, o lugartenente, estaba ileso na súa posición no fondo. Seguía xurando, pero agora o facía co ton dun home usando a súa última caixa de xuramentos.

E era porque o lume do rexemento comezara a diminuír e pingar. A voz robusta que saíra estrañamente das delgadas filas, facíase rapidamente cada vez máis feble.

## Capítulo 23

O coronel chegou correndo desde o fondo da liña. Seguían outros oficiais.

-Temos que cargar -berraban-. Temos que cargar -ouveaban con voces resentidas, coma se anticipasen unha rebelión contra este plan por parte dos homes.

O rapaz, ó escoitar os berros, comezou a estudar a distancia entre el e o inimigo. Fixo uns vagos cálculos. Concluíu que para seren soldados firmes debían ir cara adiante. Quedaren no lugar no que estaban sería a morte e naquelas circunstancias iren cara atrás exaltaría a moitos dos outros. A súa esperanza era empurrar os molestos inimigos lonxe do valado.

Esperaba que habería que dirixir os compañeiros que estaban entalados e cansos cara a este asalto, pero mentres viraba cara a eles decatouse cunha certa sorpresa de que asentían de maneira rápida e incondicional. Produciuse unha obertura sinistra e estridente ó ataque cando os paus das baionetas resoaron contra os canóns dos rifles. Ó berro da voz de mando os soldados saltaron cara adiante con longos saltos de impaciencia. Había unha forza nova e inesperada no movemento do rexemento. Un recoñecemento da súa esvaecida e cansa condición fixo que a carga parecese un paroxismo, un exhibición da forza que precede ó feble final. Os homes corrían cunha presa enfebrecida e desbocada, coma se debesen acadar un repentino éxito antes de que un fluído excitante os abandonase. Era unha carreira cega e desesperada de homes vestidos dun azul poirento e esgazado, sobre un céspede verde e baixo un ceo azul zafiro cara a un valado vagamente perfilado entre o fume, detrás do cal repenicaban os furibundos rifles do inimigo.

O rapaz manteve bandeira brillante á fronte. Facía círculos furiosos co brazo que tiña libre mentres berraba tolos chamamentos e reclamos, apurando a aqueles que non precisaban que os apurasen, pois parecía que a multitude de homes de azul correndo

cara ó perigoso grupo de rifles volveran virar salvaxes de súpeto cun xeneroso entusiasmo. Parecía que os moitos disparos que dirixían contra eles só conseguiran aumentar o número de corpos espaxados pola herba entre a súa anterior posición e o valado. Pero estaban nun estado de frenesí, se cadra polas esquecidas vaidades, e fixeron una exhibición de sublime temeridade. Non había preguntas obvias, non había figuras, non había diagramas. Aparentemente non había fisuras que considerar. Parecía que as rápidas ás dos seus desexos escacharan contra as portas de ferro do imposible.

El mesmo sentía o espírito atrevido dun salvaxe cegado pola relixión. Era capaz de profundos sacrificios, unha morte tremenda. Non tiña tempo para divagacións, pero sabía que pensaba das balas que só eran cousas que podían impedirle chegar ó lugar da súa tarefa. Sentía sutís lóstregos de alegría que reflectían os seus pensamentos.

Estricou toda a súa forza. Tiña unha visión tremenda e confusa pola tensión dos pensamentos e os músculos. Non vía nada de non ser a néboa de fume aguillada polos pequenos coitelos de lume, pero sabía que dentro dela estaba o vello valado dun granxeiro esvaecido que protexía os corpos acubillados dos homes grises.

Mentres corría relampoulle na mente o pensamento do impacto do contacto. Esperaba un gran golpe cando os dous corpos das tropas chocasen. Isto converteuse en parte da súa tolemia salvaxe de batalla. Podía sentir o movemento cara adiante do rexemento ó seu arredor e pensaba nun golpe estrondoso e demoledor que había de prostrar a resistencia e había de espallar a consternación e o asombro en quilómetros. O exército voador había de ter un efecto de catapulta. Con este soño corría máis rápido entre os seus camaradas, que ceibaban berros roucos e frenéticos.

Pero ó pouco tempo puido ver que moitos dos homes de gris non intentaban aguantar o golpe. O fume, dando voltas, mostraba homes que escapaban, aínda ollando cara atrás. Estes convertéronse nunha multitude en decidida retirada. Os individuos daban a volta de cando en vez para mandarlle unha bala á onda azul.

Pero nunha parte da liña había un grupo escuro e forte que non se movía. Estaban situados firmemente detrás de postes e valos. Unha bandeira ondeante e salvaxe removíase por riba deles e os seus rifles estouraban salvaxemente.

O remuíño azul de homes achegouse moito, ata que pareceu que de verdade habería unha loita próxima e terrible. Había un desdén expreso na oposición do pequeno grupo, que cambiaba o significado dos berros dos homes de azul. Convertéronse en berros de ira dirixida e persoal. Os ouveos dos dous grupos convertéranse agora nun intercambio de insultos cáusticos.

Os de azul mostraban os dentes e os seus ollos brillaban todos brancos. Lanzábanse eles mesmos cara ás gorxas dos que quedaban na resistencia. O espazo entre eles minguou ata unha distancia insignificante.

O rapaz centrara a ollada da súa alma sobre a outra bandeira. A súa posesión sería un gran orgullo. Expresaría loitas sanguentas, golpes case certos. Tiña un enorme odio por aqueles que causaban tales dificultades e complicacións. Por conta deles era un ansiado tesouro da mitoloxía, pendurado entre tarefas e enxeños perigosos.

Lanzouse coma un cabalo tolo cara a ela. Estaba decidido a que non escapase se mesmo eran precisos salvaxes golpes e ameazas de golpes para collela. O seu propio emblema, tremendo e aceso, ondeaba cara ó outro. Parecía que pronto habería un encontro de estraños picos e poutas, coma se fosen aguias.

O corpo arremuíñado dos homes azuis detívose repentinamente a unha distancia curta e desastrosa e mandou un golpe rápido cun ruxido. O grupo gris dividiuse e rompeuse por este lume. Pero o seu corpo furado seguía loitando. Os homes azuis berraron de novo e abalanzáronse sobre eles.

O rapaz viu mentres daba os seus saltos, coma se fose a través dunha néboa, a imaxe de catro ou cinco homes estricados sobre o chan ou remexéndose sobre os xeonllos coas cabezas caídas coma se fosen golpeados por raios do ceo. Entre eles abaneaba o abandeirado rival, e o rapaz viu abatido mortalmente polas balas do último monumental ataque. Decatouse de que este home estaba loitando na súa última loita, a

loita de quen anda coas pernas collidas polos demos. Era unha batalla espantosa. Na súa cara podía verse a palidez da morte, pero nela estaban as liñas escuras dun obxectivo desesperado. Con este terrible aceno de resolución abrazou a súa preciosa bandeira contra el e tropezaba e arrastrábase coa intención de seguir o camiño que o levase a un lugar seguro para ela.

Pero as súas feridas facíanlle pensar permanentemente que os seus pés quedaban atrás, atrapados, e loitaba nunha lúgubre pelexa contra pantasma invisibles que se agarraban con cobiza ós seus membros. Os que estaban na fronte dos homes azuis que corrían, saltaron o valo ouveando expresións de xúbilo. A desesperación da derrota agromou nos ollos do abandeirado cando ollou para eles.

O amigo do rapaz chegou ata o obstáculo e cun torpe salto lanzouse á bandeira coma se fose unha pantera e a súa presa. Turrou dela e, liberándoa, ondeou o seu brillo vermello cun berro tolo de exultación mesmo mentres o abandeirado, acorando, caía cun berro final e cunha convulsión quedou teso e virou o rostro morto contra o chan. Había moito sangue nas follas da herba.

No lugar do éxito comezou un clamor de berros salvaxe. Os homes xesticulaban e bramaban en éxtase. Cando falaban era coma se pensasen que quen os escoitaba estivese a un quilómetro, e non deixaban de lanzar ó aire os sombreiros e gorras que lles quedaban.

Nunha parte da liña apresaran a catro homes e agora sentábanse como prisioneiros. Algúns homes azuis rodeábanos nun círculo ansioso. Os soldados atraparan paxaros estraños, e estaban analizándoos. O aire carrexaba un refacho de preguntas.

Un dos prisioneiros coidaba dunha ferida superficial nun pé. Aloumiñábao coma se fose un bebé, pero ollaba cara arriba a miúdo para mandar xuramentos cun asombroso descaro no fociño dos seus cativadores. El consignábaos a rexións vermellas, apelando á ira pestilente de deuses estraños. E con todo, descoñecía singularmente os puntos máis finos da conduta dos prisioneiros de guerra. Era coma se un torpe zoupón lle pisara o dedo do pé e considerara que era o seu deber, a súa tarefa, utilizar fondos e rancorosos xuramentos.

Outro, que polos anos que tiña aínda era neno, entendía a súa perigosa situación con gran tranquilidade e aparente bo carácter. Conversaba cos homes de azul, estudando as súas caras cos seus ollos brillantes e entusiastas. Falaban de batallas e condicións. Todas as caras mostraban un interese agudo durante este intercambio de puntos de vista. Proporcionáballes unha gran satisfacción escoitar voces que proviñan de onde todo fora escuridade e especulación.

O terceiro cativo sentou cunha expresión taciturna. Mantivo unha actitude estoica e fría. A todas as preguntas só daba unha resposta sen variación: “Vai ó carallo!”

O último dos cativos estaba sempre en silencio e, na meirande parte do tempo, mantiña a cara virada na dirección en que non o molestasen. Ó rapaz parecíalle que estaba nun estado de absoluto desánimo. Estaba avergoñado e ademais sentía o profundo arrepentimento de, se cadra, non poder contarse nas filas dos seus compañeiros. O rapaz non podía detectar ningunha expresión que lle permitise pensar que o outro estivese a pensar no seu estreito futuro, os imaxinados calabozos, se cadra, a fame e as brutalidades a mercede da imaxinación. Todo o que se vía era vergoña pola catividade e pena pola perda do dereito a loitar.

Logo de celebraren a vitoria a xeito, os homes sentaron detrás do vello valado, do lado contrario ó do que os seus inimigos foran arredados. Algúns disparaban sen sentido a obxectivos distantes.

A herba estaba alta. O rapaz acubillouse nela e descansou, facendo que un conveniente pau do valado aguantase a bandeira. O seu amigo, xubiloso e glorificado, amarrado ó seu tesouro con vaidade, achegóuselle. Sentáronse un ó lado do outro e felicítáronse mutuamente.

Os ruxidos que se estricaran nunha longa liña de son a través da cara do bosque comezaron a facerse máis intermitentes e febles. Os discursos estentóreos da artillería continuaban nalgún encontro distante, pero o estrondo da mosquetería case cesara. O rapaz e o seu amigo ollaron de súpeto cara arriba ó sentiren unha amortecida caste de angustia coa desaparición de tales rúidos, pois convertéranse nunha parte da vida. Podían ver cambios entre as tropas. Había marchas por este e aquel camiño. Unha batería púñase en marcha devagar. No cumio dun pequeno outeiro viron o relampo de moitos mosquetes que se afastaban.

O rapaz levantouse.

-Ben, e agora que, eh? -dixo. Polo seu ton parecía prepararse para padecer algunha nova monstrosidade en forma de estrondos e esmagamentos. Proxectou unha sombra sobre os ollos coa man sucia e ollou cara o campo.

O seu amigo tamén se puxo en pé e ollou.

-Apóstоче que imos saír de aquí e volver p'o río - dixo.

-Home, por min váleme! -dixo o rapaz.

Quedaron esperando, observadores. Logo dun anaco o rexemento recibiu ordes de desfacer os seus pasos. Os homes levantáronse xemendo da herba, lamentándose do pouco descanso. Movían as pernas entumecidas e estricaban os brazos sobre a cabeza. Un home xuraba mentres fregaba os ollos. Todos eles gruñían “Meu deus”. Tiñan tantas obxeccións a este cambio como terían ante a proposta dunha nova batalla.

Camiñaron devagar de volta ó campo a través do cal correran nunha tola carreira.

O rexemento camiñou ata xuntarse cos seus compañeiros. A brigada reformada, en columna, dirixíase a través do bosque cara á estrada. Inmediatamente pasaron a formar parte dunha vaga de tropas cubertas de po, e camiñaban penosamente en paralelo ás liñas inimigas, segundo foran definidas de novo pola loita previa.

Pasaron preto dunha casa branca impasible, e viron fronte a ela grupos dos seus camaradas deitados á espera detrás dun bo parapeto. Unha fila de canóns disparábanlle a un distante inimigo. Os proxectís que lanzaban en resposta levantaban nubes de po e estelas. Homes a cabalo galopaban ó longo da liña de trincheiras.

Neste punto da camiñada a división virou unha curva, afastouse do campo e foi serpeando na dirección do río. Cando o significado deste movemento se imprimiu no rapaz, deu a volta e ollou por riba do seu ombro cara ó chan pisado e cuberto de lixo. Respirou cun alento de nova satisfacción. Finalmente deulle co cóbado ó amigo.

-Ben, rematou -díxolle.

O seu amigo ollou cara atrás.

-Por tódolos santos, parece que si -asentiu. Quedaron calados e meditativos.

Por un momento o rapaz viuse obrigado a pensar dunha forma confusa e incerta. A súa mente viuse sometida a un cambio sutil. Levoulle un tempo poder abandonar as súas maneiras bélicas e volver á súa previa liña de pensamento. Gradualmente o seu cerebro emerxeu das espesas nubes e por fin foi capaz de entenderse a si mesmo e ás circunstancias máis axeitadamente.

Entón entendeu que a existencia do ataque e contraataque pertencía ó pasado. Estivera nunha terra de axitacións estrañas e chionas e volvera. Fora onde había vermello do sangue e negro de paixón, e escapara. Os seu primeiros pensamentos foron para recrearse neste feito.

Máis tarde comezou a estudar as súas fazañas, os seus fracasos e os seus achados. Logo, ó verse fóra das escenas onde moitas das súas habituais máquinas de reflexión estiveran inutilizadas, onde actuara coma unha ovella, esforzouse por reunir todos os seus actos.

Por fin camiñaban diante del claramente. Desde este actual punto de vista, podía ollar para eles coma un espectador e criticalos con algo de corrección, xa que a súa nova condición xa derrotara algunhas paixóns.

Ao ollar a súa procesión de memorias, sentíase alegre e sen arrependimentos, pois nela as súas fazañas públicas desfilaban cunha grande e rechamante prominencia. Esas



actuacións que foran presenciadas polos seus compañeiros camiñaban agora revestidas de púrpura e ouro e tiñan reflexos. Marchaban alegres coa música. Era un pracer ollar para elas. Pasou deliciosos minutos ollando para as imaxes douradas da memoria.

Viu que fora bo. Lembraba con emoción pracenteira os comentarios de respecto dos seus compañeiros sobre a súa conduta.

Porén, a pantasma da súa fuxida da primeira batalla aparecéuselle e bailaba. Escoitaba pequenos berros no seu cerebro sobre estes asuntos. Por un momento arrubiou e a luz da súa alma tremeu con vergoña.

Achegóuselle un espectro de reproche. Alí levantábase a memoria firme do soldado esfarrapado... o que, atravesado polas balas e feble pola perda de sangue, se preocupara pola ferida imaxinaria do outro; o que lle prestara a súa última forza e intelecto ó soldado alto; o que cego de cansazo e dor, fora abandonado no campo.

Por un instante sentiu unha horrible suor fría ó pensar que poderían sabelo. Mentres seguía pensando nesta visión, ceibou un berro de aguda irritación e agonía.

O seu amigo virouse cara a el:

-Que tes, Henry? -preguntou.

A resposta do rapaz foi un abrollido de xuramentos carmesí.

Mentres camiñaba ó longo da pequena estrada baixo as pólas das árbores e entre os seus amigos faladores, esta visión de crueldade asolagábase. Penduraba permanentemente preto del e escurecía a visión das fazañas en púrpura e dourado. Fora cal fose o camiño que tomasen os seus pensamentos, a pantasma sombría da deserción seguíaos. Ollaba furtivamente para os seus compañeiros, convencido de que debían distinguir na súa cara evidencias desta persecución. Pero eles camiñaban de forma desamañada, discutindo con linguas rápidas as habilidades da última batalla.

-Ai, se viñera un tipo e me preguntase, diría que nos deron unha boa malleira.

-Unha malleira... Polo carallo! Non nos deron malleira, fillo. Imos ir por aquí un anaco, damos a volta e aparecémoslles por detrás.

-Ai, cala xa co de que lles aparecemos por detrás. Eu xa vin todo o que quería. Non me veñas co de aparecerlles por detrás.

-O Bill Smithers di que el preferiría 'tar en cen batallas que 'tar nese inferno de hospital. Di que lles dispararon de noite e caeron proxectís no medio deles alí no hospital. Di que nunca escoitara un ouveo semellante.

-Hasbrouk? Éche o mellor oficial neste rexemento. Éche como unha balea.

-Non che dixen que lles aparecemos pola retagarda? Non che dixen tal? Nós...

-Ai, calala boca!

Por un momento, a lembranza que o perseguía do soldado esfarrapado sacoulle toda a emoción das veas ó rapaz. Visualizaba o seu erro vívido e tiña medo de que se lle aparecese toda a vida. Non participaba na conversa dos seus camaradas, nin ollaba para eles ou os coñecía, de non ser ó sentir a repentina sospeita de que eles vían os seus pensamentos e analizaban cada detalle da escena co soldado esfarrapado.

Porén, gradualmente foi quen de xuntar forzas para afastar o pecado. E por fin os seus ollos parecían abrirse a algúns novos camiños. Decatouse de que podía ollar atrás cara ó bronce e a pomposidade dos seus anteriores evanxeos e ver como foran realmente. Encheuse de alegría ó decatarse de que os desprezaba.

Con esta convicción chegou a un punto de seguridade. Sentiu unha humanidade tranquila, non autoritaria pero de sangue robusto e forte. Sabía que non había de ter máis medo ante a súa guía onde fose que o levase. El fora a tocar a gran morte e descubriu que despois de todo non era outra cousa que a gran morte. El era un home.

Aconteceu, pois, que mentres camiñaba con dificultade afastándose do lugar de sangue e ira a súa alma cambiou. Procedía de quentes rellas de arado e pasaba a ter a posibilidade dunha tranquilidade de trevos, e semellaba que os quentes arames de arado xa non existían. As cicatrices esvaecían como flores.

Chovía. A procesión de soldados cansos converteuse nunha fileira desamañada, abatida e murmurante que se movía cun esforzo axitado nunha charqueira de parda lama líquida

baixo un ceo baixo e horrible. Aínda así o rapaz sorría porque vía que o mundo era un mundo para el, aínda que moitos descubriran que estaba feito de xuramentos e caxatos. El desfixérase da enfermidade vermella da batalla. O sufocante pesadelo quedaba no pasado. El fora un animal con ampolas e suorento na calor e a dor da guerra. Agora virábase coa sede dun amante cara a imaxes de ceos tranquilos, mornas brañas, regatos frescos unha existencia de suave e eterna paz.

Sobre o río, unha raiola dourada de sol abriuse paso entre exércitos de grávidas nubes de chuvia.

FIN